



BOLETÍN OFICIAL DO PARLAMENTO DE GALICIA

XI lexislatura
Número 198
15 de setembro de 2021

Fascículo 1



SUMARIO

1. Procedementos parlamentarios

1.1. Procedementos de natureza normativa

1.1.2. Propostas de normas

1.1.2.1. Proxectos e proposicións de lei

1.1.2.1.2. Proposicións de lei

Acordo da Mesa do Parlamento, do 13 de setembro de 2021, polo que se amplía o prazo de presentación de emendas ao articulado á Proposición de lei de reforma da Lei 11/2007, do 27 de xullo, galega para a prevención e o tratamento integral da violencia de xénero (doc. núm. 16419, 11/PPL-000007)

[75536](#)

Resolución da Presidencia, do 14 de setembro de 2021, pola que se amplía o prazo de presentación de emendas ao articulado á Proposición de lei de reforma da Lei 11/2007, do 27 de xullo, galega para a prevención e o tratamento integral da violencia de xénero [(11/PPL-000007) (doc. núm. 16419)]

[75536](#)

1.3. Procedementos de control e impulso

1.3.6. Proposicións non de lei

1.3.6.1. Proposicións non de lei en Pleno

1.3.6.1.1. Proposicións presentadas

Admisión a trámite polo procedemento de urxencia e publicación

21334 (11/PNP-001943)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Pontón Mondelo, Ana e 18 máis

Sobre a necesidade de tratar os solos calcinados polo lume en Ribas de Sil, Quiroga e Pobra do Broilón para evitar o arrastre da capa de cinza cara aos leitos dos ríos Lor e Sil

[75548](#)

Admisión a trámite e publicación

20969 (11/PNP-001910)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Rodríguez Dacosta, María del Carmen e 3 máis

Sobre as actuacións que debe realizar a Xunta de Galicia para cuantificar os danos e realizar o pagamento das axudas económicas ás persoas viticultoras afectadas polas tormentas que asolaron a provincia de Ourense

[75554](#)

21008 (11/PNP-001912)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Díaz Varela, Noa Susana e Torrado Quintela, Julio

Sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego en relación coas listaxes de agarda no Complexo Hospitalario Universitario de Santiago de Compostela

[75557](#)



I 21035 (11/PNP-001914)**Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego****Presas Bergantiños, Noa e 3 máis**

Sobre o compromiso de creación dunha comisión de estudo para abordar unha proposta de reforma do sistema de financiamento [75560](#)

I 21053 (11/PNP-001916)**Grupo Parlamentario Popular de Galicia****Egerique Mosquera, Teresa e 6 máis**

Sobre as actuacións que debe levar a cabo a Xunta de Galicia respecto da posta en marcha dunha programación cultural que celebre a figura de Laxeiro coincidindo co Día das Artes Galegas 2022 [75564](#)

I 21055 (11/PNP-001917)**Grupo Parlamentario Popular de Galicia****Calvo Pouso, Diego e 7 máis**

Sobre a demanda por parte da Xunta de Galicia ao Goberno de España do restablecemento de todos os servizos e frecuencias que ofrecía o transporte ferroviario antes da crise da covid-19 [75567](#)

I 21057 (11/PNP-001918)**Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego****Tabarés Pérez-Piñeiro, Iago e 3 máis**

Sobre as actuacións que debe levar a cabo a Xunta de Galicia para proceder á reparación e ao mantemento estrutural nas vivendas de promoción pública no barrio de Covadonga, en Ourense [75570](#)

I 21065 (11/PNP-001919)**Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia****Gallego Sanromán, María Leticia e 2 máis**

Sobre as actuacións que debe levar a cabo a Xunta de Galicia para garantir a asistencia sanitaria na atención primaria do Centro de Saúde de Redondela [75573](#)

I 21075 (11/PNP-001920)**Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia****Díaz Varela, Noa Susana e Francisco Rivera, Juan Carlos**

Sobre as actuacións que debe levar a cabo a Xunta de Galicia respecto da colaboración co Concello de Negreira para a construción dun módulo de atletismo [75576](#)

I 21088 (11/PNP-001921)**Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego****Presas Bergantiños, Noa e 2 máis**

Sobre as actuacións que debe levar a cabo a Xunta de Galicia respecto da negociación co Goberno central dun marco para Galicia no tocante ao mecanismo de recuperación e resiliencia e os fondos Next Generation [75578](#)

I 21094 (11/PNP-001922)**Grupo Parlamentario Popular de Galicia****Puy Fraga, Pedro e 6 máis**

Sobre a demanda por parte da Xunta de Galicia ao Goberno de España da elaboración dun estudo da situación do mercado financeiro desde o punto de vista da concentración bancaria e a posta en marcha dun plan estatal contra a exclusión financeira [75583](#)

I 21107 (11/PNP-001923)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Ortega Otero, Marina e Torrado Quintela, Julio

Sobre as actuacións que debe levar a cabo a Xunta de Galicia para corrixir as limitacións nos servizos do Hospital Comarcal do Barco de Valdeorras e da unidade de coidados intensivos móbil [75587](#)

I 21116 (11/PNP-001924)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

González Albert, María e 2 máis

Sobre as actuacións que se deben levar a cabo para establecer un servizo de prevención e defensa contra os incendios forestais único e directamente dependente da Xunta de Galicia [75590](#)

I 21153 (11/PNP-001925)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Bará Torres, Xosé Luís e 2 máis

Sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego respecto do persoal sanitario e dos servizos que presta o Centro de Saúde de Pontearreas [75594](#)

I 21172 (11/PNP-001926)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Rodríguez Dacosta, María del Carmen e 3 máis

Sobre as actuacións que debe levar a cabo a Xunta de Galicia para proceder á limpeza das faixas de xestión de biomasa e incrementar os investimentos en prevención de incendios forestais [75598](#)

I 21192 (11/PNP-001927)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Rodríguez Rumbo, Matilde Begoña e Álvarez Martínez, Luis Manuel

Sobre as actuacións que debe levar a cabo a Xunta de Galicia para evitar o agrupamento de dúas unidades de educación infantil no Centro Público Integrado de Ponte Carreira, en Frades [75602](#)

I 21198 (11/PNP-001928)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Rodríguez Rumbo, Matilde Begoña e 2 máis

Sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego respecto da aplicación das recomendacións do Informe de fiscalización do Consello de Contas correspondente á Conta xeral da Comunidade Autónoma para o exercicio 2019 [75604](#)

I 21204 (11/PNP-001929)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Rodríguez Rumbo, Matilde Begoña e 2 máis

Sobre a aplicación por parte do Goberno galego das recomendacións do Informe de fiscalización do Consello de Contas correspondente á Conta xeral da Comunidade Autónoma para o exercicio 2019 [75607](#)



I 21207 (11/PNP-001930)**Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego****Rivas Cruz, Xosé Luís e 2 máis**

Sobre o establecemento por parte da Xunta de Galicia de axudas á gandaría extensiva de montaña, de estratexias de mercado respecto da comercialización dos seus produtos e de compensacións pola coexistencia cos grandes carnívoros

[75610](#)**I 21212 (11/PNP-001931)****Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia****Álvarez Martínez, Luis Manuel e Díaz Varela, Noa Susana**

Sobre a dotación por parte da Xunta de Galicia do profesorado suficiente para garantir a oferta educativa do Instituto de Ensino Secundario Lama das Quendas, de Chantada

[75617](#)**I 21229 (11/PNP-001932)****Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego****Prado Cores, María Montserrat e 3 máis**

Sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego para garantir a prestación de servizos bancarios de calidade no Salnés e instar o Goberno central a impulsar a regulación do sector bancario

[75619](#)**I 21234 (11/PNP-001933)****Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego****Carreira Pazos, Iria e Lourenzo Sobral, Manuel Antonio**

Sobre o mantemento das aulas da Escola de Educación Infantil de Sabaxáns, de Brión

[75623](#)**I 21242 (11/PNP-001934)****Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia****Ortega Otero, Marina e Torrado Quintela, Julio**

Sobre a información que debe dar a Xunta de Galicia relativa ao incremento das achegas da Administración autonómica no servizo de axuda no fogar

[75626](#)**I 21250 (11/PNP-001935)****Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego****González Albert, María e 2 máis**

Sobre as medidas que debe adoptar a Xunta de Galicia en relación co baleirado dos encoros e a súa incidencia na extinción dos incendios forestais

[75628](#)**I 21256 (11/PNP-001936)****Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego****González Albert, María e 2 máis**

Sobre as actuacións que debe levar a cabo a Xunta de Galicia respecto da recuperación das zonas queimadas por incendios forestais

[75632](#)**I 21261 (11/PNP-001937)****Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia****Gallego Sanromán, María Leticia e 3 máis**

Sobre as actuacións que debe levar a cabo a Xunta de Galicia en relación cos servizos de atención primaria e urxencias na cidade de Vigo [75636](#)

I 21267 (11/PNP-001938)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Aira Díaz, María del Carmen e 2 máis

Sobre a recuperación do nome do embarcadorio de Doade no concello de Quiroga [75639](#)

I 21288 (11/PNP-001939)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

Nóvoa Iglesias, Marta e 9 máis

Sobre a demanda pola Xunta de Galicia ao Goberno de España do establecemento de bonificacións nas peaxes da autoestrada estatal AP-53 [75642](#)

I 21290 (11/PNP-001940)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

Egerique Mosquera, Teresa e 6 máis

Sobre a demanda pola Xunta de Galicia ao Goberno de España da censura diante da Unión Europea do comportamento do Goberno de Noruega sobre a frota bacallaeira e a esixencia de medidas de sanción fronte ao recorte unilateral de cotas de pesca de bacallau [75645](#)

I 21292 (11/PNP-001941)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

Egerique Mosquera, Teresa e 6 máis

Sobre a demanda pola Xunta de Galicia ao Goberno de España da censura diante da Unión Europea do comportamento dos Gobernos de Noruega, Islandia e Illas Feroe na asignación de cota de cabala, e a esixencia da adopción de medidas de sanción desta decisión unilateral [75648](#)

I 21321 (11/PNP-001942)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

Egerique Mosquera, Teresa e 6 máis

Sobre a demanda pola Xunta de Galicia ao Goberno de España da aprobación urxente da modificación do Real Decreto de Ordenación Pesqueira para regular a creación dunha lista específica de embarcacións co obxectivo de dar solución ao procedemento de adecuación das disposicións normativas sobre a potencia e/ou arqueo das embarcacións que faenan a marisqueo e/ou recursos específicos [75651](#)

1.3.6.2. Proposicións non de lei en Comisión

1.3.6.2.1. Proposicións presentadas

Admisión a trámite polo procedemento de urxencia, asignación a comisión e publicación

I 21333 (11/PNC-002026)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Aira Díaz, María del Carmen e 2 máis



Sobre a necesidade de tratar os solos calcinados polo lume en Ribas de Sil, Quiroga e Pobra do Brollón para evitar o arrastre da capa de cinza cara aos leitos dos ríos Lor e Sil [75654](#)

Admisión a trámite, asignación a comisión e publicación

I 20970 (11/PNC-001992)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Rodríguez Dacosta, María del Carmen e 3 máis

Sobre as actuacións que debe realizar a Xunta de Galicia para cuantificar os danos e realizar o pagamento das axudas económicas ás persoas viticultoras afectadas polas tormentas que asolaron a provincia de Ourense [75658](#)

I 21007 (11/PNC-001994)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Díaz Varela, Noa Susana e Torrado Quintela, Julio

Sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego en relación coas listaxes de agarda no Complexo Hospitalario Universitario de Santiago de Compostela [75661](#)

I 21034 (11/PNC-001996)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Presas Bergantiños, Noa e 3 máis

Sobre o compromiso de creación dunha comisión de estudo para abordar unha proposta de reforma do sistema de financiamento [75664](#)

I 21052 (11/PNC-001998)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

Egerique Mosquera, Teresa e 6 máis

Sobre as actuacións que debe levar a cabo a Xunta de Galicia respecto da posta en marcha dunha programación cultural que celebre a figura de Laxeiro coincidindo co Día das Artes Galegas 2022 [75668](#)

I 21054 (11/PNC-001999)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

Calvo Pouso, Diego e 7 máis

Sobre a demanda por parte da Xunta de Galicia ao Goberno de España do restablecemento de todos os servizos e frecuencias que ofrecía o transporte ferroviario antes da crise da covid-19 [75671](#)

I 21056 (11/PNC-002000)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Tabarés Pérez-Piñeiro, Iago e 3 máis

Sobre as actuacións que debe levar a cabo a Xunta de Galicia para proceder á reparación e ao mantemento estrutural nas vivendas de promoción pública no barrio de Covadonga, en Ourense [75674](#)

I 21066 (11/PNC-002001)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Gallego Sanromán, María Leticia e 2 máis



Sobre as actuacións que debe levar a cabo a Xunta de Galicia para garantir a asistencia sanitaria na atención primaria do Centro de Saúde de Redondela [75677](#)

I 21074 (11/PNC-002002)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Díaz Varela, Noa Susana e Francisco Rivera, Juan Carlos

Sobre as actuacións que debe levar a cabo a Xunta de Galicia respecto da colaboración co Concello de Negreira para a construción dun módulo de atletismo [75680](#)

I 21087 (11/PNC-002003)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Presas Bergantiños, Noa e 2 máis

Sobre as actuacións que debe levar a cabo a Xunta de Galicia respecto da negociación co Goberno central dun marco para Galicia no tocante ao mecanismo de recuperación e resiliencia e os fondos Next Generation [75682](#)

I 21093 (11/PNC-002004)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

Puy Fraga, Pedro e 6 máis

Sobre a demanda por parte da Xunta de Galicia ao Goberno de España da elaboración dun estudo da situación do mercado financeiro desde o punto de vista da concentración bancaria e a posta en marcha dun plan estatal contra a exclusión financeira [75687](#)

I 21108 (11/PNC-002005)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Ortega Otero, Marina e Torrado Quintela, Julio

Sobre as actuacións que debe levar a cabo a Xunta de Galicia para corrixir as limitacións nos servizos do Hospital Comarcal do Barco de Valdeorras e da unidade de coidados intensivos móbil [75691](#)

I 21115 (11/PNC-002006)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

González Albert, María e 2 máis

Sobre as actuacións que se deben levar a cabo para establecer un servizo de prevención e defensa contra os incendios forestais único e directamente dependente da Xunta de Galicia [75694](#)

I 21152 (11/PNC-002007)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Bará Torres, Xosé Luís e 2 máis

Sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego respecto do persoal sanitario e dos servizos que presta o Centro de Saúde de Pontearreas [75698](#)

I 21173 (11/PNC-002008)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Rodríguez Dacosta, María del Carmen e 3 máis

Sobre as actuacións que debe levar a cabo a Xunta de Galicia para proceder á limpeza das faixas de xestión de biomasa e incrementar os investimentos en prevención de incendios forestais [75702](#)



I 21191 (11/PNC-002009)**Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia****Rodríguez Rumbo, Matilde Begoña e Álvarez Martínez, Luis Manuel**

Sobre as actuacións que debe levar a cabo a Xunta de Galicia para evitar o agrupamento de dúas unidades de educación infantil no Centro Público Integrado de Ponte Carreira, en Frades [75706](#)

I 21197 (11/PNC-002010)**Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia****Rodríguez Rumbo, Matilde Begoña e 2 máis**

Sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego respecto da aplicación das recomendacións do Informe de fiscalización do Consello de Contas correspondente á Conta xeral da Comunidade Autónoma para o exercicio 2019 [75708](#)

I 21203 (11/PNC-002011)**Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia****Rodríguez Rumbo, Matilde Begoña e 2 máis**

Sobre a aplicación por parte do Goberno galego das recomendacións do Informe de fiscalización do Consello de Contas correspondente á Conta xeral da Comunidade Autónoma para o exercicio 2019 [75711](#)

I 21206 (11/PNC-002012)**Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego****Rivas Cruz, Xosé Luís e 2 máis**

Sobre o establecemento por parte da Xunta de Galicia de axudas á gandaría extensiva de montaña, de estratexias de mercado respecto da comercialización dos seus produtos e de compensacións pola coexistencia cos grandes carnívoros [75714](#)

I 21211 (11/PNC-002013)**Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia****Álvarez Martínez, Luis Manuel e Díaz Varela, Noa Susana**

Sobre as actuacións que debe levar a cabo a Xunta de Galicia para que o Instituto de Ensino Secundario Lama das Quendas, de Chantada, garanta a súa oferta educativa [75721](#)

I 21228 (11/PNC-002014)**Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego****Prado Cores, María Montserrat e 3 máis**

Sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego para garantir a prestación de servizos bancarios de calidade no Salnés e instar o Goberno central a impulsar a regulación do sector bancario [75723](#)

I 21233 (11/PNC-002015)**Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego****Carreira Pazos, Iria e Lourenzo Sobral, Manuel Antonio**

Sobre o mantemento das aulas da Escola de Educación Infantil de Sabaxáns, de Brión [75727](#)

I 21243 (11/PNC-002016)**Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia****Ortega Otero, Marina e Torrado Quintela, Julio**

Sobre a información que debe dar a Xunta de Galicia relativa ao incremento da aportación da Administración autonómica no servizo de axuda no fogar [75730](#)

I 21249 (11/PNC-002017)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

González Albert, María e 2 máis

Sobre as medidas que debe adoptar a Xunta de Galicia en relación co baleirado dos encoros e a súa incidencia na extinción dos incendios forestais [75732](#)

I 21255 (11/PNC-002018)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

González Albert, María e 2 máis

Sobre as actuacións que debe levar a cabo a Xunta de Galicia respecto da recuperación das zonas queimadas por incendios forestais [75736](#)

I 21262 (11/PNC-002019)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Gallego Sanromán, María Leticia e 3 máis

Sobre as actuacións que debe levar a cabo a Xunta de Galicia en relación cos servizos de atención primaria e urxencias na cidade de Vigo [75740](#)

I 21266 (11/PNC-002020)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Aira Díaz, María del Carmen e 2 máis

Sobre a recuperación do nome do embarcadoiro de Doade no concello de Quiroga [75743](#)

I 21276 (11/PNC-002021)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

Tellado Filgueira, Miguel Ángel e 7 máis

Sobre a demanda pola Xunta de Galicia ao Goberno de España de determinadas actuacións no porto de Ferrol [75746](#)

I 21287 (11/PNC-002022)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

Calvo Pouso, Diego e 11 máis

Sobre a demanda pola Xunta de Galicia ao Goberno de España do establecemento de bonificacións nas peaxes da autoestrada estatal AP-53 [75749](#)

I 21289 (11/PNC-002023)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

Egerique Mosquera, Teresa e 6 máis

Sobre a demanda pola Xunta de Galicia ao Goberno de España da censura diante da Unión Europea do comportamento do Goberno de Noruega sobre a frota bacallaeira e a esixencia de medidas de sanción fronte ao recorte unilateral de cotas de pesca de bacallau [75752](#)

I 21291 (11/PNC-002024)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia



Egerique Mosquera, Teresa e 6 máis

Sobre a demanda pola Xunta de Galicia ao Goberno de España de censurar diante da Unión Europea o comportamento dos Gobernos de Noruega, Islandia e Illas Feroe na asignación de cota de cabala, e a esixencia da adopción de medidas de sanción fronte a Noruega, Islandia e Illas Feroe ante esta decisión unilateral [75755](#)

I 21320 (11/PNC-002025)**Grupo Parlamentario Popular de Galicia****Egerique Mosquera, Teresa e 6 máis**

Sobre a demanda pola Xunta de Galicia ao Goberno de España da aprobación urxente da modificación do Real Decreto de Ordenación Pesqueira para regular a creación dunha lista específica de embarcacións co obxectivo de dar solución ao procedemento de adecuación das disposicións normativas sobre a potencia e/ou arqueo das embarcacións que faenan a marisqueo e/ou recursos específicos [75758](#)

2. Elección e composición do Parlamento, réxime e goberno interior, organización e funcionamento

2.3. Réxime e goberno interior

2.3.2. Acordos e resolucións dos órganos da Cámara en materia de réxime e goberno interior

2.3.2.2. Creación de órganos parlamentarios

2.3.2.2.1. Solicitude de creación de comisións

I Acordo da Mesa do Parlamento, do 13 de setembro de 2021, en relación co escrito das deputadas e deputados do Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego polo que solicitan a creación dunha Comisión de investigación para analizar as causas, consecuencias e responsabilidades do abrupto baleirado de encoros no ano 2021, así como as medidas a impulsar para a súa compensación e non repetición (doc. 21213; 11/SCI-000006) [75761](#)



1. Procedementos parlamentarios

1.1. Procedementos de natureza normativa

1.1.2. Propostas de normas

1.1.2.1. Proxectos e proposicións de lei

1.1.2.1.2. Proposicións de lei

Acordo da Mesa do Parlamento, do 13 de setembro de 2021, polo que se amplía o prazo de presentación de emendas ao articulado á Proposición de lei de reforma da Lei 11/2007, do 27 de xullo, galega para a prevención e o tratamento integral da violencia de xénero (doc. núm. 16419, 11/PPL-000007)

No Rexistro Xeral do Parlamento de Galicia tivo entrada, co número 21332, o escrito do G. P. dos Socialistas de Galicia polo que solicita a ampliación do prazo para a presentación de emendas ao articulado á Proposición de de reforma da Lei 11/2007, do 27 de xullo, galega para a prevención e o tratamento integral da violencia de xénero (doc. núm. 16419, 11/PPL-000007).

Visto o disposto no artigo 96 do Regulamento da Cámara, a Mesa, por unanimidade, acorda:

1º. Ampliar, por terceira vez, o prazo de presentación de emendas ao articulado á Proposición de lei de reforma da Lei 11/2007, do 27 de xullo, galega para a prevención e o tratamento integral da violencia de xénero (doc. núm. 16419, 11/PPL-000007), ata o día 16 de setembro de 2021, ás 18.30 horas.

2º. Notificar este acordo aos grupos parlamentarios.

3º. Publicar este acordo no *Boletín Oficial do Parlamento de Galicia*.

Santiago de Compostela, 14 de setembro de 2021
Miguel Ángel Santalices Vieira
Presidente

Resolución da Presidencia, do 14 de setembro de 2021, pola que se amplía o prazo de presentación de emendas ao articulado á Proposición de lei de reforma da Lei 11/2007, do 27 de xullo, galega para a prevención e o tratamento integral da violencia de xénero [(11/PPL-000007) (doc. núm. 16419)]

No Rexistro Xeral do Parlamento de Galicia tivo entrada, co número 21637, o escrito do G. P. do Bloque Nacionalista Galego polo que solicita a ampliación do prazo para a presentación de emendas ao articulado á Proposición de lei de reforma da Lei 11/2007, do 27 de xullo, galega para a prevención e o tratamento integral da violencia de xénero [(11/PPL-000007) (doc. núm. 16419)].

A Presidencia, tendo en conta a inmediatez da conclusión do prazo —o día 16 de setembro de 2021—, en uso da delegación temporal de competencias de xestión ordinaria da Mesa do Parlamento na Presidencia da Cámara (Acordo da Mesa do Parlamento do 17 de agosto de 2020, publicado no *Boletín Oficial do Parlamento de Galicia* núm. 5 do 20 de agosto de 2020), resolve:



1º. Admitir a trámite o documento número de rexistro de entrada 21637, presentado polo G. P. do Bloque Nacionalista Galego.

2º. Ampliar, por cuarta vez, o prazo de presentación de emendas ao articulado á Proposición de lei de reforma da Lei 11/2007, do 27 de xullo, galega para a prevención e o tratamento integral da violencia de xénero [(11/PPL-000007) (doc. núm. 16419)], ata o día 17 de setembro de 2021, ás 18.30 horas.

3º. Dar conta desta resolución á Mesa e á Xunta de Portavoces.

4º. Notificar este acordo aos grupos parlamentarios.

5º. Publicar este acordo no *Boletín Oficial do Parlamento de Galicia*.

Santiago de Compostela, 14 de setembro de 2021
Miguel Ángel Santalices Vieira
Presidente

A Mesa do Parlamento, na súa sesión do día 13 de setembro de 2021, adoptou os seguintes acordos:

1.3. Procedementos de control e impulso

1.3.6. Proposicións non de lei

1.3.6.1. Proposicións non de lei en Pleno

1.3.6.1.1. Proposicións presentadas

Admisión a trámite polo procedemento de urxencia e publicación

- 21334 (11/PNP-001943)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego
Pontón Mondelo, Ana e 18 máis

Sobre a necesidade de tratar os solos calcinados polo lume en Ribas de Sil, Quiroga e Pobra do Brollón para evitar o arrastre da capa de cinza cara aos leitos dos ríos Lor e Sil

Admisión a trámite e publicación

- 20969 (11/PNP-001910)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia
Rodríguez Dacosta, María del Carmen e 3 máis

Sobre as actuacións que debe realizar a Xunta de Galicia para cuantificar os danos e realizar o pagamento das axudas económicas ás persoas viticultoras afectadas polas tormentas que asolaron a provincia de Ourense

- 21008 (11/PNP-001912)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia
Díaz Varela, Noa Susana e Torrado Quintela, Julio



Sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego en relación coas listaxes de agarda no Complexo Hospitalario Universitario de Santiago de Compostela

- 21035 (11/PNP-001914)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Presas Bergantiños, Noa e 3 máis

Sobre o compromiso de creación dunha comisión de estudo para abordar unha proposta de reforma do sistema de financiamento

- 21053 (11/PNP-001916)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

Egerique Mosquera, Teresa e 6 máis

Sobre as actuacións que debe levar a cabo a Xunta de Galicia respecto da posta en marcha dunha programación cultural que celebre a figura de Laxeiro coincidindo co Día das Artes Galegas 2022

- 21055 (11/PNP-001917)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

Calvo Pouso, Diego e 7 máis

Sobre a demanda por parte da Xunta de Galicia ao Goberno de España do restablecemento de todos os servizos e frecuencias que ofrecía o transporte ferroviario antes da crise da covid-19

- 21057 (11/PNP-001918)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Tabarés Pérez-Piñeiro, Iago e 3 máis

Sobre as actuacións que debe levar a cabo a Xunta de Galicia para proceder á reparación e ao mantemento estrutural nas vivendas de promoción pública no barrio de Covadonga, en Ourense

- 21065 (11/PNP-001919)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Gallego Sanromán, María Leticia e 2 máis

Sobre as actuacións que debe levar a cabo a Xunta de Galicia para garantir a asistencia sanitaria na atención primaria do Centro de Saúde de Redondela

- 21075 (11/PNP-001920)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Díaz Varela, Noa Susana e Francisco Rivera, Juan Carlos

Sobre as actuacións que debe levar a cabo a Xunta de Galicia respecto da colaboración co Concello de Negreira para a construción dun módulo de atletismo

- 21088 (11/PNP-001921)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Presas Bergantiños, Noa e 2 máis

Sobre as actuacións que debe levar a cabo a Xunta de Galicia respecto da negociación co Goberno central dun marco para Galicia no tocante ao mecanismo de recuperación e resiliencia e os fondos Next Generation



- 21094 (11/PNP-001922)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

Puy Fraga, Pedro e 6 máis

Sobre a demanda por parte da Xunta de Galicia ao Goberno de España da elaboración dun estudo da situación do mercado financeiro desde o punto de vista da concentración bancaria e a posta en marcha dun plan estatal contra a exclusión financeira

- 21107 (11/PNP-001923)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Ortega Otero, Marina e Torrado Quintela, Julio

Sobre as actuacións que debe levar a cabo a Xunta de Galicia para corrixir as limitacións nos servizos do Hospital Comarcal do Barco de Valdeorras e da unidade de coidados intensivos móbil

- 21116 (11/PNP-001924)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

González Albert, María e 2 máis

Sobre as actuacións que se deben levar a cabo para establecer un servizo de prevención e defensa contra os incendios forestais único e directamente dependente da Xunta de Galicia

- 21153 (11/PNP-001925)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Bará Torres, Xosé Luís e 2 máis

Sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego respecto do persoal sanitario e dos servizos que presta o Centro de Saúde de Pontearreas

- 21172 (11/PNP-001926)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Rodríguez Dacosta, María del Carmen e 3 máis

Sobre as actuacións que debe levar a cabo a Xunta de Galicia para proceder á limpeza das faixas de xestión de biomasa e incrementar os investimentos en prevención de incendios forestais

- 21192 (11/PNP-001927)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Rodríguez Rumbo, Matilde Begoña e Álvarez Martínez, Luis Manuel

Sobre as actuacións que debe levar a cabo a Xunta de Galicia para evitar o agrupamento de dúas unidades de educación infantil no Centro Público Integrado de Ponte Carreira, en Frades

- 21198 (11/PNP-001928)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Rodríguez Rumbo, Matilde Begoña e 2 máis

Sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego respecto da aplicación das recomendacións do Informe de fiscalización do Consello de Contas correspondente á Conta xeral da Comunidade Autónoma para o exercicio 2019

- 21204 (11/PNP-001929)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia



Rodríguez Rumbo, Matilde Begoña e 2 máis

Sobre a aplicación por parte do Goberno galego das recomendacións do Informe de fiscalización do Consello de Contas correspondente á Conta xeral da Comunidade Autónoma para o exercicio 2019

- 21207 (11/PNP-001930)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Rivas Cruz, Xosé Luís e 2 máis

Sobre o establecemento por parte da Xunta de Galicia de axudas á gandaría extensiva de montaña, de estratexias de mercado respecto da comercialización dos seus produtos e de compensacións pola coexistencia cos grandes carnívoros

- 21212 (11/PNP-001931)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Álvarez Martínez, Luis Manuel e Díaz Varela, Noa Susana

Sobre a dotación por parte da Xunta de Galicia do profesorado suficiente para garantir a oferta educativa do Instituto de Ensino Secundario Lama das Quendas, de Chantada

- 21229 (11/PNP-001932)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Prado Cores, María Montserrat e 3 máis

Sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego para garantir a prestación de servizos bancarios de calidade no Salnés e instar o Goberno central a impulsar a regulación do sector bancario

- 21234 (11/PNP-001933)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Carreira Pazos, Iria e Lourenzo Sobral, Manuel Antonio

Sobre o mantemento das aulas da Escola de Educación Infantil de Sabaxáns, de Brión

- 21242 (11/PNP-001934)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Ortega Otero, Marina e Torrado Quintela, Julio

Sobre a información que debe dar a Xunta de Galicia relativa ao incremento das achegas da Administración autonómica no servizo de axuda no fogar

- 21250 (11/PNP-001935)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

González Albert, María e 2 máis

Sobre as medidas que debe adoptar a Xunta de Galicia en relación co baleirado dos encoros e a súa incidencia na extinción dos incendios forestais

- 21256 (11/PNP-001936)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

González Albert, María e 2 máis

Sobre as actuacións que debe levar a cabo a Xunta de Galicia respecto da recuperación das zonas queimadas por incendios forestais



- 21261 (11/PNP-001937)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Gallego Sanromán, María Leticia e 3 máis

Sobre as actuacións que debe levar a cabo a Xunta de Galicia en relación cos servizos de atención primaria e urxencias na cidade de Vigo

- 21267 (11/PNP-001938)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Aira Díaz, María del Carmen e 2 máis

Sobre a recuperación do nome do embarcadorio de Doade no concello de Quiroga

- 21288 (11/PNP-001939)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

Nóvoa Iglesias, Marta e 9 máis

Sobre a demanda pola Xunta de Galicia ao Goberno de España do establecemento de bonificacións nas peaxes da autoestrada estatal AP-53

- 21290 (11/PNP-001940)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

Egerique Mosquera, Teresa e 6 máis

Sobre a demanda pola Xunta de Galicia ao Goberno de España da censura diante da Unión Europea do comportamento do Goberno de Noruega sobre a frota bacallaeira e a esixencia de medidas de sanción fronte ao recorte unilateral de cotas de pesca de bacallau

- 21292 (11/PNP-001941)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

Egerique Mosquera, Teresa e 6 máis

Sobre a demanda pola Xunta de Galicia ao Goberno de España da censura diante da Unión Europea do comportamento dos Gobernos de Noruega, Islandia e Illas Feroe na asignación de cota de cabala, e a esixencia da adopción de medidas de sanción desta decisión unilateral

- 21321 (11/PNP-001942)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

Egerique Mosquera, Teresa e 6 máis

Sobre a demanda pola Xunta de Galicia ao Goberno de España da aprobación urxente da modificación do Real Decreto de Ordenación Pesqueira para regular a creación dunha lista específica de embarcacións co obxectivo de dar solución ao procedemento de adecuación das disposicións normativas sobre a potencia e/ou arqueo das embarcacións que faenan a marisqueo e/ou recursos específicos

1.3.6.2. Proposicións non de lei en Comisión

1.3.6.2.1. Proposicións presentadas

Admisión a trámite polo procedemento de urxencia, asignación a comisión e publicación

- 21333 (11/PNC-002026)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego



Aira Díaz, María del Carmen e 2 máis

Sobre a necesidade de tratar os solos calcinados polo lume en Ribas de Sil, Quiroga e Pobra do Brollón para evitar o arrastre da capa de cinza cara aos leitos dos ríos Lor e Sil

Comisión 7ª, Agricultura, Alimentación, Gandaría e Montes

Admisión a trámite, asignación a comisión e publicación

- 20970 (11/PNC-001992)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Rodríguez Dacosta, María del Carmen e 3 máis

Sobre as actuacións que debe realizar a Xunta de Galicia para cuantificar os danos e realizar o pagamento das axudas económicas ás persoas viticultoras afectadas polas tormentas que asolaron a provincia de Ourense

Comisión 7ª, Agricultura, Alimentación, Gandaría e Montes

- 21007 (11/PNC-001994)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Díaz Varela, Noa Susana e Torrado Quintela, Julio

Sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego en relación coas listaxes de agarda no Complexo Hospitalario Universitario de Santiago de Compostela

Comisión 5ª, Sanidade, Política Social e Emprego

- 21034 (11/PNC-001996)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Presas Bergantiños, Noa e 3 máis

Sobre o compromiso de creación dunha comisión de estudo para abordar unha proposta de reforma do sistema de financiamento

Comisión 3ª, Economía, Facenda e Orzamentos

- 21052 (11/PNC-001998)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

Egerique Mosquera, Teresa e 6 máis

Sobre as actuacións que debe levar a cabo a Xunta de Galicia respecto da posta en marcha dunha programación cultural que celebre a figura de Laxeiro coincidindo co Día das Artes Galegas 2022

Comisión 4ª, Educación e Cultura

- 21054 (11/PNC-001999)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

Calvo Pouso, Diego e 7 máis

Sobre a demanda por parte da Xunta de Galicia ao Goberno de España do restablecemento de todos os servizos e frecuencias que ofrecía o transporte ferroviario antes da crise da covid-19

Comisión 2ª, Ordenación Territorial, Obras Públicas, Medio Ambiente e Servizos

- 21056 (11/PNC-002000)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Tabarés Pérez-Piñeiro, Iago e 3 máis



Sobre as actuacións que debe levar a cabo a Xunta de Galicia para proceder á reparación e ao mantemento estrutural nas vivendas de promoción pública no barrio de Covadonga, en Ourense
Comisión 2ª, Ordenación Territorial, Obras Públicas, Medio Ambiente e Servizos

- 21066 (11/PNC-002001)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Gallego Sanromán, María Leticia e 2 máis

Sobre as actuacións que debe levar a cabo a Xunta de Galicia para garantir a asistencia sanitaria na atención primaria do Centro de Saúde de Redondela

Comisión 5ª, Sanidade, Política Social e Emprego

- 21074 (11/PNC-002002)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Díaz Varela, Noa Susana e Francisco Rivera, Juan Carlos

Sobre as actuacións que debe levar a cabo a Xunta de Galicia respecto da colaboración co Concello de Negreira para a construción dun módulo de atletismo

Comisión 1ª, Institucional, de Administración Xeral, Xustiza e Interior

- 21087 (11/PNC-002003)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Presas Bergantiños, Noa e 2 máis

Sobre as actuacións que debe levar a cabo a Xunta de Galicia respecto da negociación co Goberno central dun marco para Galicia no tocante ao mecanismo de recuperación e resiliencia e os fondos Next Generation

Comisión 3ª, Economía, Facenda e Orzamentos

- 21093 (11/PNC-002004)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

Puy Fraga, Pedro e 6 máis

Sobre a demanda por parte da Xunta de Galicia ao Goberno de España da elaboración dun estudo da situación do mercado financeiro desde o punto de vista da concentración bancaria e a posta en marcha dun plan estatal contra a exclusión financeira

Comisión 3ª, Economía, Facenda e Orzamentos

- 21108 (11/PNC-002005)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Ortega Otero, Marina e Torrado Quintela, Julio

Sobre as actuacións que debe levar a cabo a Xunta de Galicia para corrixir as limitacións nos servizos do Hospital Comarcal do Barco de Valdeorras e da unidade de coidados intensivos móbil

Comisión 5ª, Sanidade, Política Social e Emprego

- 21115 (11/PNC-002006)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

González Albert, María e 2 máis



Sobre as actuacións que se deben levar a cabo para establecer un servizo de prevención e defensa contra os incendios forestais único e directamente dependente da Xunta de Galicia
Comisión 7ª, Agricultura, Alimentación, Gandaría e Montes

- 21152 (11/PNC-002007)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Bará Torres, Xosé Luís e 2 máis

Sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego respecto do persoal sanitario e dos servizos que presta o Centro de Saúde de Pontearreas

Comisión 5ª, Sanidade, Política Social e Emprego

- 21173 (11/PNC-002008)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Rodríguez Dacosta, María del Carmen e 3 máis

Sobre as actuacións que debe levar a cabo a Xunta de Galicia para proceder á limpeza das faixas de xestión de biomasa e incrementar os investimentos en prevención de incendios forestais

Comisión 7ª, Agricultura, Alimentación, Gandaría e Montes

- 21191 (11/PNC-002009)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Rodríguez Rumbo, Matilde Begoña e Álvarez Martínez, Luis Manuel

Sobre as actuacións que debe levar a cabo a Xunta de Galicia para evitar o agrupamento de dúas unidades de educación infantil no Centro Público Integrado de Ponte Carreira, en Frades

Comisión 4ª, Educación e Cultura

- 21197 (11/PNC-002010)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Rodríguez Rumbo, Matilde Begoña e 2 máis

Sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego respecto da aplicación das recomendacións do Informe de fiscalización do Consello de Contas correspondente á Conta xeral da Comunidade Autónoma para o exercicio 2019

Comisión 3ª, Economía, Facenda e Orzamentos

- 21203 (11/PNC-002011)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Rodríguez Rumbo, Matilde Begoña e 2 máis

Sobre a aplicación por parte do Goberno galego das recomendacións do Informe de fiscalización do Consello de Contas correspondente á Conta xeral da Comunidade Autónoma para o exercicio 2019

Comisión 3ª, Economía, Facenda e Orzamentos

- 21206 (11/PNC-002012)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Rivas Cruz, Xosé Luís e 2 máis

Sobre o establecemento por parte da Xunta de Galicia de axudas á gandería extensiva de montaña, de estratexias de mercado respecto da comercialización dos seus produtos e de compensacións pola coexistencia cos grandes carnívoros

Comisión 7ª, Agricultura, Alimentación, Gandaría e Montes



- 21211 (11/PNC-002013)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Álvarez Martínez, Luis Manuel e Díaz Varela, Noa Susana

Sobre as actuacións que debe levar a cabo a Xunta de Galicia para que o Instituto de Ensino Secundario Lama das Quendas, de Chantada, garanta a súa oferta educativa

Comisión 4ª, Educación e Cultura

- 21228 (11/PNC-002014)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Prado Cores, María Montserrat e 3 máis

Sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego para garantir a prestación de servizos bancarios de calidade no Salnés e instar o Goberno central a impulsar a regulación do sector bancario

Comisión 3ª, Economía, Facenda e Orzamentos

- 21233 (11/PNC-002015)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Carreira Pazos, Iria e Lourenzo Sobral, Manuel Antonio

Sobre o mantemento das aulas da Escola de Educación Infantil de Sabaxáns, de Brión

Comisión 4ª, Educación e Cultura

- 21243 (11/PNC-002016)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Ortega Otero, Marina e Torrado Quintela, Julio

Sobre a información que debe dar a Xunta de Galicia relativa ao incremento da aportación da Administración autonómica no servizo de axuda no fogar

Comisión 5ª, Sanidade, Política Social e Emprego

- 21249 (11/PNC-002017)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

González Albert, María e 2 máis

Sobre as medidas que debe adoptar a Xunta de Galicia en relación co baleirado dos encoros e a súa incidencia na extinción dos incendios forestais

Comisión 7ª, Agricultura, Alimentación, Gandaría e Montes

- 21255 (11/PNC-002018)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

González Albert, María e 2 máis

Sobre as actuacións que debe levar a cabo a Xunta de Galicia respecto da recuperación das zonas queimadas por incendios forestais

Comisión 7ª, Agricultura, Alimentación, Gandaría e Montes

- 21262 (11/PNC-002019)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Gallego Sanromán, María Leticia e 3 máis



Sobre as actuacións que debe levar a cabo a Xunta de Galicia en relación cos servizos de atención primaria e urxencias na cidade de Vigo

Comisión 5ª, Sanidade, Política Social e Emprego

- 21266 (11/PNC-002020)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Aira Díaz, María del Carmen e 2 máis

Sobre a recuperación do nome do embarcador de Doade no concello de Quiroga

Comisión 4ª, Educación e Cultura

- 21276 (11/PNC-002021)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

Tellado Filgueira, Miguel Ángel e 7 máis

Sobre a demanda pola Xunta de Galicia ao Goberno de España de determinadas actuacións no porto de Ferrol

Comisión 6ª, Industria, Enerxía, Comercio e Turismo

- 21287 (11/PNC-002022)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

Calvo Pouso, Diego e 11 máis

Sobre a demanda pola Xunta de Galicia ao Goberno de España do establecemento de bonificacións nas peaxes da autoestrada estatal AP-53

Comisión 2ª, Ordenación Territorial, Obras Públicas, Medio Ambiente e Servizos

- 21289 (11/PNC-002023)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

Egerique Mosquera, Teresa e 6 máis

Sobre a demanda pola Xunta de Galicia ao Goberno de España da censura diante da Unión Europea do comportamento do Goberno de Noruega sobre a frota bacallaeira e a esixencia de medidas de sanción fronte ao recorte unilateral de cotas de pesca de bacallau

Comisión 8ª, Pesca e Marisqueo

- 21291 (11/PNC-002024)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

Egerique Mosquera, Teresa e 6 máis

Sobre a demanda pola Xunta de Galicia ao Goberno de España de censurar diante da Unión Europea o comportamento dos Gobernos de Noruega, Islandia e Illas Feroe na asignación de cota de cabala, e a esixencia da adopción de medidas de sanción fronte a Noruega, Islandia e Illas Feroe ante esta decisión unilateral

Comisión 8ª, Pesca e Marisqueo

- 21320 (11/PNC-002025)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

Egerique Mosquera, Teresa e 6 máis

Sobre a demanda pola Xunta de Galicia ao Goberno de España da aprobación urxente da modificación do Real Decreto de Ordenación Pesqueira para regular a creación dunha lista específica de



embarcacións co obxectivo de dar solución ao procedemento de adecuación das disposicións normativas sobre a potencia e/ou arqueo das embarcacións que faenan a marisqueo e/ou recursos específicos

Comisión 8ª, Pesca e Marisqueo

Santiago de Compostela, 14 de setembro de 2021

Diego Calvo Pouso

Vicepresidente 1º

2. Elección e composición do Parlamento, réxime e goberno interior, organización e funcionamento

2.3. Réxime e goberno interior

2.3.2. Acordos e resolucións dos órganos da Cámara en materia de réxime e goberno interior

2.3.2.2. Creación de órganos parlamentarios

2.3.2.2.1. Solicitude de creación de comisións

Acordo da Mesa do Parlamento, do 13 de setembro de 2021, en relación co escrito das deputadas e deputados do Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego polo que solicitan a creación dunha Comisión de investigación para analizar as causas, consecuencias e responsabilidades do abrupto baleirado de encoros no ano 2021, así como as medidas a impulsar para a súa compensación e non repetición (doc. 21213; 11/SCI-000006)

A Mesa do Parlamento, na súa sesión do día 13 de setembro de 2021, adoptou o seguinte acordo:

Examínase o escrito das deputadas e deputados do G. P. do Bloque Nacionalista Galego polo que solicita a creación dunha Comisión de investigación para analizar as causas, consecuencias e responsabilidades do abrupto baleirado de encoros no ano 2021, así como as medidas a impulsar para a súa compensación e non repetición.

Visto o disposto no artigo 52 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a adopta o seguinte acordo:

1º. Admitir a trámite a solicitude.

2º. Remítela á Xunta de Portavoces para os efectos da súa inclusión, se é o caso, na orde do día dunha sesión plenaria.

3º. Ordenar a súa publicación no *Boletín Oficial do Parlamento de Galicia*.

Santiago de Compostela, 14 de setembro de 2021

Miguel Ángel Santalices Vieira

Presidente





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, a iniciativa das deputadas e deputados **Ana Pontón Mondelo, Olalla Rodil Fernández, Manuel Lourenzo Sobral, Carmen Aira Díaz, Luis Bará Torres, Iria Carreira Pazos, Daniel Castro García, Ramón Fernández Alfonzo, Alexandra Fernández Gómez, María González Albert, Carme González Iglesias, Rosana Pérez Fernández, Daniel Pérez López, Montserrat Prado Cores, Noa Presas Bergantiños, Mercedes Queixas Zas, Paulo Ríos Santomé, Xosé Luis Rivas Cruz e Iago Tabarés Pérez-Piñeiro**, ao abeiro do disposto nos artigos 160 e 98 do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei para debate en Pleno polo trámite de urxencia**.

XUSTIFICACIÓN DA URXENCIA

A urxencia vén motivada pola necesidade de que o Parlamento se posicione canto antes a respecto das actuacións da Xunta de Galiza para reducir as consecuencias dos recentes lumes nos concellos de Ribas de Sil, Quiroga e A Pobra do Brollón con máis de 1.600 Has. arrasadas.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O día 5 do mes en curso declarouse un incendio no concello de Ribas de Sil, este día levantouse un vento que provocou unha rápida progresión do lume que motivou que cruzara o río Sil desprazándose aos concellos de Quiroga e Pobra do Brollón nas seguintes horas.





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

As ladeiras do río Sil e do río Lor foron devoradas polas chamas debido á gran masa de coníferas que albergaban, cuestión esta que permitiu que a dimensión do incendio se multiplicara acadando a consideración de nivel 2.

Este modelo forestal baseado na masificación de especies pirófitas favorece que se multiplique a superficie queimada, como foi neste caso, no que chegou a superar as 1600 Has. queimadas de sul a norte, poñendo en serio perigo núcleos de poboación, algún deles de difícil acceso.

A maiores da intervención de numerosos medios aéreos e terrestres houbo 2 circunstancias que facilitaron a estabilización dos lumes, e estas foron a choiva e as masas de vexetación autóctona.

Precisamente este comezo do outono, que ben pode ser chuvioso, pode resultar extremadamente prexudicial para os solos queimados pola erosión que provocan e para os ríos polo arrastre de cinzas ao seu cauce.

É importante conservar o grosor da cinza cargada de nutrientes para que esa materia orgánica sirva para que se arraigue nova vexetación herbácea que axude á súa vez a manter o solo.

É necesario, polo tanto, que dende a Consellería de Medio Rural se tomen medidas urxentes para impedir que ocorran máis desastres despois do xa desastroso suceso do lume.

Ata o de agora parecen medidas de consenso usar sementes de vexetación herbácea e cubrir os solos queimados de acolchado de palla ou outros materiais, para evitar o efecto do impacto e arrastre das augas da choiva que rematan nos cauces dos ríos eutrofizando a auga e causando a morte dos peixes.





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

É polo tanto imprescindible actuar de xeito inmediato e tomar medidas de protección para o ecosistema queimado e conservar o solo en condicións idóneas para que se produza a revexetación natural ou a implantación de nova vexetación.

Por todo isto, o Grupo Parlamentar do BNG presenta a seguinte proposición non de lei para debate en Pleno polo trámite de urxencia:

“O Parlamento galego insta a Xunta a tratar de xeito inmediato os solos calcinados polo lume de Ribas de Sil, Quiroga e Pobra do Brollón seguindo as seguintes pautas:

- Análise da situación.
- Tratamento do solo calcinado sementando especies herbáceas.
- Cobertura do solo con palla ou herba.

Todo isto co fin de evitar a erosión da capa de cinza e o seu arrastre cara os leitos dos ríos Lor e Sil evitando así a morte masiva de peixes, nomeadamente de troitas das que é especialmente rico o río Lor.”

Santiago de Compostela, 10 de setembro de 2021

Asdo.: **Ana Pontón Mondelo**
Olalla Rodil Fernández





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Manuel Lourenzo Sobral

Carmen Aira Díaz

Luis Bará Torres

Iria Carreira Pazos

Daniel Castro García

Ramón Fernández Alfonzo

Alexandra Fernández Gómez

María González Albert

Carme González Iglesias

Rosana Pérez Fernández

Daniel Pérez López

Montserrat Prado Cores

Noa Presas Bergantiños

Mercedes Queixas Zas

Paulo Ríos Santomé

Xosé Luis Rivas Cruz

Iago Tabarés Pérez-Piñeiro

Deputados e deputadas do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Ana Pontón Mondelo na data 10/09/2021 11:29:18

Paulo Ríos Santomé na data 10/09/2021 11:29:22





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

María do Carme González Iglesias na data 10/09/2021 11:29:29

Manuel Antonio Lourenzo Sobral na data 10/09/2021 11:29:37

Alexandra Fernández Gómez na data 10/09/2021 11:29:44

María Montserrat Prado Cores na data 10/09/2021 11:29:54

Xosé Luis Bará Torres na data 10/09/2021 11:30:03

María González Albert na data 10/09/2021 11:30:12

Iago Tabarés Pérez-Piñeiro na data 10/09/2021 11:30:20

Noa Presas Bergantiños na data 10/09/2021 11:30:28

María del Carmen Aira Díaz na data 10/09/2021 11:30:37

Daniel Castro García na data 10/09/2021 11:30:46

Olalla Rodil Fernández na data 10/09/2021 11:30:55

Xosé Luis Rivas Cruz na data 10/09/2021 11:31:02

Iria Carreira Pazos na data 10/09/2021 11:31:10

Mercedes Queixas Zas na data 10/09/2021 11:31:19





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Ramón Fernández Alfonzo na data 10/09/2021 11:31:29

Daniel Pérez López na data 10/09/2021 11:31:37

Rosana Pérez Fernández na data 10/09/2021 11:31:46



Á Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, por iniciativa das súas deputadas e dos seus deputados **Carmen Rodríguez Dacosta, Marina Ortega Otero, Juan Carlos Francisco Rivera e Martín Seco García**, a través do seu portavoz e ao abeiro do disposto no artigo 160 do Regulamento da Cámara, presenta ante esa Mesa a seguinte **proposición non de lei en Pleno**.

Exposición de motivos

As fortes tormentas acaecidas nos últimos días na provincia de Ourense, causaron danos por toda ela, sendo as zonas máis afectadas o Val do Avia e a Denominación de Orixe do Ribeiro, onde algunhas bodegas poden perder máis do 80 % da súa produción.

As zonas máis afectadas segundo o presidente do Consello Regulador están a ser Gomariz en Leiro, Cabanelas en Carballiño, Pazos de Arenteiro en Boborás e Riobó en Cenlle.

Ademais as perdas por danos, as bodegas se enfrontan a outro problema a escasos días da vendima que é a alta actividade fúngica que xera a humidade nos viñedos.

As persoas viticultoras explican que a saraiba danou as uvas, que podrecen e non se poden vendimar, como plantas, ás que deberán aplicar tratamentos para evitar infeccións por fungos.

O sindicato Unións Agrarias ten localizado danos en vides espalladas por distintas zonas produtivas situadas principalmente na zona norte desta Denominación de Orixe. Danos que poderían aumentar, tendo en conta a previsión meteorolóxica e das tormentas que se agardan aínda para a xornada do día 2 de setembro.

Unións Agrarias olla con preocupación cara á Denominación de Orixe do Ribeiro, que está a padecer os efectos adversos dun intenso temporal de choiva e pedrazo.

Á espera de poder realizar unha cuantificación exacta dos danos rexistrados, a organización xa ten constancia de numerosas parcelas con vides danadas nas zonas de Pazos de Arenteiro, Boborás, Gomariz, Riobó ou Viladerrei. Danos que



chegan nunha época especialmente sensible e complicada, coa uva xa madura e ás portas do inicio da vendima.

O sindicato agrario e o Grupo Parlamentario Socialista lembran o carácter estratéxico, tanto dende o punto de vista socioeconómico como cultural e demográfico, que desempeña a viticultura no Ribeiro.

Por todo o exposto, o Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia presenta a seguinte proposición non de lei para o seu debate en Pleno:

O Parlamento galego insta a Xunta de Galicia a actuar con premura para axilizar a cuantificación dos danos e o pagamento das correspondentes axudas económicas ás persoas viticultoras afectadas.

Pazo do Parlamento, 3 de setembro do 2021

Asdo.: Carmen Rodríguez Dacosta
Marina Ortega Otero
Juan Carlos Francisco Rivera
Martín Seco García
Deputadas e deputados do G.P. dos Socialistas de Galicia

Asdo.: Gonzalo Caballero Miguez
Portavoz do G.P. dos Socialistas de Galicia

Asinado dixitalmente por:

María del Carmen Rodríguez Dacosta na data 03/09/2021 08:48:22

Marina Ortega Otero na data 03/09/2021 08:48:30

Juan Carlos Francisco Rivera na data 03/09/2021 08:48:39

Martín Seco García na data 03/09/2021 08:48:48





PARLAMENTO DE GALICIA
REGISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 03/09/2021 09:30:00
Nº Rexistro: 20969
Data envío: 03/09/2021 08:53:43.711

Gonzalo Caballero Míguez na data 03/09/2021 08:48:57

Rúa do Hórreo, s/n, Parlamento de Galicia. 15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA
Tif: 981 551 530 · gp-socialista@parlamentodegalicia.es

CSV: BOPGDSPGSnbZWYO8g6
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Á Mesa do Parlamento

O Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, por iniciativa da súa deputada e do seu deputado, Noa Díaz Varela e Julio Torrado Quintela, a través do portavoz e ao abeiro do disposto no artigo 160 do Regulamento da Cámara, presenta ante esa mesa a seguinte proposición non de lei para o seu debate en Pleno.

Este verán o Goberno galego publicaba as listas de agarda que, de novo, sitúan a EOXI de Santiago e concretamente o Complexo Hospitalario Universitario de Santiago (CHUS) nun lugar dramático por canto son 31.952 persoas que se atopan nesas listas -cirurxía, probas diagnósticas e consultas externas- o que supón un 20 % máis que o ano pasado (en concreto, 5.112 doentes máis).

A denuncia do estado das listaxes de agarda no Sergas é algo recorrente cada ano por parte de asociacións de doentes, profesionais, sindicatos e grupos políticos da oposición. Unha denuncia realizada unicamente cos datos que se fan públicos, os da listaxe de agarda estrutural, pero que silencia a cifra real de doentes que agardan para ser atendidos no sistema público galego de saúde, incumprindo así o RD 1039/2011 de 15 de xuño que no seu artigo 6.2 di que en certos supostos se pode perder a garantía de atención, pero o doente continuará na listaxe.

Segundo os datos de 2021, o tempo de agarda na listaxe de Cirurxía na EOXI de Santiago é de 71,9 días, unha cifra mesmo peor que a media en Galicia. Xa por centros de referencia, no CHUS hai na actualidade 7.200 persoas agardando por unha operación, duplicando os tempos de espera (73 días) en Lugo e triplicando os de Ferrol. Á súa vez, a Barbanza móstrase como o hospital comarcal de toda Galicia que ten os peores datos en cirurxía, cunha espera de 59,4 días.

Xa por especialidades, na lista de agarda para cirurxía o CHUS ten a máis alta de toda Galicia en Neurocirurxía (132 días), a segunda máis alta en Xinecoloxía (52,8 días) e as persoas pendentes dunha Cirurxía Pediátrica terán que agardar no CHUS unha media de 86,7 días, e dunha cardíaca 89,9 días.

Na listaxe de agarda para consultas externas no CHUS hai na actualidade 14.659 persoas, cunha media de 31,3 días, con esperas de 7,9 días en Obstetricia, a máis longa de toda Galicia; 31,4 días en Pediatría, ou 12,5 en Radioterapia, por riba da media de Galicia.



Tamén na listaxe de probas diagnósticas a espera no CHUS é inasumible, cunha media de 31,4 días para a realización dunha radioloxía mamaria, 72,7 días para un TAC, 51,1 para unha resonancia magnética, 31,8 para unha ecografía mamaria ou 31,5 días para unha eco de cardioloxía.

Xa comparando con anos anteriores, na especialidade de neurocirurxía o CHUS atópase hoxe nun lugar considerablemente peor na listaxe de cirurxía, cunha media de agarda actual de 132 días cando hai un ano era de 105,9 e en 2019 de 65. Con respecto a 2019, en xinecoloxía incrementouse a espera en Santiago nun 52 %; en pediatria nun 163 % e en cirurxía cardíaca un 120 %.

Na listaxe de consultas externas os datos comparativos son realmente alarmantes, como por exemplo en radioterapia, que se pasou dunha espera de 2,9 días en 2019 a 12,2 este ano.

Á vista de todos estes datos ofrecidos polo Goberno galego, cabe mostrar unha fonda preocupación pola deficiente xestión dun centro hospitalario como o CHUS, que no canto de ser centro de referencia en Galicia se sitúa á cola con respecto a outros no que respecta a listas de agarda. A deficiente xestión e a falla inexplicable de recursos están situando o CHUS e a área sanitaria de Santiago e a Barbanza nunha situación agónica á que de non poñer solución inmediata terá moi complexa resolución.

Ante esta situación, denunciada noutras lexislaturas por este grupo parlamentario, cabe de novo presentar a seguinte proposición non de lei:

O Parlamento de Galicia insta o Goberno galego a que elabore, antes de que remate este ano, un plan de seguimento específico do Complexo Hospitalario Universitario de Santiago de Compostela para dar solución á negativa evolución das listaxes de agarda, con especial atención ás especialidades nunha peor situación.

Pazo do Parlamento, 3 de setembro de 2021

Asinado dixitalmente por:





Noa Susana Díaz Varela na data 03/09/2021 11:04:33

Julio Torrado Quintela na data 03/09/2021 11:04:49

Gonzalo Caballero Míguez na data 03/09/2021 11:04:58





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, a iniciativa das deputadas e deputados **Noa Presas Bergantiños, Ramón Fernández Alfonso, Daniel Pérez López e Ana Pontón Mondelo**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei para o seu debate en Pleno**, relativa á necesidade dun novo modelo de financiamento xusto para Galiza.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

A diagnose do actual modelo de financiamento amosa como resulta totalmente insuficiente para garantir unha adecuada prestación de servizos básicos que corresponden a Galiza como a sanidade, a educación ou a dependencia. É evidente que a forte centralización no Estado español, onde o goberno central exerce o control sobre os ingresos recadados en Galiza, impide desenvolver o autogoberno, a comezar por limitar a capacidade para poder deseñar un marco fiscal acaído para garantir a prestación de servizos públicos de calidade e por limitar o exercicio das nosas competencias ao ver limitado o seu financiamento.

Co estoupido da crise da covid 19 no ano 2020 fíxose máis evidente ca nunca esta realidade e a necesidade de superar este mecanismo cara un novo sistema de financiamento que garanta suficiencia e capacidade financeira para o noso país.





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Cómpre recordar que a revisión do actual sistema estaba prevista xa para o ano 2014. Porén, o inmovilismo e a falta de vontade dos sucesivos gobernos estatais provocou o mantemento dun sistema de financiamento totalmente obsoleto malia a reclamación de diferentes comunidades. É de salientar tamén a falta de proactividade e vontade política dos anos do goberno de Feijóo, que se limitou a manter unha posición subsidiaria do Partido Popular estatal e a evadir un debate profundo e de país sobre as necesidades que ten Galiza neste ámbito.

Malia o negacionismo aplicado polas forzas estatais, a última liquidación tributaria dispoñíbel de 2018 indica que o Estado recadou no noso país 13.132 millóns de euros. A cambio, ese ano recibimos do Estado unicamente 8.158 millóns de euros. Co sistema vixente temos unha perda acumulada de máis de 9.000 millóns de euros nunha década. Fronte á idea dunha Galiza deficitaria, o noso país ten capacidade propia, xera os recursos suficientes para financiar os seus servizos públicos e apoiar aos sectores produtivos.

Polo tanto, neste contexto de transformación económica e social acelerado pola covid-19 e as súas consecuencias, Galiza debe tomar as rendas do seu futuro negociando as condicións para unha nova relación económica que blinde máis capacidade de autogoberno e de mellorar a vida dos galegos e galegas. É necesario que este país rompa coa espiral de inercia dos gobernos dos últimos anos e que o Parlamento asuma un papel central nun debate de país que marcará o nosos futuro.





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Por estes motivos, o Grupo Parlamentar do BNG presenta a seguinte proposición non de lei para debate en Pleno:

“O Parlamento galego aproba, por resolución, comprometer, previo cumprimento dos requisitos regulamentarios correspondentes, a creación dunha comisión de estudo para abordar unha proposta de país diante da reforma do sistema de financiamento.”

Santiago de Compostela, 6 de setembro de 2021

Asdo.: **Noa Presas Bergantiños**

Ramón Fernández Alfonso

Daniel Pérez López

Deputada e deputados do G.P. do BNG

Ana Pontón Mondelo

Portavoz do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Ana Pontón Mondelo na data 06/09/2021 10:54:44

Daniel Pérez López na data 06/09/2021 10:55:01





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Ramón Fernández Alfonso na data 06/09/2021 10:56:06

Noa Presas Bergantiños na data 06/09/2021 10:56:19



A Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentario Popular de Galicia** a través do seu **Portavoz** e por iniciativa das deputadas e deputados, **Teresa Egerique Mosquera, Ovidio Rodeiro Tato, Encarna Amigo Díaz, Sandra Vázquez Domínguez, Elena Suárez Sarmiento, José Luis Ferro Iglesias e Felisa Rodríguez Carrera**, ao abeiro do disposto no artigo 160 e concordantes do Regulamento da Cámara, presenta ante esa Mesa, a seguinte **proposición non de lei para o seu debate en Pleno**.

Exposición de motivos

José Otero Abeledo (Lalín, 1908 – Vigo, 1996), coñecido como Laxeiro, foi un dos maiores expoñentes da vangarda artística galega. Co seu inconfundible trazo, este lalinense universal levou a esencia de Galicia polo mundo, converténdose nun referente das nosas artes plásticas.

Desde os seus inicios, Laxeiro estivo influenciado polo rural no que naceu e pasou a súa infancia. O pintor soubo absorber a cultura popular galega e transformala nunha obra innovadora que irá perfeccionando ao longo dos anos. Os seus traballos encadráranse no grupo dos *Renovadores*, aínda que o relato de vida e as influencias de Laxeiro farán que gocen dun estilo único e inconfundible.

Despois de residir en diferentes cidades españolas, nas que irá evolucionando artisticamente, nos anos cincuenta recalará en Bos Aires onde fixará a súa residencia ata 1970.

Este será o seu período de maior estabilidade profesional, no que experimentará con novos estilos e linguaxes. Á súa volta a Galicia sucederanse as homenaxes e



recoñecementos. Laxeiro gozará dun merecido prestixio ata o seu falecemento en 1996.

Precisamente este ano conmemórase o 25 cabodano desta efeméride, motivo polo que a Real Academia das Artes Galegas dedicará o Día das Artes Galegas ao pintor en 2022. Sen dúbida, un momento importante para seguir divulgando a vida e a obra do artista entre toda a cidadanía.

Por todo o exposto, o Grupo Parlamentario Popular, presenta a seguinte proposición non de lei en Pleno:

“O Parlamento de Galicia recoñece a relevancia de Laxeiro no eido das artes plásticas de Galicia e manifesta a importancia de que a Xunta de Galicia coordine a posta en marcha dunha programación cultural que celebre a figura de Laxeiro coincidindo co Día das Artes Galegas 2022”.

Santiago de Compostela, 6 de setembro de 2021



Asinado dixitalmente por:

Pedro Puy Fraga na data 06/09/2021 13:00:46

Teresa Egerique Mosquera na data 06/09/2021 13:01:01

Ovidio Rodeiro Tato na data 06/09/2021 13:01:10

María Encarnación Amigo Díaz na data 06/09/2021 13:01:23

Sandra Vázquez Domínguez na data 06/09/2021 13:01:39

María Elena Suárez Sarmiento na data 06/09/2021 13:01:54

José Luis Ferro Iglesias na data 06/09/2021 13:02:07

María Felisa Rodríguez Carrera na data 06/09/2021 13:02:17

Parlamento de Galicia. Rúa Hórreo, 63 | 15701 Santiago de Compostela | Tel. 981 551 510

gp-pp@parlamentodegalicia.gal

 [@gppgalicia](https://www.facebook.com/gppgalicia)

 [@GrupoPopularGal](https://twitter.com/GrupoPopularGal)



Á Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentario Popular de Galicia** a través do seu **Portavoz** e por iniciativa dos deputados e deputadas, **Diego Calvo Pouso, Elena Suárez Sarmiento, Carmen Pomar Tojo, Ramón Carballo Páez, José Manuel Balseiro Orol, Marisol Díaz Mouteira, Rubén Lorenzo Gómez e Marta Nóvoa Iglesias**, ao abeiro do disposto no artigo 160 e concordantes do Regulamento da Cámara, presenta ante esa Mesa, a seguinte **proposición non de lei para o seu debate en Pleno**.

Exposición de motivos

O pasado mes de xullo a conselleira de Infraestruturas e Mobilidade Ethel Vázquez reuniuse con membros do sector ferroviario de Comisións Obreiras, para analizar polo miúdo a situación na que se atopa o transporte ferroviario en Galicia.

Ambas as partes amosáronse moi preocupadas pola redución de servizos e frecuencias realizada por Renfe, co visto e prace do Goberno de España, coa escusa da pandemia da covid-19. Unha vez recuperada por completo a libre mobilidade en todo o territorio natural, e finalizada o pasado 9 de maio a vixencia do estado de alarma, os servizos ferroviarios continúan sen restituírse na súa totalidade, limitando considerablemente o dereito dos cidadáns á mobilidade.

A titular da Consellería de Infraestruturas e Mobilidade e os representantes sindicais tamén coincidiron en salientar a necesidade de que os investimentos en infraestruturas ferroviarias, tanto no que atinxe ao AVE como ás estacións intermodais, vaian acompañados da mellora do material rodante, nomeadamente a dotación de trens AVRIL, e da programación das frecuencias de servizos que respondan ás necesidades de mobilidade da cidadanía galega.

Por todo iso, o Grupo Parlamentario Popular, presenta a seguinte proposición non de lei en Pleno:

“O Parlamento de Galicia, insta á Xunta de Galicia a demandar ao Goberno de España:

1. O restablecemento dos trens hotel entre Galicia e Madrid e Barcelona.
2. A restitución de todos os traxectos e frecuencias dos trens rexionais existentes antes da crise sanitaria provocada pola covid-19.
3. A restitución de todos os traxectos e frecuencias dos trens de longa distancia que conectan Galicia co resto de España e Portugal existentes antes da crise sanitaria provocada pola covid-19.

Parlamento de Galicia. Rúa Hórreo, 63 | 15701 Santiago de Compostela | Tel. 981 551 510

gp-pp@parlamentodegalicia.gal



4. Que fagan parada todos os trens de longa distancia que pasen pola estación de Vilagarcía con destino ou orixe en Madrid”.

Santiago de Compostela, 6 de setembro de 2021

Asinado dixitalmente por:

Parlamento de Galicia. Rúa Hórreo, 63 | 15701 Santiago de Compostela | Tel. 981 551 510

gp-pp@parlamentodegalicia.gal



Pedro Puy Fraga na data 06/09/2021 12:56:00

Diego Calvo Pouso na data 06/09/2021 12:56:22

María Elena Suárez Sarmiento na data 06/09/2021 12:56:35

Carmen María Pomar Tojo na data 06/09/2021 12:56:51

Ramón Carballo Páez na data 06/09/2021 12:57:04

José Manuel Balseiro Orol na data 06/09/2021 12:57:22

María Sol Díaz Mouteira na data 06/09/2021 12:57:34

Rubén Lorenzo Gómez na data 06/09/2021 12:57:45

Marta Nóvoa Iglesias na data 06/09/2021 12:57:55

Parlamento de Galicia. Rúa Hórreo, 63 | 15701 Santiago de Compostela | Tel. 981 551 510

gp-pp@parlamentodegalicia.gal





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, a iniciativa dos deputados **Iago Tabarés Pérez-Piñeiro** e **Luis Bará Torres** e das deputadas **Noa Presas Bergantiños** e **Alexandra Fernández Gómez**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei para debate en Pleno**, sobre a reparación e o mantemento estrutural nas vivendas de promoción pública no barrio de Covadonga, en Ourense.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

En febreiro de 2016 foron asinados os primeiros contratos de aluguer das vivendas de protección pública que a Xunta de Galiza, por medio do Instituto Galego de Vivenda e Solo, promoveu no barrio ourensán de Covadonga.

O 29 de novembro de 2007, o IGVS, promoveu concurso público para a contratación das obras de construción e urbanización de 52 vivendas no barrio de Covadonga (Ourense), aprobándose a adxudicación do contrato por resolución de 12 de maio de 2008, formalizándose o contrato de obras en xuño do mesmo ano 2008, establecéndose un prazo de 20 meses para a efectiva execución e remate da construción.

Comezadas as obras o día 22 de xuño de 2009 e estando prevista e contratada a súa finalización para abril de 2011. Porén, tras anos de paralización, varios modificados de proxecto e incremento dos recursos públicos, non foi ate foi ate 5 anos despois do vencemento do prazo inicialmente previsto para o seu remate cando a Xunta de Galiza asinou os primeiros contratos de aluguer e a entrega das vivendas ás usuarias.

Malia o tempo empregado na execución na construción das vivendas e a súa entrega ás persoas que resultaron adxudicatarias, a día de hoxe existen servizos e





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

instalacións pendentes de ser rematadas e de entrar en funcionamento, como os tendedeiros ou o sistema eléctrico con enerxías renovábeis para a reutilización e aproveitamento das augas.

A pesares de que o tempo transcorrido non permitiu a entrada en funcionamento da totalidade dos servizos comprometidos, si foi abondo para a aparición de importantes defectos estruturais e que condicionan a habitabilidade das vivendas e o confort das persoas que residen nelas. Así, por exemplo, o espazo no que se agarda polo ascensor está nun patio descuberto ao albur das inclemencias meteorolóxicas, a ausencia de voladizos provoca que o auga da choiva descorra polas fachadas facilitando a presenza de humidades e que penetre nas vivendas. Igualmente o patio interior descuberto permite que entre a auga da choiva pola portas das vivendas letras C e D, así como provoca un considerable desgaste nas devanditas portas, extremos ambos perfectamente perceptíbeis a simple vista. Igualmente a ilóxica distancia entre a estrutura do edificio ou as escaleiras e o peche do inmovible (consecuencia dunha deficiente execución da obra) xera un evidente e permanente risco para a seguridade e integridade físicas das persoas, nomeadamente, das cativas. A chapa que pecha inmovible semella non ser aillante de abondo.

Por outra banda o mantemento do elementos comúns (rede de saneamento, xardíns, sistema eléctrico á vista ...) non é o axeitado, sendo a Xunta de Galiza o propietario maioritario pois os inquilinos teñen dereito a voz, mais non de voto, nas xuntas da comunidade de propietarios, polo que o estado de deterioro que presenta o inmovible e consecuencia da pasividade da Xunta de Galiza.

E por iso, o Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego vimos presentar esta proposición non de lei para o seu debate e aprobación en Pleno:





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

“O Parlamento insta a Xunta de Galiza que, previos os informes técnicos oportunos, proceda á realización das obras de reforma, acondicionamento e mantemento dos elementos comúns do grupo de vivendas de promoción pública no barrio de Covadonga en Ourense.”

Santiago de Compostela, 6 de setembro de 2021

Asdo.: **Iago Tabarés Pérez-Piñeiro**

Noa Presas Bergantiños

Alexandra Fernández Gómez

Deputado e deputadas do G.P. do BNG

Luis Bará Torres

Portavoz s. do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Iago Tabarés Pérez-Piñeiro na data 06/09/2021 13:08:18

Xosé Luis Bará Torres na data 06/09/2021 13:08:30

Noa Presas Bergantiños na data 06/09/2021 13:08:41

Alexandra Fernández Gómez na data 06/09/2021 13:08:50



Á Mesa do Parlamento

O Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, por iniciativa das súas deputadas e do seu deputado, **Leticia Gallego Sanromán, Julio Torrado Quintela e Marina Ortega Otero**, a través do seu portavoz e ao abeiro do disposto no artigo 160 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **proposición non de lei en Pleno**.

Exposición de motivos

A atención primaria do sistema sanitario de Galicia está sendo obxecto de debate e discusión por parte de tódolos axentes implicados no deseño e implementación das políticas públicas sanitarias, incluídos por suposto os propios profesionais que traballan no sistema.

Dende hai tempo existen numerosas reivindicacións e queixas sobre a saturación do sistema, dita saturación tivo un maior incremento debido a pandemia da COVID-19. Isto ven dunha ineficiente xestión en termos de recursos materiais e humanos froito das políticas de recortes executadas polo Partido Popular dende a Xunta de Galicia.

As políticas de recortes dos últimos anos levaron, ademais, a que Galicia afronte a situación cun problema de persoal grave no sistema sanitario público. Esta é a terceira peor Comunidade Autónoma de España en ratio de médicos/as por habitante (aproximadamente 450 por cada 100.000 habitantes coa media española en torno a 480, segundo o informe do Consello Xeral de Colexios Médicos de España), e tamén a terceira Comunidade Autónoma con peor ratio de enfermeiros/as por paciente con 5,4 por cada 1000 (a media europea está cerca do 8). Temos a peor ratio de profesionais por paciente tamén en áreas como saúde mental, e estamos por debaixo da media estatal en matronas por habitante. En pediatría, Galicia non chega ao 90 % de prazas de Atención Primaria cubertas por pediatras, mentres comunidades en situacións parecidas, como Asturias, supera o 98 % (como indican os recentes informes da Asociación Española de Pediatría).

Resulta necesario poñer á dispor dos centros de saúde os recursos humanos e técnicos necesarios para evitar a demora na atención telefónica das citas médicas; e dotar aos centros do persoal e equipamento suficiente para atender as necesidades de cada municipio conforme a súa poboación, incluída a substitución das baixas dos especialistas para non interromper a atención aos pacientes.



Neste contexto os socialistas reclamamos á Consellería de Sanidade medidas urxentes no Centro de Saúde de Redondela. O Centro de Saúde conta nestes momentos con cinco médicos/as menos ó non realizarse substitucións do persoal que está de baixa ou de vacacións. A esta situación súmase o feito que dende o pasado 26 de xaneiro, o Centro de Saúde non conta cun xefe/a de servizo, algo que empeora aínda máis a situación da Atención Primaria nesta vila.

A falta de persoal no Centro de Saúde –5 facultativos/as menos que os que ten asignado– inflúe negativamente na Asistencia Primaria xa que os médicos e médicas que agora están traballando, atópanse con que contan case que con 60 pacientes diarios nas súas axendas, cando habitualmente eran 40, co conseguinte deterioro do servizo e a gran carga de traballo para os facultativos/as ao ter que atender todo os pacientes de Redondela con menos persoal.

A situación na que se atopa a Atención Primaria en Redondela é moi alarmante, mostra delo é que existen cupos que non teñen médico de urxencias, pacientes aos que cada vez atende un médico/a diferente e que polo tanto non contan co seguimento que sería desexable e esperas de máis de 15 días para as citas telefónicas.

É unha vergoña a atención sanitaria que presta a Consellería de Sanidade da Xunta de Galicia aos veciños e veciñas de Redondela, pola contra a atención dos traballadores/as sanitarios do Centro de Saúde é excepcional, multiplican o seu traballo para poder paliar a situación de falla de persoal.

Dende o Grupo Parlamentario Socialista reclamamos que coa maior urxencia se cubran as baixas dos profesionais sanitarios do Centro de Saúde de Redondela e así poñer fin o desmantelamento da atención primaria neste municipio.



Por todo o exposto, o Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia presenta a seguinte proposición non de lei para o seu debate en Pleno:

O Parlamento galego insta a Xunta de Galicia a garantir a correcta e plena asistencia sanitaria na Atención Primaria cubrindo as prazas vacantes de médicos de familia do Centro de Saúde de Redondela.

Pazo do Parlamento, 5 de setembro do 2021

Asdo.: Leticia Gallego Sanromán
Julio Torrado Quintela
Marina Ortega Otero
Deputadas e deputado do G.P. dos Socialistas de Galicia

Asdo.: Gonzalo Caballero Míguez
Portavoz do G.P. dos Socialistas de Galicia

Asinado dixitalmente por:

María Leticia Gallego Sanromán na data 06/09/2021 16:01:05

Julio Torrado Quintela na data 06/09/2021 16:01:11

Marina Ortega Otero na data 06/09/2021 16:01:19

Gonzalo Caballero Míguez na data 06/09/2021 16:01:30



Á Mesa do Parlamento

O Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, por iniciativa da súa deputada e do seu deputado, Noa Díaz Varela e Juan Carlos Francisco Rivera, a través do portavoz e ao abeiro do disposto no artigo 160 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa mesa a seguinte proposición non de lei para o seu debate en Pleno.

O concello de Negreira conta cun club de atletismo e con moitas outras persoas non federadas que se dedican a esta disciplina deportiva, pero que teñen que se trasladar a outros territorios para practicar este deporte por falla desas instalacións no propio concello. De Negreira é, por exemplo, a promesa do atletismo galego e estatal Alba Cuns.

Diante desa falla de espazos, o Concello de Negreira ten elaborada unha memoria para o proxecto de construción dun módulo de atletismo que iría emprazado dentro do recinto do campo de fútbol para así aproveitar os vestiarios, o ximnasio, o almacén e mesmo o alumeado.

O proxecto, cun orzamento moi asumible para a Administración autonómica, suporía realizar algunha obra no campo de fútbol que estaría disposto a asumir o concello, que ademais daría todas as facilidades para a execución desa instalación deportiva.

A Secretaría Xeral de Deportes é coñecedora desta memoria, pero polo de agora non emitiu unha resposta positiva para unha iniciativa que permitiría a práctica deportiva non só das persoas interesadas de Negreira senón tamén de concellos próximos e con esa carencia.

Por iso, o Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, presenta a seguinte proposición non de lei:

O Parlamento de Galicia insta a Xunta de Galicia a colaborar co Concello de Negreira para a construción dun módulo de atletismo que daría resposta ás necesidades deportivas das e dos atletas da zona.

Pazo do Parlamento, 6 de setembro de 2021





Asinado dixitalmente por:

Noa Susana Díaz Varela na data 06/09/2021 16:25:15

Juan Carlos Francisco Rivera na data 06/09/2021 16:25:28

Gonzalo Caballero Míguez na data 06/09/2021 16:25:41





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, a iniciativa da deputada **Noa Presas Bergantiños** e dos deputados **Ramón Fernández Alfonzo** e **Daniel Pérez López**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei para debate en Pleno**, relativa á evolución negativa do crédito en Galiza e as medidas para corrixir esta situación.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Galiza ten por diante un gran reto a respecto dos fondos extraordinarios arbitrados para dar resposta á crise da Covid-19. O noso país necesita avanzar económica e socialmente e combater as graves consecuencias da pandemia mais tamén do modelo socioeconómico. Para iso, de cara a introducir mudanzas estruturais, sería necesario impulsar a maior anticipación posíbel para intervir neste debate e que o noso país sexa quen de obter fondos que destinar á reactivación económica, social e cultural e acertar no seu destino incrementando a capacidade de acción.

Desde o comezo da lexislatura o Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego insistiu na importancia que de Galiza contase cunha posición forte, consensuada, dialogada e transparente diante da carreira pola obtención de fondos europeos ao seren unha opción para o financiamento de





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

políticas de resposta ás necesidades da pandemia da covid-19 e de resposta ás debilidades estruturais do noso sistema socioeconómico, previas ao coronavirus.

Porén, a actuación da Xunta de Galiza camiñou en dirección contraria. Nin se anticipou con propostas de gobernanza e criterios de reparto, nin abriu un debate real coas forzas políticas e axentes sociais relevantes do país. A diferenza do que aconteceu noutras realidades próximas, nin o Parlamento nin organismos coma o Parlamento Galego ou o Consello Económico e Social tiveron un papel central.

A liña errática e ineficaz da Xunta de Galiza tamén se viu no seu escaso peso e capacidade política á hora de reclamar con resultados un trato xusto por parte do goberno central, que está aproveitando este contexto para actuar de forma unilateral, escurantista e centralista, tal e como amosan os mecanismos previstos para a xestión, o espírito do Real Decreto Lei 36/2020 ou o feito de ter acordado unha condicionalidade con Bruxelas que non coñecen nin as comunidades nin sequera o propio Parlamento estatal.

É necesario e urxente que Galiza teña unha posición proactiva sobre cales son as medidas necesarias para corrixir o papel subsidiario que está a adoptar a Xunta de Galiza e a centralización do Estado. Así mesmo, é necesario corrixir a falta de transparencia e rendición de contas.

Por estes motivos, o Grupo Parlamentar do BNG presenta a seguinte proposición non de lei para debate en Pleno:





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

“O Parlamento Galego insta a Xunta de Galiza a:

1. Negociar co goberno central medidas para un marco xusto para Galiza respecto do Mecanismo de Recuperación e Resiliencia (MRR) e os Fondos Next Generation arredor de descentralización da xestión dos fondos e o impulso da participación democrática con base aos seguintes principios:

1.1 Reclamación da xestión directa de Galiza e o respecto ás competencias exclusivas.

1.2 Rexeitar a vinculación dos fondos á aceptación da condicionalidade dos semestres europeos, singularmente aquelas que afecten os servizos públicos, as axudas ao desemprego, as pensións ou as taxas de reposición.

1.3 Obtención dun volume de fondos directos non inferiores á porcentaxe que corresponde por poboación e PIB e esixencia da compensación de elementos como a dispersión poboacional, o custe do fornecemento de servizos básicos, a crise demográfica, os efectos da transición enerxética, ou a crise industrial.

2. Negociar cos concellos galegos, particularmente coa FEGAMP, mecanismos para facilitar a participación dos concellos e evitar que se repita a baixa participación dos fondos como acontece cos fondos ordinarios anteriores.

3. Democratizar e fomentar a participación respecto dos proxectos, prioridades e políticas a financiar mediante recursos financeiros extraordinarios,





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

singularmente mediante o Mecanismo de Recuperación e Resiliencia (MRR) a través do Consello Económico e Social e do Parlamento Galego.

4. Remitir ao Parlamento Galego de forma inmediata, no prazo máximo de 3 días, toda a información referente a planificación de proxectos, notificacións enviadas a institucións europeas e estatais así como as correspondentes cos anuncios do Presidente da Xunta de Galiza en sucesivas notas de prensa.”

Santiago de Compostela, 6 de setembro de 2021

Asdo.: Noa Presas Bergantiños

Ramón Fernández Alfonso

Daniel Pérez López

Deputada e deputados do G.P. do BNG

Ana Pontón Mondelo

Portavoz do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Noa Presas Bergantiños na data 06/09/2021 17:00:12

Ramón Fernández Alfonso na data 06/09/2021 17:00:16





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Daniel Pérez López na data 06/09/2021 17:00:26

Ana Pontón Mondelo na data 06/09/2021 17:00:38



Á Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentario Popular de Galicia** a través do seu **Portavoz** e por iniciativa dos deputados e deputadas, **Pedro Puy Fraga, Sandra Vázquez Domínguez, Paula Prado del Río, José Luis Ferro Iglesias, Guadalupe Murillo Solís, Manuel Santos Costa e Cristina Sanz Arias** ao abeiro do disposto no artigo 160 e concordantes do Regulamento da Cámara, presenta ante esa Mesa, a seguinte **proposición non de lei para o seu debate en Pleno**.

Exposición de motivos

Nos últimos anos –con especial intensidade desde a crise financeira de 2008- tivo lugar en España un dos maiores procesos de concentración bancaria de Europa. Son moitos os factores que levaron a esta circunstancia de reestruturación gradual: o novo marco regulatorio, os tipos de xuros negativos, a dixitalización do sector, a resolución de activos dubidosos, a entrada de novos competidores, etc. .

En Galicia non somos alleos a este proceso de intensa reestruturación do sistema financeiro.

A pesar de que este proceso permitiu reforzar a solvencia das entidades e recuperar a confianza e a estabilidade do sistema financeiro, que gañou en capacidade para resistir novas crises, tamén trouxo consecuencias negativas, como unha importante diminución e peche do número de sucursais e de oficinas bancarias abertas ao público, o que dificulta a accesibilidade aos servizos financeiros por parte da poboación, particularmente no ámbito rural e nos concellos menos poboados.

Esta situación viuse agravada no último ano como resultado dos novos procesos de integración e reestruturación bancaria e coa progresiva introdución por parte das entidades financeiras do uso preferente das novas tecnoloxías en moitos trámites habituais. Aínda que a banca electrónica, permite acceder en liña desde calquera punto con conexión á rede internet, esta circunstancia non ten en conta a fenda presente naqueles espazos onde a dixitalización aínda non se desenvolveu na súa plenitude ou naqueles outros caracterizados por unha poboación envellecida, que ten un menor desempeño destas novas tecnoloxías.

Esta realidade dificulta o acceso a servizos financeiros aos habitantes dos concellos máis afectados, o que podería ter consecuencias directas no seu desenvolvemento económico e social e na despoboación do seu territorio, que se está a ver ademais agravada polas restricións nos servizos de atención presencial e outras medidas adoptadas ante a situación actual de pandemia.



En consecuencia o Grupo Popular considera necesario impulsar e incentivar por parte das administración públicas, en colaboración coas entidades financeiras que operan en Galicia, a prestación de servizos financeiros e bancarios nos concellos galegos, así como iniciativas que faciliten o acceso a estes servizos naqueles espazos nos que se produciu o peche de oficinas ou a redución do horario presencial de atención ao público.

De feito, xa existen fórmulas útiles neste ámbito, como a iniciativa promovida recentemente polo Goberno galego en colaboración coa Fegamp para universalizar o acceso aos servizos bancarios e financeiros que permitirá a moitas estas localidades que carecen de oficina, ademais de dispoñer dun caixeiro no seu municipio, que os veciños destes concellos tamén poidan contar con servizos de asistencia financeira e de formación. Ademais a través dos organismos autonómicos de Consumo tamén se traballa na defensa dos usuarios de banca, mediante a organización de campañas informativas e prestación de asesoramento en materia de servizos financeiros.

O obxectivo final é garantir que toda a poboación galega, con independencia do seu lugar de residencia, teña acceso aos servizos bancarios e financeiros e evitar a exclusión financeira, prestando especial atención ao ámbito rural.

Somos coñecedores de que existen iniciativas semellantes en algunhas deputacións provinciais e por parte de algúns gobernos autonómicos como tamén coñecemos nos últimos días, polos medios de comunicación, que Correos pretende instalar caixeiros en concellos sen entidade bancaria.

Dende o Grupo Parlamentario Popular valoramos todas estas medidas, pero consideramos que debe existir unha coordinación e unha planificación a nivel estatal para que realmente sexan eficaces, tal e como se aprobou por amplísima maioría no Senado de España.

Os poderes públicos deben garantir o acceso a servizos bancarios e financeiros, independentemente do lugar de residencia como un elemento fundamental para el desenvolvemento económico e social, no obxectivo da cohesión territorial e a loita contra a despoboación.

Por todo o exposto, o Grupo Parlamentario Popular presenta a seguinte proposición non de lei en Pleno:

“O Parlamento de Galicia insta á Xunta de Galicia a:

Parlamento de Galicia. Rúa Hórreo, 63 | 15701 Santiago de Compostela | Tel. 981 551 510

gp-pp@parlamentodegalicia.gal

 @gppgalicia

 @GrupoPopularGal



- 1º.- A demandar ao Goberno de España, en colaboración co Banco de España e a CNMC, a elaboración dun estudo sobre a situación do mercado financeiro en España desde el punto de vista da concentración bancaria, da competencia e do acceso aos servizos financeiros, especialmente nas zonas rurais, e as súas consecuencias no seu desenvolvemento económico e social.
- 2º.- A demandar ao Goberno de España, en coordinación coas administracións autonómicas e locais, a posta en marcha dun plan estatal contra a exclusión financeira, con medidas que faciliten o acceso da poboación aos servizos financeiros.
Entre estas medidas estaría a de impulsar unha normativa que regule a prestación universal de servizos financeiros básicos ou esenciais, de xeito que se garanta á súa prestación para todos os usuarios, con independencia do seu lugar de residencia, cunha calidade determinada e a un prezo asequible.
- 3º.- En tanto en canto non estea aprobada unha estratexia estatal de loita contra a exclusión financeira, a continuar impulsando, xunto coas administracións locais galegas e en colaboración coas entidades financeiras que operan en Galicia, medidas que faciliten o acceso da poboación aos servizos financeiros”.

Santiago de Compostela, 6 de setembro do 2021

Parlamento de Galicia. Rúa Hórreo, 63 | 15701 Santiago de Compostela | Tel. 981 551 510

gp-pp@parlamentodegalicia.gal

 @gppgalicia

 @GrupoPopularGal



Asinado dixitalmente por:

Pedro Puy Fraga na data 06/09/2021 17:25:28

Sandra Vázquez Domínguez na data 06/09/2021 17:25:46

Paula Prado del Río na data 06/09/2021 17:26:04

José Luis Ferro Iglesias na data 06/09/2021 17:26:21

María Guadalupe Murillo Solís na data 06/09/2021 17:26:31

Manuel Santos Costa na data 06/09/2021 17:26:46

Cristina Sanz Arias na data 06/09/2021 17:26:54

Parlamento de Galicia. Rúa Hórreo, 63 | 15701 Santiago de Compostela | Tel. 981 551 510

gp-pp@parlamentodegalicia.gal



Á Mesa do Parlamento

O Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, por iniciativa da súa deputada e deputado, **Marina Ortega Otero e Julio Torrado Quintela**, a través do seu portavoz, e ao abeiro do disposto no artigo 160 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **Proposición non de lei para o seu debate en Pleno**.

Exposición de motivos

A xestión por parte do Goberno da Xunta de Galicia nos últimos anos limitou significativamente os recursos e persoal no Hospital Comarcal de Valdeorras, o que supón una limitación de servizos para o mantemento do benestar e saúde da cidadanía.

Dende que se conformaron as EOXI, coa reestructuración das Áreas Sanitarias, o Hospital Comarcal de Valdeorras, perde definitivamente a súa autonomía, capacidade de organización, de xestión, os seus recursos son parte dun cadro xeral adscrito a Área Ourense, O Barco de Valdeorras e Verín.

Nos últimos anos os servizos e profesionais limitáronse ata o punto de afectar significativamente a una poboación que ten un difícil acceso ao Hospital de Ourense, por tempo e recursos.

Así, nos últimos anos servizos como cardioloxía, dermatoloxía, traumatoloxía, cirurxía, rehabilitación, e a última é a de radioloxía, deixaron de funcionar ou limitaron significativamente as súas consultas ata o punto de que os pacientes teñen que desprazarse ao Hospital de Ourense para ser atendidos ou acudir a Ponferrada a consultas médicas privadas en moitos casos.

Con radioloxía está acontecendo o mesmo que cos servizos que se perderon nos últimos anos, a falta de incentivos que a administración autonómica ofrece aos profesionais fai que os servizos queden sen cubrir, afectando una vez máis especialmente aos hospitais comarcais, así coma centros de saúde.



Así mesmo, hai que engadir que fai meses a ambulancia UCI de Valdeorras non está operativa por falta de diálogo e xestión por parte da administración, xa que os facultativos en Valdeorras teñen boa disposición para poñer en funcionamento a UCI móbil, e mentres non se negocian as condicións, a Xunta prefere investir máis recursos no desprazamento dende Ourense, cunha evidente demora no tempo de reacción asociada á longa distancia. O que supón un risco evidente para unha comarca totalmente afastada do Hospital de Ourense. O feito de depender da UCI móbil de Ourense, e un tempo difícil de asumir para persoas que se atopen en situación crítica, na que o tempo de reacción é directamente proporcional ás posibilidades de éxito na saúde da mesma.

A cidadanía da comarca de Valdeorras merece unha atención sanitaria igual que o resto da cidadanía galega. O goberno galego á vez que recortou servizos neste hospital, trouxo as camas que non servían no CHUO para este. Un feito significativo que reflexa o trato desigual entre as distintas áreas.

Pouco a pouco o Hospital Comarcal de O Barco perde capacidade resolutiva e recursos para ofrecer á propia cidadanía o dereito a una sanidade pública e próxima que garanta a igualdade de oportunidades con independencia de onde vivamos. A administración competente ten que evitar a perda progresiva de recursos técnicos asistenciais nun hospital que xa perdeu capacidade e facultativos en cardioloxía, uroloxía, traumatoloxía, dermatoloxía, cirurxía, urxencias, como consecuencia dunha xestión errónea por parte do goberno da Xunta que fixo perder coñecemento do medio asociado a una xestión a distancia.

Nunha comarca que dista do Hospital de Ourense, dúas horas dende moitos puntos, a situación de vulnerabilidade é importante, polo que é preciso valorar a situación xeográfica para dar cobertura de calidade á cidadanía na sanidade pública.

Polo exposto, o Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia presenta a seguinte Proposición non de lei:





“O Parlamento de Galicia insta a Xunta de Galicia a que leve a cabo as actuacións necesarias que revirta as limitacións nos servizos que desapareceron no Hospital Comarcal de O Barco de Valdeorras, así coma unha acción inmediata respecto ao que está a acontecer coa inoperancia da UCI móbil de Valdeorras.”

Pazo do Parlamento, 06 de setembro de 2021

Asdo.: Marina Ortega Otero
Julio Torrado Quintela Marina Ortega Otero
Deputada e deputado do G.P. dos Socialistas de Galicia
Asdo.: Gonzalo Caballero Míguez
Portavoz do G.P. dos Socialistas de Galicia

Asinado dixitalmente por:

Marina Ortega Otero na data 07/09/2021 10:49:19

Julio Torrado Quintela na data 07/09/2021 10:49:34

Gonzalo Caballero Míguez na data 07/09/2021 10:49:43





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, a iniciativa das deputadas **María González Albert, Carmen Aira Díaz** e do deputado **Xosé Luis Rivas Cruz**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei para debate en Pleno**, sobre a desestacionalización dos lumes e a necesidade dun SPDIF único, profesionalizado e que atenda as emerxencias no rural.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

As mudanzas na climatoloxía galega debidas ao cambio climático e ao quecemento global están a facer que a maior incidencia en lumes forestais, que até fai poucos anos se focalizaba nos meses de xullo e agosto, se teña desprazado no tempo até finais de verán e os meses de outono.

A desestacionalización dos incendios veu así determinada por unha climatoloxía variábel, con varios ciclos de altas temperaturas, seca persistente e baixa humidade que se reproducen con considerábel frecuencia e que se nutren das enormes masas de combustíbel presentes nun territorio no que o envellecemento, o despoboamento e a falta de usos do monte son a terríbel realidade de boa parte do noso país.

Non vai moito tempo, en 2017, puidemos comprobar da forma máis virulenta posíbel as consecuencias que o despoboamento do rural trae consigo e como esa falta de capital humano que nutra o territorio obriga ao mantemento dun sistema de prevención de lumes que ten que estar activo durante case todo o ano, con limpeza de franxas e superficies moitas veces inabarcábeis e imposíbeis de cubrir.





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

O mesmo semella estar a acontecer neste 2021. Un xullo moi húmido e de choivas seguido dun agosto quente provocou que agora en setembro fai que sexa case imposíbel controlar un territorio despoboado onde a maleza campa ás súas anchas.

Vímolo na xornada do 6 de setembro cando Galiza comezou a arder de norte a sur e de leste a oeste: Éntoma (O Barco de Valdeorras), Enxilde (Mazaricos), Pantón, Chandrexa de Queixa, Cerceda, Portomarín, Santa Comba, Bastabales, Brión, Guitiriz, Friol, A Peroxa, A Proba de Trives, Seres (Castroverde), Cualedro e, sobre todo, Quiroga e Ribas de Sil, con varios focos sendo o máis importante o que atravesou a N-120 no lugar de Rairos para introducirse no concello de Quiroga e da Pobra de Brollón, a esta hora (con máis de 900 hectáreas calcinadas oficialmente) aínda sen controlar.

Este último lume acóllese sen ningunha dúbida á nova tipoloxía de incendios de expansión máis rápida, con afectación a núcleos de poboación, con maior carga de combustible en densidade e extensión, temperaturas máis altas, baixa humidade e moito vento.

Nas labores de extinción están a participar medios do SPDIF (nas súas distintas condicións), BRIF, GES e UME. Xúntase así persoal de distintas administracións e do exército, con distintas condicións laborais, distintos graos de formación e distintas capacidades á hora de enfrontar o lume.

Sen embargo este novo modelo de lumes, máis virulento, rápido, agresivo e perigoso precisa cada vez máis dun sistema de prevención e extinción o máis profesionalizado posíbel, con mando único e cunha formación homologada e efectiva que require de persoal fixo para enfrontar a cada vez máis evidente desestacionalización dos lumes.





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Por todo o exposto, o Grupo Parlamentar do BNG presenta a seguinte proposición non de lei para debate en Pleno:

“O Parlamento insta a Xunta de Galiza a

1. Avanzar cara o establecemento dun Servizo de Prevención e Defensa contra os Incendios Forestais único directamente dependente da Xunta de Galiza.

2. Ante uns lumes cada vez máis desestacionalizados eliminar a figura precarizada do traballador fixo-descontinuo e configurar un SPDIF profesionalizado en prevención e extinción de lumes e apto para atender todo tipo de emerxencias rurais.”

Santiago de Compostela, 7 de setembro de 2021

Asdo.: **María González Albert**

Carmen Aira Díaz

Xosé Luis Rivas Cruz

Deputadas e deputado do G.P. do BNG

Ana Pontón Mondelo

Portavoz do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

María González Albert na data 07/09/2021 11:13:52

María del Carmen Aira Díaz na data 07/09/2021 11:14:08

Xosé Luis Rivas Cruz na data 07/09/2021 11:14:18

Ana Pontón Mondelo na data 07/09/2021 11:14:29





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, a iniciativa do deputado **Luis Bará Torres** e das deputadas **Montserrat Prado Cores** e **Iria Carreira Pazos**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei para debate en Pleno**.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

1. Nos últimos doce anos, coa excusa da crise, a Xunta de Galiza aplicou duras políticas de recortes e fixo modificacións legislativas e organizativas que danaron gravemente a sanidade pública: redución de orzamentos, de centos de profesionais, privatizacións e externalización de servizos esenciais, derivacións de doentes a centros privados, listas de agarda disparadas, colapsos de urxencias, desatención clamorosa da saúde mental e das mulleres.

A Atención Primaria foi o ámbito da sanidade pública galega que con máis intensidade sufriu os recortes, con consecuencias que se foron agravando co tempo: masificación de consultas, cupos desbordados, redución de profesionais por non cobertura de xubilacións, non substitución de permisos e baixas, precariedade e temporalidade nas contratacións de persoal, listas de agarda de 15 días para médica/o de familia, ausencia de pediatras, PACs ao límite... Non resulta esaxerado dicir que como consecuencia dos recortes, da privatización e da mala xestión, a Atención Primaria está ao borde do colapso, con profesionais extenuados despois de máis de 500 días de pandemia.

Con esta situación de partida, a chegada da pandemia COVID-19 foi a coartada perfecta para que a Consellaría de Sanidade levara a cabo medidas organizativas





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

provisionais nos centros de atención primaria que teñen visos de acabar en medidas definitivas. Entre esas medidas estivo a implantación da atención médica telefónica non como un servizo complementario senón como un sistema principal e prioritario que ten como obxectivo disuadir as persoas enfermas de acudir aos centros de saúde e retrasar os tempos de atención a pacientes.

As limitacións ao acceso da Atención Primaria favorecen a privatización, a fuxida das persoas con maior capacidade económica aos seguros privados e a discriminación dos grupos con menor capacidade económica. Aparte da dificultade da xente maior de acceder ás novas tecnoloxías e a non dispoñibilidade de Internet.

2. Este grave deterioro da sanidade pública, nomeadamente da atención primaria e da pediatría, afecta a toda a área sanitaria de Vigo e especialmente á comarca do Condado e ao centro de saúde de Ponteareas. Unha situación que se viu agravada nos últimos tempos e que deu lugar a denuncias públicas de organizacións sindicais, colexios médicos, profesionais sanitarias e da veciñanza. Tamén deu lugar a acordos da corporación municipal e escritos dirixidos polo concello de Ponteareas á consellaría, sen que se tomasen medidas para corrixila.

Nestes momentos existe un clamor social en Ponteareas, como en moitas comarcas do país, pola falta de persoal e polo deterioro da atención sanitaria. Por se non fose abondo, nos meses de agosto e setembro o SERGAS suprimiu as consultas de tarde no centro de saúde, de modo que se derivan ao PAC as pacientes de urxencia ou que xustifiquen que non poden acudir pola mañá.

Polo anteriormente exposto, o Grupo Parlamentar do BNG presenta a seguinte proposición non de lei para o debate en Pleno:

“O Parlamento insta ao goberno galego a:





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

1. Incrementar a dotación de persoal sanitario do centro de saúde de Ponteareas, coa finalidade de prestar uns servizos sanitarios acordes coa poboación do concello.
2. Garantir a cobertura de permisos e baixas e unhas condicións laborais dignas para o persoal sanitario.
3. Recuperar o horario de tarde no centro de saúde de Ponteareas
4. Recuperar progresivamente a atención presencial e considerar a atención telefónica como un servizo complementario da atención presencial e non como o servizo principal e prioritario.”

Santiago de Compostela, 7 de setembro de 2021

Asdo.: **Montserrat Prado Cores**

Iria Carreira Pazos

Deputadas do G.P. do BNG

Luis Bará Torres

Portavoz s. do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Xosé Luis Bará Torres na data 07/09/2021 12:40:19

María Montserrat Prado Cores na data 07/09/2021 12:40:22





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Iria Carreira Pazos na data 07/09/2021 12:40:30



Á Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, por iniciativa das súas deputadas e dos seus deputados **Carmen Rodríguez Dacosta, Martín Seco García, Luís Manuel Álvarez Martínez e Patricia Otero Rodríguez**, a través do seu portavoz e ao abeiro do disposto no artigo 160 do Regulamento da Cámara, presenta ante esa Mesa a seguinte **proposición non de lei en Pleno**.

Exposición de motivos

Un incendio forestal se iniciaba o pasado 6 de setembro, na parroquia de Nogueira, no municipio de Ribas de Sil, na Ribeira Sacra sobre as 21:42 horas, segundo informaba a propia Consellería do Medio Rural.

O lume acercouse perigosamente a un grupo de casas nas que se encontraban 10 veciños e veciñas, e se chegou a achegar a uns 20 metros das vivendas e os veciños tiveron que permanecer toda a noite en alerta para evitar que o lume alcanzase as vivendas refrescando a zona coas súas propias mangueriras.

A Xunta de Galicia informaba do incendio por primeira vez pasadas as 06:00 h; nesta primeira comunicación estimábanse en 20 as hectáreas queimadas. Na actualización das 08:30, xa a situaba en 100 hectáreas a superficie calcinada. No que foron mobilizados dous técnicos, nove axentes, 14 brigadas e 15 motobombas.

O concelleiro de Medio Ambiente do municipio de Ribas de Sil cualificou nese momento aos medios como insuficientes ante a gravidade da situación na que se encontraban, alertando da carencia de brigadas de terra, aínda que si había motobombas.

O incendio na Ribeira Sacra prodúcese o mesmo día que foron declarados os da parroquia de Manín, no Concello de Lobios, dentro do propio Parque de Xurés e outro en Chandrexa de Queixa, concretamente na parroquia de Requeixo.

O lume avanzou sen control en Ribas de Sil e a última previsión o martes 8 as 900 hectáreas, segundo o último parte da Consellería de Medio Rural e obrigaba a activar a situación 2 pola proximidade aos núcleos de poboación coma Rairos.



Por outra banda o lume estendeuse ata o municipio de Quiroga, sendo necesario cortar temporalmente as estradas LU-P_5301 e LU-P_933.

O conselleiro de Medio Rural, desprazado a Ribas de Sil, afirmaba que a orixe era claramente intencionado e que a loita contra o lume se vira con moita dificultade polas condicións atmosféricas, altas temperaturas e fortes ventos.

Sempre que se produce a situación climatolóxica de 30-30-30 a Consellería utiliza o mesmo mantra o que nunca fai e unha autocrítica sobre a falla de medidas preventivas e de planificación, ademais de que o Pladiga de 2021 é un corta e pega do anos anteriores, con lixeiras modificacións.

A situación está a ser moi penosa para os veciños e veciñas de Vilariño, entre outros, no que se valoraba a posibilidade de ser evacuados.

O acontecido é de tal envergadura que o fume chegaba á cidade de Lugo, debido aos incendios existentes na comarca de Quiroga.

Dada a situación producida incorporáronse 63 militares da UME para apoiar os labores de extinción.

Resaltando en primeiro lugar é con carácter previo a nosa preocupación polos veciños e veciñas afectadas e polos traballadores e traballadoras das distintas administracións que se encontran loitando contra os lumes, cunha excepcional profesionalidade e en moitos casos poñendo en risco as súas propias vidas o Grupo Parlamentario Socialista non pode deixar de sinalar que o problema dos lumes en Galicia, inda que somos conscientes de que é preciso manter esforzos para a persecución do delito, cando así fora, é o abandono absoluto no que está o territorio, cun rural desmantelado de servicios e con medio millar de hectáreas abandonadas aptas para aproveitar de forma sostible e multifuncional.

O problema real é a falla de relevo xeracional e eses miles de galegos que abandonan, ano tras ano.

Tanto Ourense coma Lugo teñen estes problemas máis acusados se cabe, cun plan forestal que os abandona, e os núcleos de poboación en moitos lugares están envellecidos e rodeados de monte, estes por riba literalmente das vivendas e o traballo que debía facer a Consellería de Medio Rural en relación a esa imprescindible protección están sen facer.



Por todo o exposto, o Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia presenta a seguinte proposición non de lei para o seu debate en Pleno:

O Parlamento galego insta a Xunta de Galicia a que, de forma urxente, empregue os medios materiais e humanos necesarios para proceder a limpeza das faixas de xestión de biomásas de tódolos concellos cun alto risco de incendios, que se repiten ano tras ano e ca poboación envellecida, co fin de salvagardar a vida das veciñas e veciños e dos seus bens, e paulatinamente a incrementar de forma urxente as inversións en prevención para non ter que ser empregado o orzamento case exclusivamente en extinción.

Pazo do Parlamento, 7 de setembro do 2021

Asdo.: Carmen Rodríguez Dacosta
Martín Seco García
Luís Manuel Álvarez Martínez
Patricia Otero Rodríguez
Deputadas e deputados do G.P. dos Socialistas de Galicia

Asdo.: Gonzalo Caballero Miguez
Portavoz do G.P. dos Socialistas de Galicia

Asinado dixitalmente por:

María del Carmen Rodríguez Dacosta na data 07/09/2021 14:04:21

Martín Seco García na data 07/09/2021 14:04:30

Luis Manuel Álvarez Martínez na data 07/09/2021 14:04:45





PARLAMENTO DE GALICIA
REGISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 07/09/2021 16:30:00
Nº Rexistro: 21172
Data envío: 07/09/2021 14:08:28.267

Patricia Otero Rodríguez na data 07/09/2021 14:04:54

Gonzalo Caballero Míguez na data 07/09/2021 14:05:05

Rúa do Hórreo, s/n, Parlamento de Galicia. 15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA
Tif: 981 551 530 · gp-socialista@parlamentodegalicia.es

CSV: BOPGDSPG5nbZWYO8g6
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Á Mesa do Parlamento

O Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, por iniciativa da súa deputada e do seu deputado, Matilde Begoña Rodríguez Rumbo e Luís Manuel Álvarez Martínez, a través do portavoz e ao abeiro do disposto no artigo 160 do Regulamento da Cámara, presenta ante esa mesa a seguinte proposición non de lei para o seu debate en Pleno.

A sangría demográfica que está a padecer o noso país supuxo que en 10 anos perderamos 95.834 habitantes (IGE 2010-2020), situación que aínda se agrava moito máis no noso rural. Aínda que as causas son varias, a perda de servizos públicos, así como a precarización dos que quedan leva aos máis novos a buscar unha alternativa para desenvolver o seu proxecto vital ben nas vilas máis poboadas, nas cidades ou fóra da nosa comunidade.

O concello de Frades é un concellos rural do interior da provincia da Coruña, cunha poboación de 2.302 habitantes, 346 persoas menos que hai 10 anos, o que supón unha perda de máis do 13 % da súa poboación, que conta co CPI Ponte Carreira no que a Consellería de Educación pretende agrupar dous cursos de infantil, 4º e 5º, coa redución dun profesor, pasando a unha unidade con 9 nenos e nenas de 3 anos e 9 de 4 anos, é dicir, unha unidade con 18 alumnos e alumnas, sen ter en conta os prexuízos pedagóxicos dun número tan alto de alumnado nesas idades, a inconveniencia desa agrupación nunha situación de pandemia que aínda estamos a vivir, así como, tal e como ven sucedendo nos últimos anos, unha vez que comeza o curso adóitanse recibir novas solicitudes de matrícula, en especial nos cursos de infantil, de menores inicialmente matriculados noutros colexios públicos de concellos limítrofes onde hai unha maior saturación por aula e con niveis de ratio en máximos, polo que a dita unidade pode acadar máis alumnado.

Esta pretensión da Consellería de Educación foi rexeitada polo ANPA do colexio, polos representantes das nais e dos pais no consello escolar, pola dirección do centro e por todos os grupos políticos con representación na corporación municipal. Por iso, o Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, presenta a seguinte proposición non de lei:

O Parlamento de Galicia insta a Xunta de Galicia a tomar as medidas precisas para evitar o agrupamento destas dúas unidades no CPI Ponte Carreira de Frades.

Pazo do Parlamento, 7 de setembro de 2021





Asinado dixitalmente por:

Matilde Begoña Rodríguez Rumbo na data 07/09/2021 18:50:52

Luis Manuel Álvarez Martínez na data 07/09/2021 18:51:07

Gonzalo Caballero Míguez na data 07/09/2021 18:51:22



Á Mesa do Parlamento

O Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, por iniciativa das súas deputadas e do seu deputado, Matilde Begoña Rodríguez Rumbo, Leticia Gallego Sanromán e Juan Carlos Francisco Rivera, a través do portavoz e ao abeiro do disposto no artigo 160 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa mesa a seguinte proposición non de lei para o seu debate en Pleno.

O Consello de Contas foi creado pola Lei 6/1985, do 24 de xuño, do Consello de Contas, como órgano de control externo da Comunidade Autónoma galega. Esta lei foi reformada pola Lei 8/2015, coa finalidade de reforzar as súas competencias, a súa independencia e a súa propia eficiencia e capacidade de cooperación con outras institucións.

Na propia exposición de motivos da Lei 8/2015, do 7 de agosto, de reforma da Lei 6/1985, e do texto refundido da Lei de réxime financeiro e orzamentario de Galicia, aprobado polo Decreto legislativo 1/1999, do 7 de outubro, para a prevención da corrupción, establecece que *“O Consello de Contas de Galicia, o órgano de control e fiscalización externo das contas do sector público autonómico galego, ocupa unha posición especialmente relevante no tecido institucional da Comunidade Autónoma. Creado no propio Estatuto de autonomía de Galicia, no seu artigo 53.2, desenvolvido por unha das primeiras leis da Comunidade Autónoma (a Lei 6/1985, do 24 de xuño, do Consello de Contas, reformada pola Lei 4/1986), desde que o Consello de Contas se puxo en marcha no ano 1991 ten gañado o merecido recoñecemento da sociedade galega pola súa continuada contribución, a través dos sucesivos informes presentados ao Parlamento, á mellora da xestión dos recursos públicos administrados polo sector público autonómico”*.

E no artigo primeiro, modifícase o punto 1 do artigo 1 da Lei 6/1985, do 24 de xuño, do Consello de Contas, que queda redactado como segue: *“O Consello de Contas, como órgano de fiscalización externa das contas e da xestión económico-financieira e contable, exercerá a súa función en relación coa execución dos programas de ingresos e gastos do sector público da Comunidade Autónoma e asesorará o Parlamento de Galicia en materia económico-financieira”*, de xeito que o Consello de Contas, de acordo co artigo 53 do Estatuto de autonomía de Galicia, debe ofrecer ao Parlamento unha opinión sobre os estados financeiros da Comunidade que lle permita pronunciarse sobre a súa aprobación emitindo unha opinión sobre a integridade e fiabilidade das contas presentadas e sobre a situación económica da Administración autonómica,



cumprindo con tres obxectivos: verificar se a información rendida é completa e permite trasladar ao Parlamento unha opinión fiable; determinar se as contas reflicten razoablemente a imaxe fiel do patrimonio, dos resultados e da liquidación do orzamento e ofrecer a información necesaria para interpretar correctamente a situación financeira da Administración.

O 30 de xullo deste ano tiveron entrada neste Parlamento a Memoria anual de actividades do Consello de Contas de Galicia correspondentes ao exercicio 2020 e oito informes de fiscalización entre os que se inclúe o informe de fiscalización da Conta Xeral da Comunidade Autónoma correspondente a 2019.

No dito Informe de Fiscalización correspondente á Conta Xeral da Comunidade Autónoma para 2019 o Consello de Contas volve a poñer de manifesto unha serie de irregularidades na presentación das contas e na información facilitada que limitan o alcance do informe e presentan un número importante de incorreccións que se reiteran, na súa maioría, ano tras ano, polo que a maioría das recomendacións formuladas son idénticas ás feitas en exercicio anteriores e que seguen a estar pendentes de aplicación.

O feito de non aplicar as recomendacións feitas polo órgano fiscalizador supón un incumprimento grave co compromiso de transparencia, limitando a responsabilidade encomendada ao Consello de ofrecer ao Parlamento de Galicia unha opinión sobre os estados financeiros da Comunidade que lle permita pronunciarse sobre a súa aprobación.

Por iso, o Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, presenta a seguinte proposición non de lei:

O Parlamento de Galicia insta o Goberno galego a aplicar as recomendacións feitas polo Consello de Contas no seu Informe de fiscalización correspondente á Conta Xeral da Comunidade para o exercicio 2019, co fin de non limitar a responsabilidade encomendada ao Consello de ofrecer ao Parlamento de Galicia unha opinión sobre os estados financeiros da Comunidade que lle permita pronunciarse sobre a súa aprobación na conta correspondente ao exercicio 2020.

Pazo do Parlamento, 7 de setembro de 2021





Asinado dixitalmente por:

Matilde Begoña Rodríguez Rumbo na data 07/09/2021 17:28:35

María Leticia Gallego Sanromán na data 07/09/2021 17:28:49

Juan Carlos Francisco Rivera na data 07/09/2021 17:29:01

Gonzalo Caballero Míguez na data 07/09/2021 17:29:13



Á Mesa do Parlamento

O Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, por iniciativa das súas deputadas e do seu deputado, Matilde Begoña Rodríguez Rumbo, Leticia Gallego Sanromán e Juan Carlos Francisco Rivera, a través do portavoz e ao abeiro do disposto no artigo 160 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa mesa a seguinte proposición non de lei para o seu debate en Pleno.

O Consello de Contas foi creado pola Lei 6/1985, do 24 de xuño, do Consello de Contas, como órgano de control externo da Comunidade Autónoma galega. Esta lei foi reformada pola Lei 8/2015, coa finalidade de reforzar as súas competencias, a súa independencia e a súa propia eficiencia e capacidade de cooperación con outras institucións.

Na propia exposición de motivos da Lei 8/2015, do 7 de agosto, de reforma da Lei 6/1985, e do texto refundido da Lei de réxime financeiro e orzamentario de Galicia, aprobado polo Decreto legislativo 1/1999, do 7 de outubro, para a prevención da corrupción, establecece que *“O Consello de Contas de Galicia, o órgano de control e fiscalización externo das contas do sector público autonómico galego, ocupa unha posición especialmente relevante no tecido institucional da Comunidade Autónoma. Creado no propio Estatuto de autonomía de Galicia, no seu artigo 53.2, desenvolvido por unha das primeiras leis da Comunidade Autónoma (a Lei 6/1985, do 24 de xuño, do Consello de Contas, reformada pola Lei 4/1986), desde que o Consello de Contas se puxo en marcha no ano 1991 ten gañado o merecido recoñecemento da sociedade galega pola súa continuada contribución, a través dos sucesivos informes presentados ao Parlamento, á mellora da xestión dos recursos públicos administrados polo sector público autonómico”*.

E no artigo primeiro, modifícase o punto 1 do artigo 1 da Lei 6/1985, do 24 de xuño, do Consello de Contas, que queda redactado como segue: *“O Consello de Contas, como órgano de fiscalización externa das contas e da xestión económico-financieira e contable, exercerá a súa función en relación coa execución dos programas de ingresos e gastos do sector público da Comunidade Autónoma e asesorará o Parlamento de Galicia en materia económico-financieira”*, de xeito que o Consello de Contas, de acordo co artigo 53 do Estatuto de Autonomía de Galicia, debe ofrecer ao Parlamento unha opinión sobre os estados financeiros da Comunidade que lle permita pronunciarse sobre a súa aprobación emitindo unha opinión sobre a integridade e fiabilidade das contas presentadas e sobre a situación económica da administración autonómica,



cumprindo con tres obxectivos: verificar se a información rendida é completa e permite trasladar ao Parlamento unha opinión fiable; determinar se as contas reflicten razoablemente a imaxe fiel do patrimonio, dos resultados e da liquidación do orzamento e ofrecer a información necesaria para interpretar correctamente a situación financeira da Administración.

O 30 de xullo deste ano tiveron entrada neste Parlamento a Memoria anual de actividades do Consello de Contas de Galicia correspondes ao exercicio 2020 e oito informes de fiscalización entre os que se inclúe o Informe de fiscalización da Conta Xeral da Comunidade Autónoma correspondente a 2019.

No dito informe de Fiscalización correspondente á Conta Xeral da Comunidade Autónoma para 2019 o Consello de Contas volve a poñer de manifesto unha serie de irregularidades na presentación das contas e na información facilitada que limitan o alcance do informe e presentan un número importante de incorreccións que se reiteran, na súa maioría, ano tras ano, polo que a maioría das recomendacións formuladas son idénticas ás feitas en exercicios anteriores e que seguen a estar pendentes de aplicación.

Entre as incorreccións que pon de manifesto o órgano fiscalizador, manifesta no apartado B):

“2.5. No orzamento da Administración xeral rexistráronse con cargo ao exercicio 2019 gastos de exercicio anteriores por importe de 57,41 millóns de euros, mentres que deixaron sen rexistrarse gastos correspondentes ao devandito exercicio por importe de 64,89 millóns de euros, polo que o resultado orzamentario está sobrevalorado en 7,48 millóns de euros.

2.6. O remanente de tesourería da Administración xeral está sobrevalorado en 64,89 millóns de euros polas obrigas non imputadas ao orzamento no que se realizaron os gastos e que se rexistran parcialmente na conta 409. O remanente non distingue entre o afectado e o non afectado.

2.7. No ámbito do Sergas, no exercicio 2019 rexístranse gastos de exercicios anteriores por importe de 23,39 millón de euros, mentres que deixan de rexistrarse gastos correspondentes ao devandito exercicio por importe de 61,98 millóns de euros, polo que o resultado orzamentario está sobrevalorado en 38,59 millóns de euros”.

Este desprazamento de gasto distorsiona a transparencia requirida nos contas da Administración autonómica, así como a realidade sobre o cumprimento das



regras de gasto de obrigado cumprimento.

Por iso o Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, presenta a seguinte proposición non de lei:

O Parlamento de Galicia insta ao goberno galego a aplicar as recomendacións feitas polo Consello de Contas no seu informe de fiscalización corresponde á Conta Xeral da Comunidade para o exercicio 2019, co fin de non limitar a responsabilidade encomendada ao Consello de ofrecer ao Parlamento de Galicia unha opinión sobre os estados financeiros da Comunidade que lle permita pronunciarse sobre a súa aprobación na conta correspondente ao exercicio 2020.

Pazo do Parlamento, 7 de setembro de 2021

Asinado dixitalmente por:

Matilde Begoña Rodríguez Rumbo na data 07/09/2021 18:35:59

María Leticia Gallego Sanromán na data 07/09/2021 18:36:14

Juan Carlos Francisco Rivera na data 07/09/2021 18:36:25

Gonzalo Caballero Míguez na data 07/09/2021 18:36:38





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, a iniciativa do deputado **Xosé Luis Rivas Cruz** e das deputadas **Maria González Albert** e **Carmen Aira Díaz**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei para debate en Pleno**.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

A gandaría de montaña, esa que produce carnes variadas e exquisitas na calidade e no sabor non foi tema que lle preocupase ó PP máis alá de manter uns lazos populistas e caciquís que lle permitisen o control dos votos dos gandeiros e gandeiras.

Nunca optou por fortalecela e por darlle alternativas que fixeran dela nas súas diferentes variedades (vacún, cabalar, ovino e cabrún) unha actividade que asente poboación, xestione territorio e que sirva de prevención dos lumes pola súas rozas na matogueira dos nosos montes.

Estas afirmacións non son gratuítas. Nos anos 2013-14-15 e 18 a Consellería de Medio Ambiente non sacou ningunha liña de axudas para incentivar e desenvolver prácticas de manexo preventivo do gando coma mellor maneira de reducir e evitar os danos da fauna salvaxe nin á reparación destes. E as liñas de axudas aprobadas para prevención teñen resultado o suficientemente escasas coma para demostrar o pouco ou nulo interese da Xunta en abordar esta cuestión con responsabilidade e rigor.

O esforzo dunha administración en desenvolver este tipo de medidas de manexo preventivo das gandarías pode ser empregado coma o mellor indicador da importancia





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

que se lle ten prestado ao longo dos anos á problemática do lobo. E os datos apuntan a que a Consellería máis ben lle ten importado bastante pouco ou só o mínimo para aparentar cara a galería ante as críticas e malestar dos afectados.

E agora, de súpeto, o lobo pasa a ser asunto político central da axenda da Conselleira, cunha Xunta seica indignada polo posible cambio de protección legal da especie, coma paso para dar solucións ós danos que causan e garanti-la súa conservación. Resulta que agora para a Xunta a especie multiplicouse e comezou a ataca-lo gando coma nunca. Seica tanto ten aumentado nos últimos anos que estamos ante unha superpoboación. Orquestrouse unha especie de campaña para convencer á cidadanía que hai lobos por todas partes, danos por tódolos lados. Máis, á hora da verdade, a Xunta, se é e era coñecedora desta circunstancia, cabería preguntarse por que en tantos anos non se ten implicado máis e despregado medidas no grado e alcance proporcionado a esta suposta sobrepoboación.

Neste sentido, agardamos con ansia o resultado do censo exprés encargado pola Xunta para o 2021, para actualizar os datos da poboación referidos ó último censo realizado entre o 2013 e 2015. Censo que semella ideouse co propósito de demostrar que hai unha superpoboación lobuna e para o que non resultaría preciso protexer máis. Mudará de opinión a Xunta de resultar que o censo, no lugar de demostrar unha superpoboación, pode ofrecer unha diminución considerable das mandas con respecto ao anterior? Pois todo apunta, que os primeiros datos avanzados a nivel global das catro provincias van nesa liña.

Exerce de abandeirada doutras rexións e tenta acaparar apoios de tódalas forzas políticas nunha cruzada contra o lobo. Ante tanta insistencia e despregue político neste asunto, non hai quen o crea. A estratexia é clara, no fondo aquí o que menos lle importa á Xunta, unha vez máis, é o lobo e os gandeiros e os danos. Aquí o que importa é a





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

acción política de desgaste, o PP ten claro que hai que poñer patas arriba tódalas accións do goberno. E nisto o lobo pois tamén é utilizado.

As axudas, cando se sacaban, eran ridículas e as condicións eran e son de difícil cumprimento.

Poñamos por caso unha grea de gando cabalar en liberdade nun monte perimetrado de 400has. Para ter dereito a indemnización polos danos do lobo ten que se da-lo aviso nas 72 horas seguintes ó ataque e teñen que aparecer restos. Por conseguinte é necesario percorrer metro a metro as 400has cada 3 días, tódolos días do ano.

Vaia que están feitas a mantenta para non pagalas. Os cabalos deben ser chipeados. Un chip custa entre 40 e 50 euros. O valor no mercado dun poldro é arredor de 40 ou 60 euros. A realidade é demoledora.

Desde o bng non negámo-los ataques do lobo ó gando, pero defendémo-la súa existencia na necesaria diversidade. Unha sociedade moderna debe optar, ou se erradica, coas consecuencias que isto ten para a biodiversidade e como controlador natural e propiciador de beneficios para o ecosistema, ou se admite como necesaria a súa conservación en liberdade e cunha diversidade xenética axeitada para a súa existencia. Pero esta coexistencia non pode ser a costa dos gandeiros e gandeiras e para iso a sociedade debe procurar facilitar ós gandeiros:

- a) Medios preventivos que disuadan os ataques
- b) Medios que compensen os danos.

Os medios preventivos que ofrece o goberno son escasos e teñen unhas condicións ás veces de difícil cumprimento polos prazos, documentación farragosa ... O asesoramento en prevención non existe.





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Os medios compensatorios son tamén escasos e con condicións que deixan fóra a maior parte da casuística. No tocante a gando cabalar en liberdade queda case todo fóra porque aínda que os ataques son moitos e fan que os poldros non aparezan no tempo dos curros, ó non haber despoños nin notificacións en tempo a Consellería lava as mans.

Mante-los espazos privilexiados dos nosos montes, as turbeiras de coberteira do Xistral e do Cadramón, as greas da Capelada, Sabucedo, Monte Faro de Vimianzo, Castrove, da Groba... supón mante-la actividade dos besteiros de xeito digno e non en precario como están agora e un dos medios disuasorios dos ataques do lobo é constituír greas ben formadas.

Favorece-la ganaría extensiva nos nosos montes e mante-la existencia do lobo pasa por recuperar, formar e facer rendible o oficio de pastor. O equilibrio medioambiental, a xestión do territorio e a loita en contra do lume ben merecen ese esforzo.

Claro que toda esta protesta que manipula o PP e que utiliza como airado argumento a inclusión do lobo no Listado de Especies Silvestres en Régimen de Protección Especial y del Catálogo Español de Especies Amenazadas (LESRPRE) só persegue desgasta-lo goberno central e camufla-la responsabilidade do goberno galego na xestión do lobo e no deterioro galopante da ganaría extensiva.

Conta a Xunta xa con algún primeiro dato avanzado da situación no número de mandas de lobo do censo que está realizando? De demostrarse que non hai superpoboación e que, pola contra, a poboación tería diminuído, vai cesar na súa reivindicación contra a inclusión do lobo no LESRPRE





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Non é así como se xestiona e respecta a actividade dos gandeiros e gandeiras en extensivo. Claro que deste xeito tamén se canaliza politicamente o cabreo xustificado polo abandono e pola incompetencia do goberno da Xunta do PP.

E no referente á reparación dos danos é necesario unha valoración destes o máis real posible contemplando tamén o lucro cesante e ampliando as axudas á gandería de autoconsumo.

Por todo o exposto anteriormente, o Grupo Parlamentar presenta a seguinte proposición non de lei para debate en Pleno:

“O Parlamento insta a Xunta de Galiza a:

- Establecer nas futuras ordes de axudas un criterio de conteo de poldros e bestas vítimas dos ataques de lobo que respondendo á realidade non precise da presenza e identificación de restos.

- Ampliar razoablemente o prazo de xustificación das axudas dende que se comunica a aprobación da axuda ata que se presenta a conta xustificativa co gasto.

- Estudar xunto cos propietarios de greas ou cos seus lexítimos representantes, estratexias para unha comercialización da carne de poldro que ofrezca prezos razoables e economicamente rendibles.

- Establecer nas futuras ordes de axudas un criterio semellante para o conteo de cuxos e vacas en extensivo, vítimas dos ataques de lobo que respondendo á realidade non precise da presenza e identificación de restos.





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

- Incluir na ordes de axudas por danos o lucro cesante cunha valoración axeitada á realidade.

- Elaborar medidas de apoio e estratexias de mercado a respecto da comercialización da carne de vacún en extensivo.

- Establecer unha liña específica de axudas dentro do eco esquema de pastoreo extensivo do plan estratéxico galego para o novo PDR 2021-2027 que estableza un pago compensatorio polos servizos ambientais que prestan e outro pago polo servizo de mantemento e coexistencia cos grandes carnívoros (oso e lobo).”

Santiago de Compostela, 8 de setembro de 2020

Asdo.: **Xosé Luis Rivas Cruz**

Maria González Albert

Carmen Aira Díaz

Deputado e deputadas do G.P. do BNG

Ana Pontón Mondelo

Portavoz do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Xosé Luis Rivas Cruz na data 08/09/2021 12:07:20





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

María González Albert na data 08/09/2021 12:07:32

María del Carmen Aira Díaz na data 08/09/2021 12:07:42

Ana Pontón Mondelo na data 08/09/2021 12:07:51



Á Mesa do Parlamento

O Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, por iniciativa do seu deputado e da súa deputada, Luís Manuel Álvarez Martínez e Noa Díaz Varela, a través do portavoz e ao abeiro do disposto no artigo 160 do Regulamento da Cámara, presenta ante esa mesa a seguinte proposición non de lei para o seu debate na en Pleno.

Durante o curso escolar 2020/2021, o primeiro tras a grave paralización da actividade lectiva presencial como consecuencia da situación sanitaria provocada pola covid-19, a Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria incrementou con respecto ao curso anterior 43 unidades en educación infantil, 113 en educación primaria, 425 en educación secundaria obrigatoria e 127 en bacharelato, así como 240 mestres e 1058 profesores de educación secundaria.

O anterior, cunha achega de fondos extraordinarios por parte do Goberno do Estado, supuxo, en certa medida, corrixir o déficit de profesorado no sistema educativo galego, situación que é estrutural dende o primeiro Goberno do presidente Núñez Feijóo, situando as cifras en niveis similares ao ano 2010.

Non obstante, e pese á existencia de fondos para manter o profesorado (828.381,840 € que lle corresponden a esta comunidade autónoma segundo o *Real decreto 684/2021, do 3 de agosto, polo que se establecen a distribución e os aspectos necesarios para poder efectuar o libramento da dotación adicional de recursos para as comunidades autónomas e cidades de Ceuta e Melilla prevista no artigo 117 da Lei 11/2020, do 30 de decembro, de Orzamentos Xerais do Estado para o ano 2021*), a Consellería de Cultura, Educación e Universidade parece ter apostado por volver á situación anterior o que xa de por si é grave, ou mesmo reducir aínda máis o número de docentes con respecto ao curso 2019/2020 o que é inexplicable.

Como é de sobra sabido a grave crise demográfica que sofre Galicia e que afecta fundamentalmente ao mundo rural, supón necesariamente a perda de alumnos e a conseguinte redución de unidades nos centros educativos, incluso o peche dalgún deles, o que da lugar a situacións graves que deberían ser corrixidas á maior brevidade, posto que se trata dun asunto de País.

A redución de oferta educativa nos concellos afonda, aínda máis, no progresivo desmantelamento de servizos públicos, como xa ten denunciado en repetidas ocasións este grupo parlamentario.



O anterior é aplicable á situación que se está a dar no IES Lama das Quendas de Chantada no que a veciñanza ten iniciado unha mobilización ante o feito de que este centro reduza sete docentes con respecto ao curso anterior e tres con respecto ao curso 2019/2020, o que provoca de xeito obvio unha mingua da oferta educativa xa que suporá a perda da Educación Secundaria para Adultos (ESA), oferta que só se dá neste centro na localidade de Chantada e que tamén atende a persoas dos concellos de Taboada e Carballedo (entre outros), así como do programa CUALE do que resulta innecesario resaltar a súa importancia e no que este centro está autorizado este curso para as modalidades A1, A2, B1 e B2 de inglés.

Por iso, o Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, presenta a seguinte proposición non de lei.

O Parlamento de Galicia, insta a Xunta de Galicia a dotar o IES Lama das Quendas de Chantada do profesorado suficiente para garantir a oferta educativa que viña tendo ata o curso 2019/2020, así como a posibilidade de que o alumnado deste centro teña as posibilidades previstas na normativa en canto á optatividade.

Pazo do Parlamento, 8 de setembro de 2021

Asinado dixitalmente por:

Luis Manuel Álvarez Martínez na data 08/09/2021 12:12:31

Noa Susana Díaz Varela na data 08/09/2021 12:12:45

Gonzalo Caballero Míguez na data 08/09/2021 12:12:58





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

O Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG), a iniciativa das deputadas **Montserrat Prado Cores** e **Noa Presas Bergantiños** e dos deputados **Ramón Fernández Alfonzo** e **Daniel Pérez López**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei para debate en Pleno**, relativa as medidas a tomar diante do peche das oficinas de ABANCA en Cambados.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O Bloque Nacionalista Galego ten denunciado reiteradamente as consecuencias negativas para @s usuari@s do avance da concentración e oligopolización bancaria. A existencia de cada vez menos entidades bancarias e, polo tanto, menos oferta no mercado deriva de forma directa no empeoramento dos servizos e condicións que establecen as diferentes entidades.

O proceso de concentración e centralización bancaria significou a perda progresiva de entidades e tivo efectos moi negativos para Galiza en forma de destrución de emprego, exclusión de amplos sectores da poboación do acceso a servizos financeiros básicos e acentuación das dificultades de acceso ao crédito para o financiamento da nosa economía.

Segundo datos do propio Banco de España, Galiza está na cola do Estado español na rateo entre os aforros depositados nos bancos e o crédito concedido. É dicir, unha parte importante do aforro dos galegos e galegas, en vez de ser reinvestido no noso país, drénase fóra para contribuír ao financiamento da economía doutros territorios.





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Durante os últimos anos puidemos ver como se reducía o número de oficinas bancarias, como se reducían os servizos prestados e como aumentaban as comisións por servizos.

Galiza ten hoxe uns índices de concentración superiores á media estatal e europea e as entidades aproveitan isto para pactar condicións e reducir progresivamente a rede de oficinas ao tempo que empeoran as condicións, buscando o máximo beneficio económico a costa das persoas consumidoras e das e dos traballadores, que sofren constantes ERE e precarizacións. Esta situación afecta especialmente aos colectivos máis vulnerábeis da sociedade,

Neste contexto, vimos de coñecer a decisión de ABANCA de pechar a oficina que ten na parroquia de Corvillón, no concello de Cambados, o peche desta sucursal ven sumarse a outros na comarca do Salnés como Vilaxoán, Carril, Bamio ou a da praza de Galiza no concello de Vilagarcía, Pontearnelas e Baión en Vilanova.

Esta decisión de efectivizarse vai provocar un grave prexuízo as veciñas e veciños da parroquia de Corvillón cunha poboación de máis de dúas mil trescentas persoas, que van ter que desprazarse ou se verán na obriga de facerse dependentes de outras persoas para facelo de xeito dixital, se dispoñen dese recurso. Así mesmo, contradicindo as normas de competencia, impoñen horarios de caixa obrigando ás e aos usuarios a ir nas primeiras horas da mañá, converténdose en normal ver diante das sucursais colas de xente. A pandemia está a ser tamén unha coartada para obrigar á clientela a empregar a banca virtual, abusando especialmente das persoas maiores ao convertelas en vulnerábeis financeiramente.

Esta grave situación fan necesarias actuacións tanto do goberno central, de quen depende a regulación bancaria, como do goberno da Xunta, que ten competencias exclusivas en materia de consumo que non emprega.





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

O BNG súmase á preocupación d@s traballadores e traballadoras e da veciñanza polo peche continuado de oficinas. É preciso e evitar a exclusión financeira na que están quedando miles de galeg@s en Galiza co peche de oficinas, e defender a mellora das condicións laborais e o mantemento dos postos de traballo.

Por estas razóns, o Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego presenta a seguinte proposición non de lei para debate en Pleno:

“O Parlamento de Galiza insta ao Goberno galego a:

1.- Realizar todas as accións precisas diante da dirección de ABANCA para evitar o peche da oficina de Corvillón Cambados, e a reposición das pechadas na comarca do Salnés, polo que supón de exclusión financeira e perda de servizos á poboación e de postos de traballo.

2.- Exercer as súas competencias exclusivas en materia de consumo para garantir que as entidades bancarias presten os servizos bancarios de calidade, co persoal, instalacións e horario preciso e que non supoñan a vulneración dos dereitos da poboación, en especial da máis vulnerábel.

3. Instar ao Goberno Central a impulsar unha regulación do sector bancario que evite a concentración e centralización, atenda as necesidades de financiamento da economía produtiva e asegure o acceso da cidadanía a servizos financeiros básicos próximos.”

Santiago de Compostela, 8 de setembro de 2021

Asdo.: **Montserrat Prado Cores**





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Noa Presas Bergantiños

Ramón Fernández Alfonso

Daniel Pérez López

Deputada e deputados do G.P. do BNG

Ana Pontón Mondelo

Portavoz do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Ana Pontón Mondelo na data 08/09/2021 12:47:25

María Montserrat Prado Cores na data 08/09/2021 12:47:30

Noa Presas Bergantiños na data 08/09/2021 12:47:40

Ramón Fernández Alfonso na data 08/09/2021 12:47:47

Daniel Pérez López na data 08/09/2021 12:47:56





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, a iniciativa da deputada **Iria Carreira Pazos** e do deputado **Manuel Lourenzo Sobral**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei para debate en Pleno**, sobre a redución de aulas na escola infantil de Sabaxáns, en Brión.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS.

Nos últimos anos vimos asistindo a unha serie de políticas promovidas polo goberno galego nas cales se decide o desmantelamento do ensino público. Neste senso, os centros de ensino do rural non deixan de ser un dos máis importantes obxectivos, coa diminución de aulas, agrupamentos entre cursos e incluso chegando ao peche de escolas. Esta eliminación das escolas máis pequenas e de proximidade produce o traslado do alumnado a outros centros máis grandes e afastados, factor que ademais remata por entorpecer e dificultar enormemente a conciliación familiar.

Un destes casos dáse no concello de Brión, onde despois de que no pasado curso se pechase a escola da Luaña, este ano comeza con novos recortes nas escolas unitarias. A escola de Sabaxáns, situada na parroquia de Bastavales, foi unha das que absorbeu parte dese alumnado da Luaña que o curso pasado se viu obrigado a atopar unha nova localización. A comunidade educativa tivo coñecemento en pleno período estival da decisión da Xunta de reducir as dúas aulas existentes a unha soa, na que se acumularía todo o alumnado. Ademais da consecuencia clara que ten de sobrecarga laboral para o profesorado, ao contar con 18 crianzas na mesma aula, tamén se atopan coa situación na que o espazo pode chegar a facerse insuficiente.





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Esta decisión chega ademais cando aínda estamos inmersas na pandemia da COVID-19 e que obriga a continuar mantendo medidas hixiénicas para evitar a súa propagación. Cando neste centro se funcionou con dous grupos burbulla, agora vaise producir o agrupamento de todo o alumnado, duplicando os contactos de cadaquén.

Por todo o exposto anteriormente, o Grupo Parlamentar do BNG formula a seguinte proposición non de lei para o seu debate en Pleno:

“O Parlamento insta a Xunta de Galiza a reconsiderar a súa decisión de pechar unha das aulas da EEI de Sabaxáns, mantendo os dous grupos como viñan funcionando ata o de agora en aras de preservar unha mellor calidade educativa.”

Santiago de Compostela, 8 de setembro de 2021

Asdo.: **Iria Carreira Pazos**

Deputada do G.P. do BNG

Manuel Lourenzo Sobral

Portavoz s. do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Iria Carreira Pazos na data 08/09/2021 13:01:58

Manuel Antonio Lourenzo Sobral na data 08/09/2021 13:02:07



Á Mesa do Parlamento

O Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, por iniciativa da súa deputada e deputado, **Marina Ortega Otero e Julio Torrado Quintela**, a través do seu portavoz, e ao abeiro do disposto no artigo 160 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **Proposición non de lei para o seu debate en Pleno**.

Exposición de motivos

As administracións locais fixeron un gran esforzo económico para paliar as consecuencias da pandemia provocada pola Covid-19. Un dos maiores gastos locais para moitos dos concellos é o custe que supón o SAF pola ausencia da actualización da cota que a Xunta tiña que aportar ao servizo. Finalmente o Goberno galego accedeu, a proposta do Grupo Socialista, dedicar ao incremento da cota que asume do SAF dunha parte do fondo de consenso destinado a paliar os efectos da Covid.. Dende o grupo que sustenta o Goberno da Xunta de Galicia fíxose o compromiso de aumentar de 9,70 euros a hora do SAF, a 11,50 euros por hora.

Polo tanto nun momento de crise sanitaria, cando as administracións locais están a organizar os seguintes presupostos é preciso saber se o Goberno da Xunta de Galicia asumirá o incremento do copago no SAF ordinario en Galicia, e cando se fará efectivo.

Tratándose dun servizo fundamental dentro do novo modelo de coidados que Galicia precisa, unha das comunidades autónomas con maior taxa de envellecemento, é urxente un traballo transversal entre as administracións que ofrezca a previsión de recursos a modo de organizar a mellora do propio servizo.

A repercusión dunha boa organización e previsión dos recursos, repercutirá sobre o benestar das persoas usuarias do Servizo de Axuda no Fogar.

Polo exposto, o Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia presenta a seguinte Proposición non de lei:





“O Parlamento de Galicia insta á Xunta de Galicia a que informe sobre cando será efectivo o incremento da aportación da Administración autonómica no SAF.”

Pazo do Parlamento, 08 de setembro de 2021

Asdo.: Marina Ortega Otero
Julio Torrado Quintela Marina Ortega Otero
Deputada e deputado do G.P. dos Socialistas de Galicia
Asdo.: Gonzalo Caballero Miguez
Portavoz do G.P. dos Socialistas de Galicia

Asinado dixitalmente por:

Marina Ortega Otero na data 08/09/2021 17:14:29

Julio Torrado Quintela na data 08/09/2021 17:14:41

Gonzalo Caballero Míguez na data 08/09/2021 17:14:52





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, a iniciativa das deputadas **María González Albert** e **Carmen Aira Díaz** e do deputado **Xosé Luis Rivas Cruz**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei para debate en Pleno**, sobre a incidencia que o baleirado dos encoros por parte das eléctricas tivo na extinción dos lumes da xornada do 7 de setembro e das medidas a tomar por parte da Xunta de Galiza.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

A xornada do 7 de setembro déronse unhas condicións climatolóxicas que situaron a boa parte do territorio galego en situación de risco extremo en relación coa posíbel declaración de incendios forestais.

As previsións non erraron e nesa xornada (e xa na anterior do 6 de setembro) declaráronse no conxunto do país distintos lumes de distinta categoría que afectaron en maior ou menor grao a diferentes concellos de todo o país sendo o máis grave o declarado en Ribas de Sil (Lugo). Este último derivou no primeiro “grande incendio forestal” do ano no país e, partindo de dous focos diferentes, afectou nese concello e no veciño Pobra de Brollón a aproximadamente 1.450 hectáreas de masa arborada e monte baixo segundo os datos oficiais, sendo declarada situación 2 ante o grave perigo de afectación aos núcleos habitados de Rairos, Beirán (Salcedo) ou as Laceiras.

Ao tempo nesa xornada de lumes declaráronse, entre outros moitos incendios, dous focos no concello de Chandrexa de Queixa (Ourense) que remataron por queimar





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

122 hectáreas de monte raso e que se achegaron a 100 metros do parque natural do Invernadoiro.

Paralelamente estamos a asistir en Galiza a unha situación inédita na que as grandes empresas eléctricas teñen levado a cabo un baleirado agresivo dalgúns dos maiores encoros dos nosos ríos para especular cos prezos da luz a custa dun ben básico e aumentar así o seu negocio.

Este baleirado coñecido con anterioridade pola Xunta de Galiza e que representa un grave atentado ecolóxico e unha intervención abusiva no mercado eléctrico, ten ademais unha grave derivada vinculada á actuación dos medios aéreos en lumes tan complicados de abordar como os que mencionamos con anterioridade.

Así, semella confirmado que, cando menos nos dous lumes de Chandrexa de Queixa, non se puido contar coa intervención dos FOCA porque a situación de baleirado do Cenza (ao 12,5% da súa capacidade) e as Portas (14,74% de capacidade), os encoros máis próximos impedía realizar os traballos de carga. Queremos ter presente o agravante de que toda a superficie ardida neses lumes foi dentro do Macizo Central ourensán e polo tanto dentro da Rede Natura.

No grande lume de Ribas de Sil, por outra banda, vimos como eses mesmos FOCA tiñan que alongar o tempo de desprazamento para poder cargar en Belesar (a uns 40 km) cando o Cenza estaba só a 28 km de distancia.

Por todo o exposto, o Grupo Parlamentar do BNG presenta a seguinte proposición non de lei para debate en Pleno:

“O Parlamento de Galiza insta a Xunta de Galiza a:





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

1. Avaliar os danos materiais, a superficie afectada, a afectación ambiental e os custes de extinción e recuperación derivados da incidencia do baleirado dos encoros nas labores de extinción dos incendios forestais de Chandrexa de Queixa e Ribas de Sil do pasado 7 de setembro
2. Establecer á empresa a sanción correspondente derivada da avaliación anterior.
3. Tomar as medidas precisas para que os encoros hoxe baleirados de xeito irregular recuperen canto antes os seus niveis medios de anos anteriores para evitar que se repita a situación en caso de producirse novos incendios forestais.”

Santiago de Compostela, 8 de setembro de 2021

Asdo.: **María González Albert**

Carmen Aira Díaz

Xosé Luis Rivas Cruz

Deputadas e deputado do G.P. do BNG

Ana Pontón Mondelo

Portavoz do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

María González Albert na data 08/09/2021 18:34:42





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

María del Carmen Aira Díaz na data 08/09/2021 18:34:53

Xosé Luis Rivas Cruz na data 08/09/2021 18:35:08

Ana Pontón Mondelo na data 08/09/2021 18:35:18





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, a iniciativa das deputadas **María González Albert** e **Carmen Aira Díaz** e do deputado **Xosé Luis Rivas Cruz**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei para debate en Pleno**, sobre a recuperación das zonas queimadas nos lumes de Ribas de Sil e Quiroga.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

As xornadas do 6 e o 7 de setembro foron Galiza estaba en risco extremo ante a posibilidade de incendios forestais. Así, máis unha vez, no luns 6 de setembro o país comezou a arder de norte a sur e de leste a oeste: Éntoma (O Barco de Valdeorras), Enxilde (Mazaricos), Pantón, Chandrexa de Queixa, Cerceda, Portomarín, Santa Comba, Bastavales (Brión), Guitiriz, Friol, A Peroxa, (San Fiz)A Proba de Trives, Seres (Castroverde), Cualedro, Quiroga, A Pobra de Brollón e Ribas de Sil.

Este último, o de Ribas de Sil, estaba situado dentro do perímetro da Ribeira Sacra e en boa medida dentro do xeparque Montañas do Courel e derivou no primeiro “grande incendio forestal” do ano no país e, partindo de dous focos diferentes, afectou nese concello e no veciño da Pobra de Brollón a aproximadamente 1.450 hectáreas de masa arborada e monte baixo segundo os





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

datos oficiais, sendo declarada situación 2 ante o grave perigo de afectación aos núcleos habitados de Rairos, Beirán (Salcedo) ou as Laceiras.

Por outra banda, os dous lumes declarados en Chandrexa de Queixa afectaron a máis de 120 hectáreas do Macizo Central e da escasa Rede Natura declarada como tal en Galiza.

Unha vez controlados, estabilizados e sufocados os lumes chega a importante labor de recuperación destas zonas ambiental, cultura, social e economicamente relevantes das provincias do interior de Galiza, que teñen no Macizo e na Ribeira Sacra dous dos elementos máis singulares e enriquecedores dos seus territorios.

Por todo o exposto, o Grupo Parlamentar do BNG presenta a seguinte proposición non de lei para debate en Pleno:

O Parlamento de Galiza insta a Xunta de Galiza a:

1. Tomar as medidas de recuperación urxentes precisas para evitar a erosión do terreo e a contaminación dos cursos fluviais afectados polos lumes de Ribas de Sil e Chandrexa de Queixa dos pasados 6 e 7 de setembro.
2. Establecer as medidas excepcionais que sexan necesarias para minorar a afectación dos incendios forestais en espazos naturais protexidos e en espazos





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

singulares como o Macizo Central, o xeparque Montañas do Courel ou a Ribeira Sacra.

3. Avaliar o grao de execución dos traballos de limpeza de biomasa nas zonas afectadas polos lumes e a súa incidencia no resultado final dos mesmos.”

Santiago de Compostela, 8 de setembro de 2021

Asdo.: **María González Albert**

Carmen Aira Díaz

Xosé Luis Rivas Cruz

Deputadas e deputado do G.P. do BNG

Ana Pontón Mondelo

Portavoz do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

María González Albert na data 08/09/2021 19:18:57

María del Carmen Aira Díaz na data 08/09/2021 19:19:08





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Xosé Luis Rivas Cruz na data 08/09/2021 19:19:19



Á Mesa do Parlamento

O Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, por iniciativa das súas deputadas e do seu deputado **Leticia Gallego Sanromán, Noelia Otero Lago, Julio Torrado Quintela e Marina Ortega Otero**, a través do seu portavoz e ao abeiro do disposto no artigo 160 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **proposición non de lei en Pleno**.

Exposición de motivos

A quinta vaga da pandemia da COVID-19, con casos máis leves debido ao protagonismo da mocidade e ao progreso da vacinación, presionou principalmente na cidade de Vigo aos servizos de atención primaria e urxencias.

No Hospital Álvaro Cunqueiro viviron o verán con maior actividade da súa historia nas urxencias. Non só polas consultas relacionadas coa COVID ou coa súa vacinación, senón tamén pola sobrecarga dos centros de saúde.

A media diaria de visitas ó servizo de adultos do Hospital Álvaro Cunqueiro nunca baixou dos 300, no pasado mes de xullo alcanzou o récord estival das 400 consultas e en agosto 388.

As consecuencias desta situación é o esgotamento físico e mental dos profesionais que están neste servizo de urxencias na cidade de Vigo.

Por outra banda, a sobrecarga á que está sometida a Atención Primaria, co enorme volume de casos COVID leves ou asintomáticos que tiveron que xestionar na época de vacacións e sen substitucións, tamén derivou nun bo número de asistencia ás urxencias hospitalarias. Uns 80 pacientes ó día chegan ó Hospital Álvaro Cunqueiro alegando que non atopan outra vía para ser atendidos.

Nestas circunstancias desde o servizo de urxencias deste hospital manifestan que non se está facendo o uso máis correcto do servizo de Urxencias, soamente un 60 % dos casos que atenden son realmente urxencias. Este debería ser un recurso que se chegara previo paso polo médico de familia, polo Punto de Atención Continuada ou por unha chamada O 061. Sen embargo, tan só unha cuarta parte chegan derivados.

Hai que destacar a importancia que ten para o servizo de Urxencias o labor que realizan os médicos de Atención Primaria. Entre outras cousas están percibindo



como a sobrecarga da pandemia levou a un deterioro no seguimento de pacientes crónicos, chegan en peores condicións e requiren uns ingresos que antes evitábanse. Por iso é tan importante o gran traballo que fan os médicos/as de familia.

Có elevado porcentaxe da poboación inmunizada frete a COVID-19, o 70 % na área da poboación, e o descenso da incidencia da quinta vaga, é un bo momento para retomar a cita presencial nos centros de saúde de toda Galicia. Así reduciríanse o número de consultas, xa que se evitaría a duplicidade dunha primeira chamada telefónica e unha posterior citación presencial ó considerar o médico que debe ver ó paciente. Tamén seguimentos telefónicos durante varios días que se limitarían a unha consulta de acto único cunha valoración presencial realizando unha exploración adecuada do paciente.

No pasado mes de outubro os socialista xa rexistramos unha iniciativa instando á Xunta de Galicia a garantir a correcta e plena asistencia sanitaria nos centros de saúde de Vigo e nos PAC para que os vigueses e viguesas teñan unha mellor atención sanitaria, especialmente en pediatría.

Un ano despois a situación non mellorou, senón que foi a peor, polo que volvemos a esixirlle ó Sergas que solucione a problemática que existe na sanidade galega e concretamente na sanidade viguesa.

Por todo o exposto, o Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia presenta a seguinte proposición non de lei para o seu debate en Pleno:

O Parlamento galego insta a Xunta de Galicia a:

- Retomar a cita presencial inmediatamente nos centro de saúde e que se cubran as prazas vacantes en atención primaria para poder dar servizo sanitario á poboación de Vigo.
- Reforzar con máis persoal ós PAC da cidade e ás Urgencias do Hospital Álvaro Cunqueiro.

Pazo do Parlamento, 9 de setembro do 2021





Asinado dixitalmente por:

María Leticia Gallego Sanromán na data 09/09/2021 10:23:23

Noelia Otero Lago na data 09/09/2021 10:23:34

Julio Torrado Quintela na data 09/09/2021 10:23:45

Marina Ortega Otero na data 09/09/2021 10:23:53

Gonzalo Caballero Míguez na data 09/09/2021 10:24:04





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, a iniciativa das deputadas **Carmen Aira Díaz** e **Mercedes Queixas Zas** e do deputado **Manuel Lourenzo Sobral**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei para debate en Pleno**.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

No concello de Monforte de Lemos atópase o embarcadoiro de Doade. Doade é unha parroquia intermunicipal que pertence aos concellos de Monforte e de Sober. No concreto, o embarcadoiro está na parroquia de Doade, termo municipal de Monforte de Lemos.

Se tomamos a división municipal como referencia observamos como parte da parroquia de Doade pertence a Monforte, en concreto os núcleos dos Palleiros, O Colado e San Pedro de Baños e (sen habitantes) .

Dende a Presidencia do goberno da Deputación de Lugo cámbiase o nome do lugar onde se encontra o embarcadoiro e de onde saen os catamaráns da deputación de Lugo operados por Tragsa, creando un novo topónimo para un lugar que xa estaba nomeado dende tempos inmemoriais, polo que se considera un topónimo asentado. Para maior complicación o “novo topónimo” coincide con outro xa existente e asentado na propia Ribeira Sacra (marca turística e xeodestino). Ponte do Sil é un lugar do termo municipal de Quiroga (véxase o nomenclátor de Galicia).





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

A normativa en vigor na comunidade galega conduce a determinar que corresponde á Xunta de Galiza fixar os topónimos oficiais dos municipios, non sendo en ningún caso competencia para determinar os topónimos dos concellos ou deputacións correspondentes.

As procuras toponímicas realizadas por internet conducen en moitas ocasións ao concello de Quiroga ocasionando graves problemas ás persoas que se achegan á Ribeira Sacra para desfrutar dun paseo en catamarán por unha paisaxe natural e patrimonial única.

En todo caso, non ten lóxica cambiar un nome a un embarcadoiro, que tradicionalmente se chama como o lugar onde se encontra, por un nome que causa confusión polo número de "Ponte do Sil" que hai entre o Barco de Valdeorras e Os Peares e que está enclavada na coñecida como Ribeira de Doade tanto na parte monfortina como na de Sober, e menos cando traballamos baixo o mesmo xeodestino.

Por todo o exposto, o Grupo Parlamentar do BNG presenta a seguinte proposición non de lei para debate en Pleno:

“O Parlamento galego insta a Xunta a renomear o embarcadoiro de Doade, prescindindo do nome impostado de Ponte do Sil, como foi chamado tradicionalmente, recuperando este nome facendo valer as competencias da Xunta de Galiza sobre a toponimia, sendo polo tanto suprimida a denominación de Ponte do Sil, lugar situado no concello de Quiroga e que conduce a confusión das persoas que queren visitar o lugar para embarcarse polo río dende o que tradicionalmente se





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

chamou embarcadoiro de Doade, situado na parroquia de Doade e na Ribeira do mesmo nome.”

Santiago de Compostela, 9 de setembro de 2021

Asdo.: Carmen Aira Díaz

Mercedes Queixas Zas

Deputadas do G.P. do BNG

Manuel Lourenzo Sobral

Portavoz s. do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

María del Carmen Aira Díaz na data 09/09/2021 11:01:26

Mercedes Queixas Zas na data 09/09/2021 11:01:41

Manuel Antonio Lourenzo Sobral na data 09/09/2021 11:01:51



Á Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentario Popular de Galicia** a través do seu **Portavoz** e por iniciativa dos deputados e deputadas, **Diego Calvo Pouso, Marisol Díaz Mouteira, Marta Nóvoa Iglesias, José Manuel Balseiro Orol, Ramón Carballo Páez, Rubén Lorenzo Gómez, Carmen Pomar Tojo, José Antonio Armada Pérez, José Luis Ferro Iglesias, Noelia Pérez López, Marta Rodríguez-Vispo Rodríguez e Borja Verea Fraiz**, ao abeiro do disposto no artigo 160 e concordantes do Regulamento da Cámara, presenta ante esta Mesa a seguinte **proposición non de lei para o seu debate en Pleno**.

Exposición de motivos

Galicia padece un agravio comparativo en materia de infraestruturas viarias con respecto a outras comunidades autónomas polas peaxes das autoestradas estatais, que inciden negativamente na economía doméstica e reducen competitividade ás empresas, agravando o efecto da situación xeográfica periférica na que se atopa.

Unha das causas desta situación é a AP-9, que nos últimos anos sufriu subas extraordinarias de tarifas autorizadas polo Goberno de Pedro Sánchez e que, pese ás bonificacións que empezaron a aplicarse o pasado mes de xullo, continúa a ser unha das autoestradas máis caras de España.

A comezos de setembro dúas autoestradas estatais, de Aragón e de Cataluña, quedaban liberadas de peaxe pola fin da concesión, un feito que sitúa a Galicia como a comunidade con máis peaxes nas autoestradas estatais.

Mentres se liberan peaxes, vemos tamén como o Goberno de España pretende impoñer que os cidadáns paguen polo uso das autovías, o que afondaría aínda máis no agravio a Galicia.

Cómpre ter en conta, ademais, que os usuarios da outra autoestrada estatal da Comunidade, a AP-53, que vertebra o interior de Galicia e comunica Santiago de Compostela con Ourense, non se benefician de ningún desconto no tramo estatal que é de peaxe, entre Santiago e Dozón.

Por todo isto, o Grupo Parlamentario Popular, presenta a seguinte proposición non de lei en Pleno:

“O Parlamento de Galicia insta á Xunta de Galicia a demandar ao Goberno de España o establecemento de bonificacións nas peaxes da autoestrada estatal AP-53, que



vertebra o interior de Galicia, comunicando Santiago e Ourense, similares ás que se veñen de aplicar na AP-9, tendo especialmente en conta, aos usuarios recorrentes e aos transportistas e incluíndo ás familias numerosas”.

Santiago de Compostela, 9 de setembro de 2021

Asinado dixitalmente por:

Parlamento de Galicia. Rúa Hórreo, 63 | 15701 Santiago de Compostela | Tel. 981 551 510

gp-pp@parlamentodegalicia.gal

@gppgalicia

@GrupoPopularGal



Pedro Puy Fraga na data 09/09/2021 13:14:52

Diego Calvo Pouso na data 09/09/2021 13:15:10

María Sol Díaz Mouteira na data 09/09/2021 13:15:20

Marta Nóvoa Iglesias na data 09/09/2021 13:15:32

José Manuel Balseiro Orol na data 09/09/2021 13:15:47

Ramón Carballo Páez na data 09/09/2021 13:15:59

Rubén Lorenzo Gómez na data 09/09/2021 13:16:16

Carmen María Pomar Tojo na data 09/09/2021 13:16:26

José Antonio Armada Pérez na data 09/09/2021 13:16:42

José Luis Ferro Iglesias na data 09/09/2021 13:16:57

Noelia Pérez López na data 09/09/2021 13:17:06

Marta Rodríguez Vispo Rodríguez na data 09/09/2021 13:17:19

Borja Vereá Fraiz na data 09/09/2021 13:17:29



A Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentario Popular de Galicia** a través do seu **Portavoz** e por iniciativa das deputadas e deputados, **Teresa Egerique Mosquera, José Manuel Balseiro Orol, Ana Belén García Vidal, Manuel Santos Costa, Alberto Pazos Couñago, Elena Suárez Sarmiento e Daniel Vega Pérez**, ao abeiro do disposto no artigo 160 e concordantes do Regulamento da Cámara, presenta ante esa Mesa, a seguinte **proposición non de lei para o seu debate en Pleno**.

Exposición de motivos

A finais de 2020, cando a Unión Europea e o Reino Unido anunciaron o seu acordo de pesca tralo Brexit, Noruega aproveitou para anunciar un recorte unilateral de mais de 6.700 toneladas de cota de bacallau en Svalbard, o que supón un 30% do que se viña pescando nos últimos anos.

Os buques que levan bandeira comunitaria terían asignadas 24.645 toneladas de bacallau para capturar en Svalbard, arquipélago no cal, a pesar de estar baixo control noruegués, a explotación dos seus recursos debe compartirse cos asinantes do Tratado de Svalbard, asinado en París hai máis de 100 anos. Non obstante, Noruega aproveitou o Brexit para recortar esta cota unilateralmente, deixando 17.885 toneladas para os armadores comunitarios.

Esa redución afectou á flota bacallaeira galega, que xunto a países como Francia, Alemaña, Portugal e Polonia, reaccionou cunha demanda de corrección contra o país nórdico, e lonxe de reaccionar rectificando, Noruega ameazou con detencións de buques comunitarios.

Foi entón cando a Unión Europea ameazou a Oslo con aranceis e advertiu a Noruega nunha nota verbal que, de persistir esa postura en Svalbard, imporá unha tarifa aos seus produtos.

A flota bacallaeira en Galicia xera máis de dous centos de postos de traballo en Vigo e a súa área. Falamos dunha flota reducida que move un negocio de máis de 20 millóns de euros, e está a sufrir unha grave ameaza, ademais de sufrir un trato discriminatorio e non xustificado.

Por todos estes motivos expostos, o Grupo Parlamentario Popular, presenta a seguinte proposición non de lei en Pleno:

“O Parlamento de Galicia insta á Xunta de Galicia a dirixirse ao Goberno de España para censurar diante da UE o comportamento do Goberno de Noruega sobre a flota



bacallaeira, así como para esixirle que se adopten medidas equivalentes de sanción fronte ao recorte unilateral de disposición de cotas de pesca de bacallau”.

Santiago de Compostela, 9 de setembro de 2021

Parlamento de Galicia. Rúa Hórreo, 63 | 15701 Santiago de Compostela | Tel. 981 551 510

gp-pp@parlamentodegalicia.gal

@gppgalicia

@GrupoPopularGal



Asinado dixitalmente por:

Pedro Puy Fraga na data 09/09/2021 13:20:41

Teresa Egerique Mosquera na data 09/09/2021 13:20:58

José Manuel Balseiro Orol na data 09/09/2021 13:21:08

Ana Belén García Vidal na data 09/09/2021 13:21:19

Manuel Santos Costa na data 09/09/2021 13:21:29

José Alberto Pazos Couñago na data 09/09/2021 13:21:36

María Elena Suárez Sarmiento na data 09/09/2021 13:21:47

Daniel Vega Pérez na data 09/09/2021 13:22:00

Parlamento de Galicia. Rúa Hórreo, 63 | 15701 Santiago de Compostela | Tel. 981 551 510

gp-pp@parlamentodegalicia.gal

 [@gppgalicia](https://www.facebook.com/gppgalicia)

 [@GrupoPopularGal](https://twitter.com/GrupoPopularGal)



A Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentario Popular de Galicia** a través do seu **Portavoz** e por iniciativa das deputadas e deputados, **Teresa Egerique Mosquera, José Manuel Balseiro Orol, Ana Belén García Vidal, Manuel Santos Costa, Alberto Pazos Couñago, Elena Suárez Sarmiento e Daniel Vega Pérez**, ao abeiro do disposto no artigo 160 e concordantes do Regulamento da Cámara, presenta ante esa Mesa, a seguinte **proposición non de lei para o seu debate en Pleno**.

Exposición de motivos

Noruega autoasignouse 298.299 toneladas de cabala para este ano, o que supón que disporá do 35% do total para as augas do Atlántico Nordeste e que incrementa nun 55% as súas posibilidades de captura.

Este feito foi replicado por Islandia e illas Feroe, que se autoasignaron tamén cota de cabala para a súa pesca polos buques da súas bandeiras, saltando os acordos dos países ribeiregos de NEAFC e as recomendacións de ICES tradicionalmente respectadas.

O feito de que Noruega, Islandia e Feroe se autoasignasen cota de xarda, reflicte un deterioro das relacións pesqueiras coa Unión Europea e supón un ataque á xestión sostible da pesqueira, en todos os seus aspectos (ambiental, social e económico).

A xarda é unha especie compartida por varios Estados do Atlántico nordeste, entre eles Noruega, Islandia, Feroe e os países da Unión Europea, de ahí que estas decisións inflúan aos Estados membros, especialmente a aqueles cunha actividade pesqueira na zona.

Consideramos que a Unión Europea debe actuar de xeito inmediato (como fixo en ocasións precedentes con Feroe e Islandia) con sancións pois esta situación pode servir de precedente en relacións futuras relacionadas con esta e outras especies e iso é sumamente prexudicial.

Por todos estes motivos expostos, o Grupo Parlamentario Popular, presenta a seguinte proposición non de lei en Pleno:

“O Parlamento de Galicia insta á Xunta de Galicia a dirixirse ao Goberno de España para censurar diante da UE o comportamento dos Gobernos de Noruega, Islandia e Illas Feroe na asignación de cota de cabala, así como para esixirle que se adopten



medidas equivalentes de sanción fronte a Noruega, Islandia e Illas Feroe ante esta decisión unilateral”.

Santiago de Compostela, 9 de setembro de 2021

Asinado dixitalmente por:

Pedro Puy Fraga na data 09/09/2021 13:25:57

Parlamento de Galicia. Rúa Hórreo, 63 | 15701 Santiago de Compostela | Tel. 981 551 510

gp-pp@parlamentodegalicia.gal



Teresa Egerique Mosquera na data 09/09/2021 13:26:14

José Manuel Balseiro Orol na data 09/09/2021 13:26:25

Ana Belén García Vidal na data 09/09/2021 13:26:40

Manuel Santos Costa na data 09/09/2021 13:26:50

José Alberto Pazos Couñago na data 09/09/2021 13:26:57

María Elena Suárez Sarmiento na data 09/09/2021 13:27:08

Daniel Vega Pérez na data 09/09/2021 13:27:20



A Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentario Popular de Galicia** a través do seu **Portavoz** e por iniciativa das deputadas e deputados, **Teresa Egerique Mosquera, José Manuel Balseiro Orol, Ana Belén García Vidal, Manuel Santos Costa, Alberto Pazos Couñago, Elena Suárez Sarmiento e Daniel Vega Pérez**, ao abeiro do disposto no artigo 160 e concordantes do Regulamento da Cámara, presenta ante esa Mesa, a seguinte **proposición non de lei para o seu debate en Pleno**.

Exposición de motivos

Dende Galicia veuse traballando, desde a colaboración entre sector marítimo-pesqueiro e a Consellería do Mar, nunha modificación da normativa que permitise flexibilizar tanto a regularización das embarcacións cuxos datos non coincidían cos do seu rexistro como de obter maior adecuación nas súas disposicións de potencia ou arqueo de cara a efectuar as súas tarefas marisqueiras ou pesqueiras.

É certo que se produciron certas sancións a varias embarcacións alegando exceso de cabalaxe nos seus motores, e tamén é certo que a Consellería do Mar mediu ante a Secretaría General de Pesca e coa Dirección General de Marina Mercante para intentar habilitar unha lista específica que contemplase as embarcacións que faenan a marisqueo e/ou a recursos específicos, co obxectivo de buscar unha posible solución para estes barcos que contan cunha estrita limitación de potencia.

Somos coñecedores de que os titulares de embarcacións destinadas á extracción de recursos específicos e marisqueo solicitan un aumento da potencia dos seus motores por unha cuestión de seguridade no traballo, pois resulta máis doado escapar das ondas en caso de mal tempo cando o motor posúe maior potencia.

Por outra banda, o exercicio de marisqueo a flota esixe de faenar en zonas de escaso calado, o que impide que moitas veces poidan acceder cos barcos, facendo recomendable o uso de outras embarcacións de menor porte. Podemos concluír que estamos ante unha reivindicación xusta que busca garantir o traballo destes mariscadores nunhas condicións de maior certeza, fiabilidade e operatividade.

Pola súa banda, e tras as peticións formuladas polo sector pesqueiro galego e pola Consellería do Mar, a Secretaría General de Pesca accedeu a analizar o tema, propoñendo unha modificación do Real Decreto de Ordenación Pesqueira en orde a efectuar a consideración como auxiliares de lista 4ª dos buques que se utilizan para capturas de percebe, algas, ourizos, a similitude dos buques auxiliares de coral, empregados de facto para acercar aos mariscadores alí onde se atopa o recurso.



Por todo o exposto, o Grupo Parlamentario Popular presenta a seguinte proposición non de lei en Pleno:

“O Parlamento de Galicia insta á Xunta de Galicia a demandar ao Goberno de España a aprobar de modo urxente a modificación do Real Decreto de Ordenación Pesqueira de cara a regular de xeito rápido a creación dunha lista específica de embarcacións có obxectivo de dar solución ao procedemento de adecuación das disposicións normativas sobre a potencia e/ou arqueo das embarcacións que faenan a marisqueo e/ou recursos específicos”.

Santiago de Compostela, 9 de setembro de 2021

Parlamento de Galicia. Rúa Hórreo, 63 | 15701 Santiago de Compostela | Tel. 981 551 510

gp-pp@parlamentodegalicia.gal

 [@gppgalicia](https://www.facebook.com/gppgalicia)

 [@GrupoPopularGal](https://twitter.com/GrupoPopularGal)



Asinado dixitalmente por:

Pedro Puy Fraga na data 09/09/2021 14:16:21

Teresa Egerique Mosquera na data 09/09/2021 14:16:37

José Manuel Balseiro Orol na data 09/09/2021 14:16:46

Ana Belén García Vidal na data 09/09/2021 14:16:58

Manuel Santos Costa na data 09/09/2021 14:17:06

José Alberto Pazos Couñago na data 09/09/2021 14:17:16

María Elena Suárez Sarmiento na data 09/09/2021 14:17:25

Daniel Vega Pérez na data 09/09/2021 14:17:37

Parlamento de Galicia. Rúa Hórreo, 63 | 15701 Santiago de Compostela | Tel. 981 551 510

gp-pp@parlamentodegalicia.gal

 [@gppgalicia](https://www.facebook.com/gppgalicia)

 [@GrupoPopularGal](https://twitter.com/GrupoPopularGal)





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, a iniciativa das deputadas e deputados **Carmen Aira Díaz, María González Albert e Xosé Luis Rivas Cruz**, ao abeiro do disposto nos artigos 160 e 98 do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei para debate na Comisión 7ª polo trámite de urxencia**.

XUSTIFICACIÓN DA URXENCIA

A urxencia vén motivada pola necesidade de que o Parlamento se posicione canto antes a respecto das actuacións da Xunta de Galiza para reducir as consecuencias dos recentes lumes nos concellos de Ribas de Sil, Quiroga e A Pobra do Brollón con máis de 1.600 Has. arrasadas.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O día 5 do mes en curso declarouse un incendio no concello de Ribas de Sil, este día levantouse un vento que provocou unha rápida progresión do lume que motivou que cruzara o río Sil desprazándose aos concellos de Quiroga e Pobra do Brollón nas seguintes horas.

As ladeiras do río Sil e do río Lor foron devoradas polas chamas debido á gran masa de coníferas que albergaban, cuestión esta que permitiu que a dimensión do incendio se multiplicara acadando a consideración de nivel 2.





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Este modelo forestal baseado na masificación de especies pirófitas favorece que se multiplique a superficie queimada, como foi neste caso, no que chegou a superar as 1600 Has. queimadas de sul a norte, poñendo en serio perigo núcleos de poboación, algún deles de difícil acceso.

A maiores da intervención de numerosos medios aéreos e terrestres houbo 2 circunstancias que facilitaron a estabilización dos lumes, e estas foron a choiva e as masas de vexetación autóctona.

Precisamente este comezo do outono, que ben pode ser chuvioso, pode resultar extremadamente prexudicial para os solos queimados pola erosión que provocan e para os ríos polo arrastre de cinzas ao seu cauce.

É importante conservar o grosor da cinza cargada de nutrientes para que esa materia orgánica sirva para que se arraigue nova vexetación herbácea que axude á súa vez a manter o solo.

É necesario, polo tanto, que dende a Consellería de Medio Rural se tomen medidas urxentes para impedir que ocorran máis desastres despois do xa desastroso suceso do lume.

Ata o de agora parecen medidas de consenso usar sementes de vexetación herbácea e cubrir os solos queimados de acolchado de palla ou outros materiais, para evitar o efecto do impacto e arrastre das augas da choiva que rematan nos cauces dos ríos eutrofizando a auga e causando a morte dos peixes.

É polo tanto imprescindible actuar de xeito inmediato e tomar medidas de protección para o ecosistema queimado e conservar o solo en condicións idóneas para que se produza a revexetación natural ou a implantación de nova vexetación.





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Por todo isto, o Grupo Parlamentar do BNG presenta a seguinte proposición non de lei para debate na Comisión 7ª polo trámite de urxencia:

“O Parlamento galego insta a Xunta a tratar de xeito inmediato os solos calcinados polo lume de Ribas de Sil, Quiroga e Pobra do Brollón seguindo as seguintes pautas:

- Análise da situación.
- Tratamento do solo calcinado sementando especies herbáceas.
- Cobertura do solo con palla ou herba.

Todo isto co fin de evitar a erosión da capa de cinza e o seu arrastre cara os leitos dos ríos Lor e Sil evitando así a morte masiva de peixes, nomeadamente de troitas das que é especialmente rico o río Lor.”

Santiago de Compostela, 10 de setembro de 2021

Asdo.: **Carmen Aira Díaz**

María González Albert

Xosé Luis Rivas Cruz

Deputado e deputadas do G.P. do BNG

Ana Pontón Mondelo

Portavoz do G.P. do BNG





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Asinado dixitalmente por:

Xosé Luis Rivas Cruz na data 10/09/2021 11:28:43

María del Carmen Aira Díaz na data 10/09/2021 11:28:47

María González Albert na data 10/09/2021 11:28:55

Ana Pontón Mondelo na data 10/09/2021 11:29:04



Á Mesa do Parlamento

O Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, por iniciativa das súas deputadas e dos seus deputados **Carmen Rodríguez Dacosta, Marina Ortega Otero, Juan Carlos Francisco Rivera e Martín Seco García**, a través do seu portavoz e ao abeiro do disposto no artigo 160 do Regulamento da Cámara, presenta ante esa Mesa a seguinte **proposición non de lei en Comisión 7.^a, Agricultura, Alimentación, Gandaría e Montes**.

Exposición de motivos

As fortes tormentas acaecidas nos últimos días na provincia de Ourense, causaron danos por toda ela, sendo as zonas máis afectadas o Val do Avia e a Denominación de Orixe do Ribeiro, onde algunhas bodegas poden perder máis do 80 % da súa produción.

As zonas máis afectadas segundo o presidente do Consello Regulador están a ser Gomariz en Leiro, Cabanelas en Carballiño, Pazos de Arenteiro en Boborás e Riobó en Cenlle.

Ademais as perdas por danos, as bodegas se enfrontan a outro problema a escasos días da vendima que é a alta actividade fúngica que xera a humidade nos viñedos.

As persoas viticultoras explican que a saraiba danou as uvas, que podrecen e non se poden vendimar, como plantas, ás que deberán aplicar tratamentos para evitar infeccións por fungos.

O sindicato Unións Agrarias ten localizado danos en vides espalladas por distintas zonas produtivas situadas principalmente na zona norte desta Denominación de Orixe. Danos que poderían aumentar, tendo en conta a previsión meteorolóxica e das tormentas que se agardan aínda para a xornada do día 2 de setembro.

Unións Agrarias olla con preocupación cara á Denominación de Orixe do Ribeiro, que está a padecer os efectos adversos dun intenso temporal de choiva e pedrazo.

Á espera de poder realizar unha cuantificación exacta dos danos rexistrados, a organización xa ten constancia de numerosas parcelas con vides danadas nas zonas de Pazos de Arenteiro, Boborás, Gomariz, Riobó ou Viladerrei. Danos que



chegan nunha época especialmente sensible e complicada, coa uva xa madura e ás portas do inicio da vendima.

O sindicato agrario e o Grupo Parlamentario Socialista lembran o carácter estratéxico, tanto dende o punto de vista socioeconómico como cultural e demográfico, que desempeña a viticultura no Ribeiro.

Por todo o exposto, o Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia presenta a seguinte proposición non de lei para o seu debate en Comisión:

O Parlamento galego insta a Xunta de Galicia a actuar con premura para axilizar a cuantificación dos danos e o pagamento das correspondentes axudas económicas ás persoas viticultoras afectadas.

Pazo do Parlamento, 3 de setembro do 2021

Asdo.: Carmen Rodríguez Dacosta
Marina Ortega Otero
Juan Carlos Francisco Rivera
Martín Seco García
Deputadas e deputados do G.P. dos Socialistas de Galicia

Asdo.: Gonzalo Caballero Miguez
Portavoz do G.P. dos Socialistas de Galicia

Asinado dixitalmente por:

María del Carmen Rodríguez Dacosta na data 03/09/2021 08:47:26

Marina Ortega Otero na data 03/09/2021 08:47:34

Juan Carlos Francisco Rivera na data 03/09/2021 08:47:46

Martín Seco García na data 03/09/2021 08:47:57





PARLAMENTO DE GALICIA
REGISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 03/09/2021 09:30:00
Nº Rexistro: 20970
Data envío: 03/09/2021 08:53:58.789

Gonzalo Caballero Míguez na data 03/09/2021 08:48:05

Rúa do Hórreo, s/n, Parlamento de Galicia. 15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA
Tlf: 981 551 530 · gp-socialista@parlamentodegalicia.es

CSV: BOPGDSPGSnbZWYO8g6
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Á Mesa do Parlamento

O Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, por iniciativa da súa deputada e do seu deputado, Noa Díaz Varela e Julio Torrado Quintela, a través do portavoz e ao abeiro do disposto no artigo 160 do Regulamento da Cámara, presenta ante esa mesa a seguinte proposición non de lei para o seu debate na Comisión 5ª.

Este verán o Goberno galego publicaba as listas de agarda que, de novo, sitúan a EOXI de Santiago e concretamente o Complexo Hospitalario Universitario de Santiago (CHUS) nun lugar dramático por canto son 31.952 persoas que se atopan nesas listas -cirurxía, probas diagnósticas e consultas externas- o que supón un 20 % máis que o ano pasado (en concreto, 5.112 doentes máis).

A denuncia do estado das listaxes de agarda no Sergas é algo recorrente cada ano por parte de asociacións de doentes, profesionais, sindicatos e grupos políticos da oposición. Unha denuncia realizada unicamente cos datos que se fan públicos, os da listaxe de agarda estrutural, pero que silencia a cifra real de doentes que agardan para ser atendidos no sistema público galego de saúde, incumprindo así o RD 1039/2011 de 15 de xuño que no seu artigo 6.2 di que en certos supostos se pode perder a garantía de atención, pero o doente continuará na listaxe.

Segundo os datos de 2021, o tempo de agarda na listaxe de Cirurxía na EOXI de Santiago é de 71,9 días, unha cifra mesmo peor que a media en Galicia. Xa por centros de referencia, no CHUS hai na actualidade 7.200 persoas agardando por unha operación, duplicando os tempos de espera (73 días) en Lugo e triplicando os de Ferrol. Á súa vez, a Barbanza móstrase como o hospital comarcal de toda Galicia que ten os peores datos en cirurxía, cunha espera de 59,4 días.

Xa por especialidades, na lista de agarda para cirurxía o CHUS ten a máis alta de toda Galicia en Neurocirurxía (132 días), a segunda máis alta en Xinecoloxía (52,8 días) e as persoas pendentes dunha Cirurxía Pediátrica terán que agardar no CHUS unha media de 86,7 días, e dunha cardíaca 89,9 días.

Na listaxe de agarda para consultas externas no CHUS hai na actualidade 14.659 persoas, cunha media de 31,3 días, con esperas de 7,9 días en Obstetricia, a máis longa de toda Galicia; 31,4 días en Pediatría, ou 12,5 en Radioterapia, por riba da media de Galicia.



Tamén na listaxe de probas diagnósticas a espera no CHUS é inasumible, cunha media de 31,4 días para a realización dunha radioloxía mamaria, 72,7 días para un TAC, 51,1 para unha resonancia magnética, 31,8 para unha ecografía mamaria ou 31,5 días para unha eco de cardioloxía.

Xa comparando con anos anteriores, na especialidade de neurocirurxía o CHUS atópase hoxe nun lugar considerablemente peor na listaxe de cirurxía, cunha media de agarda actual de 132 días cando hai un ano era de 105,9 e en 2019 de 65. Con respecto a 2019, en xinecoloxía incrementouse a espera en Santiago nun 52 %; en pediatria nun 163 % e en cirurxía cardíaca un 120 %.

Na listaxe de consultas externas os datos comparativos son realmente alarmantes, como por exemplo en radioterapia, que se pasou dunha espera de 2,9 días en 2019 a 12,2 este ano.

Á vista de todos estes datos ofrecidos polo Goberno galego, cabe mostrar unha fonda preocupación pola deficiente xestión dun centro hospitalario como o CHUS, que no canto de ser centro de referencia en Galicia se sitúa á cola con respecto a outros no que respecta a listas de agarda. A deficiente xestión e a falla inexplicable de recursos están situando o CHUS e a área sanitaria de Santiago e a Barbanza nunha situación agónica á que de non poñer solución inmediata terá moi complexa resolución.

Ante esta situación, denunciada noutras lexislaturas por este grupo parlamentario, cabe de novo presentar a seguinte proposición non de lei:

O Parlamento de Galicia insta o Goberno galego a que elabore, antes de que remate este ano, un plan de seguimento específico do Complexo Hospitalario Universitario de Santiago de Compostela para dar solución á negativa evolución das listaxes de agarda, con especial atención ás especialidades nunha peor situación.

Pazo do Parlamento, 3 de setembro de 2021

Asinado dixitalmente por:

Noa Susana Díaz Varela na data 03/09/2021 11:05:17





Julio Torrado Quintela na data 03/09/2021 11:05:31

Gonzalo Caballero Míguez na data 03/09/2021 11:05:40





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, a iniciativa das deputadas e deputados **Noa Presas Bergantiños, Ramón Fernández Alfonso, Daniel Pérez López e Ana Pontón Mondelo**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei para o seu debate na Comisión 3ª**, relativa á necesidade dun novo modelo de financiamento xusto para Galiza.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

A diagnose do actual modelo de financiamento amosa como resulta totalmente insuficiente para garantir unha adecuada prestación de servizos básicos que corresponden a Galiza como a sanidade, a educación ou a dependencia. É evidente que a forte centralización no Estado español, onde o goberno central exerce o control sobre os ingresos recadados en Galiza, impide desenvolver o autogoberno, a comezar por limitar a capacidade para poder deseñar un marco fiscal acaído para garantir a prestación de servizos públicos de calidade e por limitar o exercicio das nosas competencias ao ver limitado o seu financiamento.

Co estoupido da crise da covid 19 no ano 2020 fíxose máis evidente ca nunca esta realidade e a necesidade de superar este mecanismo cara un novo sistema de financiamento que garanta suficiencia e capacidade financeira para o noso país.





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Cómpre recordar que a revisión do actual sistema estaba prevista xa para o ano 2014. Porén, o inmovilismo e a falta de vontade dos sucesivos gobernos estatais provocou o mantemento dun sistema de financiamento totalmente obsoleto malia a reclamación de diferentes comunidades. É de salientar tamén a falta de proactividade e vontade política dos anos do goberno de Feijóo, que se limitou a manter unha posición subsidiaria do Partido Popular estatal e a evadir un debate profundo e de país sobre as necesidades que ten Galiza neste ámbito.

Malia o negacionismo aplicado polas forzas estatais, a última liquidación tributaria dispoñíbel de 2018 indica que o Estado recadou no noso país 13.132 millóns de euros. A cambio, ese ano recibimos do Estado unicamente 8.158 millóns de euros. Co sistema vixente temos unha perda acumulada de máis de 9.000 millóns de euros nunha década. Fronte á idea dunha Galiza deficitaria, o noso país ten capacidade propia, xera os recursos suficientes para financiar os seus servizos públicos e apoiar aos sectores produtivos.

Polo tanto, neste contexto de transformación económica e social acelerado pola covid-19 e as súas consecuencias, Galiza debe tomar as rendas do seu futuro negociando as condicións para unha nova relación económica que blinde máis capacidade de autogoberno e de mellorar a vida dos galegos e galegas. É necesario que este país rompa coa espiral de inercia dos gobernos dos últimos anos e que o Parlamento asuma un papel central nun debate de país que marcará o nosos futuro.





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Por estes motivos, o Grupo Parlamentar do BNG presenta a seguinte proposición non de lei para debate na Comisión 3ª:

“O Parlamento galego aproba, por resolución, comprometer, previo cumprimento dos requisitos regulamentarios correspondentes, a creación dunha comisión de estudo para abordar unha proposta de país diante da reforma do sistema de financiamento.”

Santiago de Compostela, 6 de setembro de 2021

Asdo.: Noa Presas Bergantiños

Ramón Fernández Alfonso

Daniel Pérez López

Deputada e deputados do G.P. do BNG

Ana Pontón Mondelo

Portavoz do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Noa Presas Bergantiños na data 06/09/2021 10:57:31

Ramón Fernández Alfonso na data 06/09/2021 10:57:34





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Daniel Pérez López na data 06/09/2021 10:57:45

Ana Pontón Mondelo na data 06/09/2021 10:57:56



A Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentario Popular de Galicia** a través do seu **Portavoz** e por iniciativa das deputadas e deputados, **Teresa Egerique Mosquera, Ovidio Rodeiro Tato, Encarna Amigo Díaz, Sandra Vázquez Domínguez, Elena Suárez Sarmiento, José Luis Ferro Iglesias e Felisa Rodríguez Carrera**, ao abeiro do disposto no artigo 160 e concordantes do Regulamento da Cámara, presenta ante esa Mesa, a seguinte **proposición non de lei para o seu debate na Comisión 4ª, Educación e Cultura**.

Exposición de motivos

José Otero Abeledo (Lalín, 1908 – Vigo, 1996), coñecido como Laxeiro, foi un dos maiores expoñentes da vangarda artística galega. Co seu inconfundible trazo, este lalinense universal levou a esencia de Galicia polo mundo, converténdose nun referente das nosas artes plásticas.

Desde os seus inicios, Laxeiro estivo influenciado polo rural no que naceu e pasou a súa infancia. O pintor soubo absorber a cultura popular galega e transformala nunha obra innovadora que irá perfeccionando ao longo dos anos. Os seus traballos encadráranse no grupo dos *Renovadores*, aínda que o relato de vida e as influencias de Laxeiro farán que gocen dun estilo único e inconfundible.

Despois de residir en diferentes cidades españolas, nas que irá evolucionando artisticamente, nos anos cincuenta recalará en Bos Aires onde fixará a súa residencia ata 1970.

Este será o seu período de maior estabilidade profesional, no que experimentará con novos estilos e linguaxes. Á súa volta a Galicia sucederanse as homenaxes e



recoñecementos. Laxeiro gozará dun merecido prestixio ata o seu falecemento en 1996.

Precisamente este ano conmemórase o 25 cabodano desta efeméride, motivo polo que a Real Academia das Artes Galegas dedicará o Día das Artes Galegas ao pintor en 2022. Sen dúbida, un momento importante para seguir divulgando a vida e a obra do artista entre toda a cidadanía.

Por todo o exposto, o Grupo Parlamentario Popular, presenta a seguinte proposición non de lei en Comisión:

“O Parlamento de Galicia recoñece a relevancia de Laxeiro no eido das artes plásticas de Galicia e manifesta a importancia de que a Xunta de Galicia coordine a posta en marcha dunha programación cultural que celebre a figura de Laxeiro coincidindo co Día das Artes Galegas 2022”.

Santiago de Compostela, 6 de setembro de 2021



Asinado dixitalmente por:

Pedro Puy Fraga na data 06/09/2021 12:58:44

Teresa Egerique Mosquera na data 06/09/2021 12:58:59

Ovidio Rodeiro Tato na data 06/09/2021 12:59:09

María Encarnación Amigo Díaz na data 06/09/2021 12:59:22

Sandra Vázquez Domínguez na data 06/09/2021 12:59:40

María Elena Suárez Sarmiento na data 06/09/2021 12:59:57

José Luis Ferro Iglesias na data 06/09/2021 13:00:12

María Felisa Rodríguez Carrera na data 06/09/2021 13:00:22

Parlamento de Galicia. Rúa Hórreo, 63 | 15701 Santiago de Compostela | Tel. 981 551 510

gp-pp@parlamentodegalicia.gal



Á Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentario Popular de Galicia** a través do seu **Portavoz** e por iniciativa dos deputados e deputadas, **Diego Calvo Pouso, Elena Suárez Sarmiento, Carmen Pomar Tojo, Ramón Carballo Páez, José Manuel Balseiro Orol, Marisol Díaz Mouteira, Rubén Lorenzo Gómez e Marta Nóvoa Iglesias**, ao abeiro do disposto no artigo 160 e concordantes do Regulamento da Cámara, presenta ante esa Mesa, a seguinte **proposición non de lei para o seu debate na Comisión 2ª, Ordenación Territorial, Obras Públicas, Medio Ambiente e Servizos**.

Exposición de motivos

O pasado mes de xullo a conselleira de Infraestruturas e Mobilidade Ethel Vázquez reuniuse con membros do sector ferroviario de Comisións Obreiras, para analizar polo miúdo a situación na que se atopa o transporte ferroviario en Galicia.

Ambas as partes amosáronse moi preocupadas pola redución de servizos e frecuencias realizada por Renfe, co visto e prace do Goberno de España, coa escusa da pandemia da covid-19. Unha vez recuperada por completo a libre mobilidade en todo o territorio natural, e finalizada o pasado 9 de maio a vixencia do estado de alarma, os servizos ferroviarios continúan sen restituírse na súa totalidade, limitando considerablemente o dereito dos cidadáns á mobilidade.

A titular da Consellería de Infraestruturas e Mobilidade e os representantes sindicais tamén coincidiron en salientar a necesidade de que os investimentos en infraestruturas ferroviarias, tanto no que atinxe ao AVE como ás estacións intermodais, vaian acompañados da mellora do material rodante, nomeadamente a dotación de trens AVRIL, e da programación das frecuencias de servizos que respondan ás necesidades de mobilidade da cidadanía galega.

Por todo iso, o Grupo Parlamentario Popular, presenta a seguinte proposición non de lei en Comisión:

“O Parlamento de Galicia, insta á Xunta de Galicia a demandar ao Goberno de España:

1. O restablecemento dos trens hotel entre Galicia e Madrid e Barcelona.
2. A restitución de todos os traxectos e frecuencias dos trens rexionais existentes antes da crise sanitaria provocada pola covid-19.



3. A restitución de todos os traxectos e frecuencias dos trens de longa distancia que conectan Galicia co resto de España e Portugal existentes antes da crise sanitaria provocada pola covid-19.
4. Que fagan parada todos os trens de longa distancia que pasen pola estación de Vilagarcía con destino ou orixe en Madrid”.

Santiago de Compostela, 6 de setembro de 2021

Parlamento de Galicia. Rúa Hórreo, 63 | 15701 Santiago de Compostela | Tel. 981 551 510

gp-pp@parlamentodegalicia.gal

 [@gppgalicia](https://www.facebook.com/gppgalicia)

 [@GrupoPopularGal](https://twitter.com/GrupoPopularGal)



Asinado dixitalmente por:

Pedro Puy Fraga na data 06/09/2021 12:47:54

Diego Calvo Pouso na data 06/09/2021 12:48:18

María Elena Suárez Sarmiento na data 06/09/2021 12:48:31

Carmen María Pomar Tojo na data 06/09/2021 12:48:45

Ramón Carballo Páez na data 06/09/2021 12:48:58

José Manuel Balseiro Orol na data 06/09/2021 12:49:11

María Sol Díaz Mouteira na data 06/09/2021 12:49:30

Rubén Lorenzo Gómez na data 06/09/2021 12:49:42

Marta Nóvoa Iglesias na data 06/09/2021 12:49:59

Parlamento de Galicia. Rúa Hórreo, 63 | 15701 Santiago de Compostela | Tel. 981 551 510

gp-pp@parlamentodegalicia.gal

[@gppgalicia](https://www.facebook.com/gppgalicia)

[@GrupoPopularGal](https://twitter.com/GrupoPopularGal)





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

O Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG), a iniciativa dos deputados **Iago Tabarés Pérez-Piñeiro** e **Luis Bará Torres** e das deputadas **Noa Presas Bergantiños** e **Alexandra Fernández Gómez**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei para debate na Comisión 2ª**, sobre a reparación e o mantemento estrutural nas vivendas de promoción pública no barrio de Covadonga, en Ourense.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

En febreiro de 2016 foron asinados os primeiros contratos de aluguer das vivendas de protección pública que a Xunta de Galiza, por medio do Instituto Galego de Vivenda e Solo, promoveu no barrio ourensán de Covadonga.

O 29 de novembro de 2007, o IGVS, promoveu concurso público para a contratación das obras de construción e urbanización de 52 vivendas no barrio de Covadonga (Ourense), aprobándose a adxudicación do contrato por resolución de 12 de maio de 2008, formalizándose o contrato de obras en xuño do mesmo ano 2008, establecéndose un prazo de 20 meses para a efectiva execución e remate da construción.

Comezadas as obras o día 22 de xuño de 2009 e estando prevista e contratada a súa finalización para abril de 2011. Porén, tras anos de paralización, varios modificados de proxecto e incremento dos recursos públicos, non foi ate foi ate 5 anos despois do vencemento do prazo inicialmente previsto para o seu remate cando a Xunta de Galiza asinou os primeiros contratos de aluguer e a entrega das vivendas ás usuarias.

Malia o tempo empregado na execución na construción das vivendas e a súa entrega ás persoas que resultaron adxudicatarias, a día de hoxe existen servizos e





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

instalacións pendentes de ser rematadas e de entrar en funcionamento, como os tendedeiros ou o sistema eléctrico con enerxías renovábeis para a reutilización e aproveitamento das augas.

A pesares de que o tempo transcorrido non permitiu a entrada en funcionamento da totalidade dos servizos comprometidos, si foi abondo para a aparición de importantes defectos estruturais e que condicionan a habitabilidade das vivendas e o confort das persoas que residen nelas. Así, por exemplo, o espazo no que se agarda polo ascensor está nun patio descuberto ao albur das inclemencias meteorolóxicas, a ausencia de voladizos provoca que o auga da choiva descorra polas fachadas facilitando a presenza de humidades e que penetre nas vivendas. Igualmente o patio interior descuberto permite que entre a auga da choiva pola portas das vivendas letras C e D, así como provoca un considerable desgaste nas devanditas portas, extremos ambos perfectamente perceptíbeis a simple vista. Igualmente a ilóxica distancia entre a estrutura do edificio ou as escaleiras e o peche do inmovible (consecuencia dunha deficiente execución da obra) xera un evidente e permanente risco para a seguridade e integridade físicas das persoas, nomeadamente, das cativas. A chapa que pecha inmovible semella non ser aillante de abondo.

Por outra banda o mantemento do elementos comúns (rede de saneamento, xardíns, sistema eléctrico á vista ...) non é o axeitado, sendo a Xunta de Galiza o propietario maioritario pois os inquilinos teñen dereito a voz, mais non de voto, nas xuntas da comunidade de propietarios, polo que o estado de deterioro que presenta o inmovible e consecuencia da pasividade da Xunta de Galiza.

E por iso, o Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego vimos presentar esta proposición non de lei para o seu debate e aprobación na Comisión 2ª:





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

“O Parlamento insta a Xunta de Galiza que, previos os informes técnicos oportunos, proceda á realización das obras de reforma, acondicionamento e mantemento dos elementos comúns do grupo de vivendas de promoción pública no barrio de Covadonga en Ourense.”

Santiago de Compostela, 6 de setembro de 2021

Asdo.: **Iago Tabarés Pérez-Piñeiro**

Noa Presas Bergantiños

Alexandra Fernández Gómez

Deputado e deputadas do G.P. do BNG

Luis Bará Torres

Portavoz s. do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Alexandra Fernández Gómez na data 06/09/2021 13:09:56

Iago Tabarés Pérez-Piñeiro na data 06/09/2021 13:10:02

Noa Presas Bergantiños na data 06/09/2021 13:10:11

Xosé Luis Bará Torres na data 06/09/2021 13:10:22



Á Mesa do Parlamento

O Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, por iniciativa das súas deputadas e do seu deputado, **Leticia Gallego Sanromán, Julio Torrado Quintela e Marina Ortega Otero**, a través do seu portavoz e ao abeiro do disposto no artigo 160 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **proposición non de lei en Comisión 5.^a, Sanidade, Política Social e Emprego**.

Exposición de motivos

A atención primaria do sistema sanitario de Galicia está sendo obxecto de debate e discusión por parte de tódolos axentes implicados no deseño e implementación das políticas públicas sanitarias, incluídos por suposto os propios profesionais que traballan no sistema.

Dende hai tempo existen numerosas reivindicacións e queixas sobre a saturación do sistema, dita saturación tivo un maior incremento debido a pandemia da COVID-19. Isto ven dunha ineficiente xestión en termos de recursos materiais e humanos froito das políticas de recortes executadas polo Partido Popular dende a Xunta de Galicia.

As políticas de recortes dos últimos anos levaron, ademais, a que Galicia afronte a situación cun problema de persoal grave no sistema sanitario público. Esta é a terceira peor Comunidade Autónoma de España en ratio de médicos/as por habitante (aproximadamente 450 por cada 100.000 habitantes coa media española en torno a 480, segundo o informe do Consello Xeral de Colexios Médicos de España), e tamén a terceira Comunidade Autónoma con peor ratio de enfermeiros/as por paciente con 5,4 por cada 1000 (a media europea está cerca do 8). Temos a peor ratio de profesionais por paciente tamén en áreas como saúde mental, e estamos por debaixo da media estatal en matronas por habitante. En pediatría, Galicia non chega ao 90 % de prazas de Atención Primaria cubertas por pediatras, mentres comunidades en situacións parecidas, como Asturias, supera o 98 % (como indican os recentes informes da Asociación Española de Pediatría).

Resulta necesario poñer á dispor dos centros de saúde os recursos humanos e técnicos necesarios para evitar a demora na atención telefónica das citas médicas; e dotar aos centros do persoal e equipamento suficiente para atender as necesidades de cada municipio conforme a súa poboación, incluída a substitución das baixas dos especialistas para non interromper a atención aos pacientes.



Neste contexto os socialistas reclamamos á Consellería de Sanidade medidas urxentes no Centro de Saúde de Redondela. O Centro de Saúde conta nestes momentos con cinco médicos/as menos ó non realizarse substitucións do persoal que está de baixa ou de vacacións. A esta situación súmase o feito que dende o pasado 26 de xaneiro, o Centro de Saúde non conta cun xefe/a de servizo, algo que empeora aínda máis a situación da Atención Primaria nesta vila.

A falta de persoal no Centro de Saúde –5 facultativos/as menos que os que ten asignado– inflúe negativamente na Asistencia Primaria xa que os médicos e médicas que agora están traballando, atópanse con que contan case que con 60 pacientes diarios nas súas axendas, cando habitualmente eran 40, co conseguinte deterioro do servizo e a gran carga de traballo para os facultativos/as ao ter que atender todo os pacientes de Redondela con menos persoal.

A situación na que se atopa a Atención Primaria en Redondela é moi alarmante, mostra delo é que existen cupos que non teñen médico de urxencias, pacientes aos que cada vez atende un médico/a diferente e que polo tanto non contan co seguimento que sería desexable e esperas de máis de 15 días para as citas telefónicas.

É unha vergoña a atención sanitaria que presta a Consellería de Sanidade da Xunta de Galicia aos veciños e veciñas de Redondela, pola contra a atención dos traballadores/as sanitarios do Centro de Saúde é excepcional, multiplican o seu traballo para poder paliar a situación de falla de persoal.

Dende o Grupo Parlamentario Socialista reclamamos que coa maior urxencia se cubran as baixas dos profesionais sanitarios do Centro de Saúde de Redondela e así poñer fin o desmantelamento da atención primaria neste municipio.



Por todo o exposto, o Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia presenta a seguinte proposición non de lei para o seu debate en Comisión:

O Parlamento galego insta a Xunta de Galicia a garantir a correcta e plena asistencia sanitaria na Atención Primaria cubrindo as prazas vacantes de médicos de familia do Centro de Saúde de Redondela.

Pazo do Parlamento, 5 de setembro do 2021

Asdo.: Leticia Gallego Sanromán
Julio Torrado Quintela
Marina Ortega Otero
Deputadas e deputado do G.P. dos Socialistas de Galicia

Asdo.: Gonzalo Caballero Míguez
Portavoz do G.P. dos Socialistas de Galicia

Asinado dixitalmente por:

María Leticia Gallego Sanromán na data 06/09/2021 16:00:24

Julio Torrado Quintela na data 06/09/2021 16:00:32

Marina Ortega Otero na data 06/09/2021 16:00:39

Gonzalo Caballero Míguez na data 06/09/2021 16:00:48



Á Mesa do Parlamento

O Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, por iniciativa da súa deputada e do seu deputado, Noa Díaz Varela e Juan Carlos Francisco Rivera, a través do portavoz e ao abeiro do disposto no artigo 160 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa mesa a seguinte proposición non de lei para o seu debate na Comisión 1ª.

O concello de Negreira conta cun club de atletismo e con moitas outras persoas non federadas que se dedican a esta disciplina deportiva, pero que teñen que se trasladar a outros territorios para practicar este deporte por falla desas instalacións no propio concello. De Negreira é, por exemplo, a promesa do atletismo galego e estatal Alba Cuns.

Diante desa falla de espazos, o Concello de Negreira ten elaborada unha memoria para o proxecto de construción dun módulo de atletismo que iría emprazado dentro do recinto do campo de fútbol para así aproveitar os vestiarios, o ximnasio, o almacén e mesmo o alumeado.

O proxecto, cun orzamento moi asumible para a Administración autonómica, suporía realizar algunha obra no campo de fútbol que estaría disposto a asumir o concello, que ademais daría todas as facilidades para a execución desa instalación deportiva.

A Secretaría Xeral de Deportes é coñecedora desta memoria, pero polo de agora non emitiu unha resposta positiva para unha iniciativa que permitiría a práctica deportiva non só das persoas interesadas de Negreira senón tamén de concellos próximos e con esa carencia.

Por iso, o Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, presenta a seguinte proposición non de lei:

O Parlamento de Galicia insta a Xunta de Galicia a colaborar co Concello de Negreira para a construción dun módulo de atletismo que daría resposta ás necesidades deportivas das e dos atletas da zona.

Pazo do Parlamento, 6 de setembro de 2021

Asinado dixitalmente por:





Noa Susana Díaz Varela na data 06/09/2021 16:24:16

Juan Carlos Francisco Rivera na data 06/09/2021 16:24:31

Gonzalo Caballero Míguez na data 06/09/2021 16:24:44





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, a iniciativa da deputada **Noa Presas Bergantiños** e dos deputados **Ramón Fernández Alfonzo** e **Daniel Pérez López**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei para debate na Comisión 3ª**, relativa á evolución negativa do crédito en Galiza e as medidas para corrixir esta situación.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Galiza ten por diante un gran reto a respecto dos fondos extraordinarios arbitrados para dar resposta á crise da Covid-19. O noso país necesita avanzar económica e socialmente e combater as graves consecuencias da pandemia mais tamén do modelo socioeconómico. Para iso, de cara a introducir mudanzas estruturais, sería necesario impulsar a maior anticipación posíbel para intervir neste debate e que o noso país sexa quen de obter fondos que destinar á reactivación económica, social e cultural e acertar no seu destino incrementando a capacidade de acción.

Desde o comezo da lexislatura o Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego insistiu na importancia que de Galiza contase cunha posición forte, consensuada, dialogada e transparente diante da carreira pola obtención de fondos europeos ao seren unha opción para o financiamento de





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

políticas de resposta ás necesidades da pandemia da covid-19 e de resposta ás debilidades estruturais do noso sistema socioeconómico, previas ao coronavirus.

Porén, a actuación da Xunta de Galiza camiñou en dirección contraria. Nin se anticipou con propostas de gobernanza e criterios de reparto, nin abriu un debate real coas forzas políticas e axentes sociais relevantes do país. A diferenza do que aconteceu noutras realidades próximas, nin o Parlamento nin organismos coma o Parlamento Galego ou o Consello Económico e Social tiveron un papel central.

A liña errática e ineficaz da Xunta de Galiza tamén se viu no seu escaso peso e capacidade política á hora de reclamar con resultados un trato xusto por parte do goberno central, que está aproveitando este contexto para actuar de forma unilateral, escurantista e centralista, tal e como amosan os mecanismos previstos para a xestión, o espírito do Real Decreto Lei 36/2020 ou o feito de ter acordado unha condicionalidade con Bruxelas que non coñecen nin as comunidades nin sequera o propio Parlamento estatal.

É necesario e urxente que Galiza teña unha posición proactiva sobre cales son as medidas necesarias para corrixir o papel subsidiario que está a adoptar a Xunta de Galiza e a centralización do Estado. Así mesmo, é necesario corrixir a falta de transparencia e rendición de contas.

Por estes motivos, o Grupo Parlamentar do BNG presenta a seguinte proposición non de lei para debate na Comisión 3ª:





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

“O Parlamento Galego insta a Xunta de Galiza a:

1. Negociar co goberno central medidas para un marco xusto para Galiza respecto do Mecanismo de Recuperación e Resiliencia (MRR) e os Fondos Next Generation arredor de descentralización da xestión dos fondos e o impulso da participación democrática con base aos seguintes principios:

1.1 Reclamación da xestión directa de Galiza e o respecto ás competencias exclusivas.

1.2 Rexeitar a vinculación dos fondos á aceptación da condicionalidade dos semestres europeos, singularmente aquelas que afecten os servizos públicos, as axudas ao desemprego, as pensións ou as taxas de reposición.

1.3 Obtención dun volume de fondos directos non inferiores á porcentaxe que corresponde por poboación e PIB e esixencia da compensación de elementos como a dispersión poboacional, o custe do fornecemento de servizos básicos, a crise demográfica, os efectos da transición enerxética, ou a crise industrial.

2. Negociar cos concellos galegos, particularmente coa FEGAMP, mecanismos para facilitar a participación dos concellos e evitar que se repita a baixa participación dos fondos como acontece cos fondos ordinarios anteriores.

3. Democratizar e fomentar a participación respecto dos proxectos, prioridades e políticas a financiar mediante recursos financeiros extraordinarios,





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

singularmente mediante o Mecanismo de Recuperación e Resiliencia (MRR) a través do Consello Económico e Social e do Parlamento Galego.

4. Remitir ao Parlamento Galego de forma inmediata, no prazo máximo de 3 días, toda a información referente a planificación de proxectos, notificacións enviadas a institucións europeas e estatais así como as correspondentes cos anuncios do Presidente da Xunta de Galiza en sucesivas notas de prensa.”

Santiago de Compostela, 6 de setembro de 2021

Asdo.: Noa Presas Bergantiños

Ramón Fernández Alfonso

Daniel Pérez López

Deputada e deputados do G.P. do BNG

Ana Pontón Mondelo

Portavoz do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Ana Pontón Mondelo na data 06/09/2021 17:02:36

Noa Presas Bergantiños na data 06/09/2021 17:02:39





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Ramón Fernández Alfonso na data 06/09/2021 17:02:48

Daniel Pérez López na data 06/09/2021 17:03:05



Á Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentario Popular de Galicia** a través do seu **Portavoz** e por iniciativa dos deputados e deputadas, **Pedro Puy Fraga, Sandra Vázquez Domínguez, Paula Prado del Río, José Luis Ferro Iglesias, Guadalupe Murillo Solís, Manuel Santos Costa e Cristina Sanz Arias** ao abeiro do disposto no artigo 160 e concordantes do Regulamento da Cámara, presenta ante esa Mesa, a seguinte **proposición non de lei para o seu debate na Comisión 3ª, Economía, Facenda e Orzamentos**.

Exposición de motivos

Nos últimos anos –con especial intensidade desde a crise financeira de 2008- tivo lugar en España un dos maiores procesos de concentración bancaria de Europa. Son moitos os factores que levaron a esta circunstancia de reestruturación gradual: o novo marco regulatorio, os tipos de xuros negativos, a dixitalización do sector, a resolución de activos dubidosos, a entrada de novos competidores, etc. .

En Galicia non somos alleos a este proceso de intensa reestruturación do sistema financeiro.

A pesar de que este proceso permitiu reforzar a solvencia das entidades e recuperar a confianza e a estabilidade do sistema financeiro, que gañou en capacidade para resistir novas crises, tamén trouxo consecuencias negativas, como unha importante diminución e peche do número de sucursais e de oficinas bancarias abertas ao público, o que dificulta a accesibilidade aos servizos financeiros por parte da poboación, particularmente no ámbito rural e nos concellos menos poboados.

Esta situación viuse agravada no último ano como resultado dos novos procesos de integración e reestruturación bancaria e coa progresiva introdución por parte das entidades financeiras do uso preferente das novas tecnoloxías en moitos trámites habituais. Aínda que a banca electrónica, permite acceder en liña desde calquera punto con conexión á rede internet, esta circunstancia non ten en conta a fenda presente naqueles espazos onde a dixitalización aínda non se desenvolveu na súa plenitude ou naqueles outros caracterizados por unha poboación envellecida, que ten un menor desempeño destas novas tecnoloxías.

Esta realidade dificulta o acceso a servizos financeiros aos habitantes dos concellos máis afectados, o que podería ter consecuencias directas no seu desenvolvemento económico e social e na despoboación do seu territorio, que se está a ver ademais agravada polas restricións nos servizos de atención presencial e outras medidas adoptadas ante a situación actual de pandemia.



En consecuencia o Grupo Popular considera necesario impulsar e incentivar por parte das administración públicas, en colaboración coas entidades financeiras que operan en Galicia, a prestación de servizos financeiros e bancarios nos concellos galegos, así como iniciativas que faciliten o acceso a estes servizos naqueles espazos nos que se produciu o peche de oficinas ou a redución do horario presencial de atención ao público.

De feito, xa existen fórmulas útiles neste ámbito, como a iniciativa promovida recentemente polo Goberno galego en colaboración coa Fegamp para universalizar o acceso aos servizos bancarios e financeiros que permitirá a moitas estas localidades que carecen de oficina, ademais de dispoñer dun caixeiro no seu municipio, que os veciños destes concellos tamén poidan contar con servizos de asistencia financeira e de formación. Ademais a través dos organismos autonómicos de Consumo tamén se traballa na defensa dos usuarios de banca, mediante a organización de campañas informativas e prestación de asesoramento en materia de servizos financeiros.

O obxectivo final é garantir que toda a poboación galega, con independencia do seu lugar de residencia, teña acceso aos servizos bancarios e financeiros e evitar a exclusión financeira, prestando especial atención ao ámbito rural.

Somos coñecedores de que existen iniciativas semellantes en algunhas deputacións provinciais e por parte de algúns gobernos autonómicos como tamén coñecemos nos últimos días, polos medios de comunicación, que Correos pretende instalar caixeiros en concellos sen entidade bancaria.

Dende o Grupo Parlamentario Popular valoramos todas estas medidas, pero consideramos que debe existir unha coordinación e unha planificación a nivel estatal para que realmente sexan eficaces, tal e como se aprobou por amplísima maioría no Senado de España.

Os poderes públicos deben garantir o acceso a servizos bancarios e financeiros, independentemente do lugar de residencia como un elemento fundamental para el desenvolvemento económico e social, no obxectivo da cohesión territorial e a loita contra a despoboación.

Por todo o exposto, o Grupo Parlamentario Popular presenta a seguinte proposición non de lei en Comisión:

“O Parlamento de Galicia insta á Xunta de Galicia a:

Parlamento de Galicia. Rúa Hórreo, 63 | 15701 Santiago de Compostela | Tel. 981 551 510

gp-pp@parlamentodegalicia.gal

 @gppgalicia

 @GrupoPopularGal



- 1º.- A demandar ao Goberno de España, en colaboración co Banco de España e a CNMC, a elaboración dun estudo sobre a situación do mercado financeiro en España desde el punto de vista da concentración bancaria, da competencia e do acceso aos servizos financeiros, especialmente nas zonas rurais, e as súas consecuencias no seu desenvolvemento económico e social.
- 2º.- A demandar ao Goberno de España, en coordinación coas administracións autonómicas e locais, a posta en marcha dun plan estatal contra a exclusión financeira, con medidas que faciliten o acceso da poboación aos servizos financeiros.
Entre estas medidas estaría a de impulsar unha normativa que regule a prestación universal de servizos financeiros básicos ou esenciais, de xeito que se garanta á súa prestación para todos os usuarios, con independencia do seu lugar de residencia, cunha calidade determinada e a un prezo asequible.
- 3º.- En tanto en canto non estea aprobada unha estratexia estatal de loita contra a exclusión financeira, a continuar impulsando, xunto coas administracións locais galegas e en colaboración coas entidades financeiras que operan en Galicia, medidas que faciliten o acceso da poboación aos servizos financeiros”.

Santiago de Compostela, 6 de setembro do 2021



Asinado dixitalmente por:

Pedro Puy Fraga na data 06/09/2021 17:23:08

Sandra Vázquez Domínguez na data 06/09/2021 17:23:28

Paula Prado del Río na data 06/09/2021 17:23:42

José Luis Ferro Iglesias na data 06/09/2021 17:24:01

María Guadalupe Murillo Solís na data 06/09/2021 17:24:12

Manuel Santos Costa na data 06/09/2021 17:24:30

Cristina Sanz Arias na data 06/09/2021 17:24:40

Parlamento de Galicia. Rúa Hórreo, 63 | 15701 Santiago de Compostela | Tel. 981 551 510

gp-pp@parlamentodegalicia.gal



Á Mesa do Parlamento

O Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, por iniciativa da súa deputada e deputado, **Marina Ortega Otero e Julio Torrado Quintela**, a través do seu portavoz, e ao abeiro do disposto no artigo 160 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **Proposición non de lei para o seu debate en Comisión 5.^a, Sanidade, Política Social e Emprego**.

Exposición de motivos

A xestión por parte do Goberno da Xunta de Galicia nos últimos anos limitou significativamente os recursos e persoal no Hospital Comarcal de Valdeorras, o que supón una limitación de servizos para o mantemento do benestar e saúde da cidadanía.

Dende que se conformaron as EOXI, coa reestructuración das Áreas Sanitarias, o Hospital Comarcal de Valdeorras, perde definitivamente a súa autonomía, capacidade de organización, de xestión, os seus recursos son parte dun cadro xeral adscrito a Área Ourense, O Barco de Valdeorras e Verín.

Nos últimos anos os servizos e profesionais limitáronse ata o punto de afectar significativamente a una poboación que ten un difícil acceso ao Hospital de Ourense, por tempo e recursos.

Así, nos últimos anos servizos como cardioloxía, dermatoloxía, traumatoloxía, cirurxía, rehabilitación, e a última é a de radioloxía, deixaron de funcionar ou limitaron significativamente as súas consultas ata o punto de que os pacientes teñen que desprazarse ao Hospital de Ourense para ser atendidos ou acudir a Ponferrada a consultas médicas privadas en moitos casos.

Con radioloxía está acontecendo o mesmo que cos servizos que se perderon nos últimos anos, a falta de incentivos que a administración autonómica ofrece aos profesionais fai que os servizos queden sen cubrir, afectando una vez máis especialmente aos hospitais comarcais, así coma centros de saúde.



Así mesmo, hai que engadir que fai meses a ambulancia UCI de Valdeorras non está operativa por falta de diálogo e xestión por parte da administración, xa que os facultativos en Valdeorras teñen boa disposición para poñer en funcionamento a UCI móbil, e mentres non se negocian as condicións, a Xunta prefire investir máis recursos no desprazamento dende Ourense, cunha evidente demora no tempo de reacción asociada á longa distancia. O que supón un risco evidente para unha comarca totalmente afastada do Hospital de Ourense. O feito de depender da UCI móbil de Ourense, e un tempo difícil de asumir para persoas que se atopan en situación crítica, na que o tempo de reacción é directamente proporcional ás posibilidades de éxito na saúde da mesma.

A cidadanía da comarca de Valdeorras merece unha atención sanitaria igual que o resto da cidadanía galega. O goberno galego á vez que recortou servizos neste hospital, trouxo as camas que non servían no CHUO para este. Un feito significativo que reflexa o trato desigual entre as distintas áreas.

Pouco a pouco o Hospital Comarcal de O Barco perde capacidade resolutiva e recursos para ofrecer á propia cidadanía o dereito a una sanidade pública e próxima que garanta a igualdade de oportunidades con independencia de onde vivamos. A administración competente ten que evitar a perda progresiva de recursos técnicos asistenciais nun hospital que xa perdeu capacidade e facultativos en cardioloxía, uroloxía, traumatoloxía, dermatoloxía, cirurxía, urxencias, como consecuencia dunha xestión errónea por parte do goberno da Xunta que fixo perder coñecemento do medio asociado a una xestión a distancia.

Nunha comarca que dista do Hospital de Ourense, dúas horas dende moitos puntos, a situación de vulnerabilidade é importante, polo que é preciso valorar a situación xeográfica para dar cobertura de calidade á cidadanía na sanidade pública.

Polo exposto, o Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia presenta a seguinte Proposición non de lei:



“O Parlamento de Galicia insta a Xunta de Galicia a que leve a cabo as actuacións necesarias que revirta as limitacións nos servizos que desapareceron no Hospital Comarcal de O Barco de Valdeorras, así coma unha acción inmediata respecto ao que está a acontecer coa inoperancia da UCI móbil de Valdeorras.”

Pazo do Parlamento, 06 de setembro de 2021

Asdo.: Marina Ortega Otero
Julio Torrado Quintela Marina Ortega Otero
Deputada e deputado do G.P. dos Socialistas de Galicia
Asdo.: Gonzalo Caballero Míguez
Portavoz do G.P. dos Socialistas de Galicia

Asinado dixitalmente por:

Marina Ortega Otero na data 07/09/2021 10:48:34

Julio Torrado Quintela na data 07/09/2021 10:48:48

Gonzalo Caballero Míguez na data 07/09/2021 10:49:01





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, a iniciativa das deputadas **María González Albert, Carmen Aira Díaz** e do deputado **Xosé Luis Rivas Cruz**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei para debate na Comisión 7ª**, sobre a desestacionalización dos lumes e a necesidade dun SPDIF único, profesionalizado e que atenda as emerxencias no rural.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

As mudanzas na climatoloxía galega debidas ao cambio climático e ao quecemento global están a facer que a maior incidencia en lumes forestais, que até fai poucos anos se focalizaba nos meses de xullo e agosto, se teña desprazado no tempo até finais de verán e os meses de outono.

A desestacionalización dos incendios veu así determinada por unha climatoloxía variábel, con varios ciclos de altas temperaturas, seca persistente e baixa humidade que se reproducen con considerábel frecuencia e que se nutren das enormes masas de combustíbel presentes nun territorio no que o envellecemento, o despoboamento e a falta de usos do monte son a terríbel realidade de boa parte do noso país.

Non vai moito tempo, en 2017, puidemos comprobar da forma máis virulenta posíbel as consecuencias que o despoboamento do rural trae consigo e como esa falta de capital humano que nutra o territorio obriga ao mantemento dun sistema de prevención





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

de lumes que ten que estar activo durante case todo o ano, con limpeza de franxas e superficies moitas veces inabarcábeis e imposíbeis de cubrir.

O mesmo semella estar a acontecer neste 2021. Un xullo moi húmido e de choivas seguido dun agosto quente provocou que agora en setembro fai que sexa case imposíbel controlar un territorio despoboado onde a maleza campa ás súas anchas.

Vímolo na xornada do 6 de setembro cando Galiza comezou a arder de norte a sur e de leste a oeste: Éntoma (O Barco de Valdeorras), Enxilde (Mazaricos), Pantón, Chandrexa de Queixa, Cerceda, Portomarín, Santa Comba, Bastabales, Brión, Guitiriz, Friol, A Peroxa, A Proba de Trives, Seres (Castroverde), Cualedro e, sobre todo, Quiroga e Ribas de Sil, con varios focos sendo o máis importante o que atravesou a N-120 no lugar de Rairos para introducirse no concello de Quiroga e da Pobra de Brollón, a esta hora (con máis de 900 hectáreas calcinadas oficialmente) aínda sen controlar.

Este último lume acóllese sen ningunha dúbida á nova tipoloxía de incendios de expansión máis rápida, con afectación a núcleos de poboación, con maior carga de combustible en densidade e extensión, temperaturas máis altas, baixa humidade e moito vento.

Nas labores de extinción están a participar medios do SPDIF (nas súas distintas condicións), BRIF, GES e UME. Xúntase así persoal de distintas administracións e do exército, con distintas condicións laborais, distintos graos de formación e distintas capacidades á hora de afrontar o lume.

Sen embargo este novo modelo de lumes, máis virulento, rápido, agresivo e perigoso precisa cada vez máis dun sistema de prevención e extinción o máis profesionalizado posíbel, con mando único e cunha formación homologada e efectiva





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

que require de persoal fixo para enfrontar a cada vez máis evidente desestacionalización dos lumes.

Por todo o exposto, o Grupo Parlamentar do BNG presenta a seguinte proposición non de lei para debate na Comisión 7ª:

“O Parlamento insta a Xunta de Galiza a:

1. Avanzar cara o establecemento dun Servizo de Prevención e Defensa contra os Incendios Forestais único directamente dependente da Xunta de Galiza.

2. Ante uns lumes cada vez máis desestacionalizados eliminar a figura precarizada do traballador fixo-descontinuo e configurar un SPDIF profesionalizado en prevención e extinción de lumes e apto para atender todo tipo de emerxencias rurais.”

Santiago de Compostela, 7 de setembro de 2021

Asdo.: **María González Albert**

Carmen Aira Díaz

Xosé Luis Rivas Cruz

Deputadas e deputado do G.P. do BNG

Ana Pontón Mondelo

Portavoz do G.P. do BNG





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Asinado dixitalmente por:

Ana Pontón Mondelo na data 07/09/2021 11:15:25

María González Albert na data 07/09/2021 11:15:28

María del Carmen Aira Díaz na data 07/09/2021 11:15:38

Xosé Luis Rivas Cruz na data 07/09/2021 11:15:48





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

O Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG), a iniciativa do deputado **Luis Bará Torres** e das deputadas **Montserrat Prado Cores** e **Iria Carreira Pazos**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei para debate na Comisión 5ª**.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

1. Nos últimos doce anos, coa excusa da crise, a Xunta de Galiza aplicou duras políticas de recortes e fixo modificacións legislativas e organizativas que danaron gravemente a sanidade pública: redución de orzamentos, de centos de profesionais, privatizacións e externalización de servizos esenciais, derivacións de doentes a centros privados, listas de agarda disparadas, colapsos de urxencias, desatención clamorosa da saúde mental e das mulleres.

A Atención Primaria foi o ámbito da sanidade pública galega que con máis intensidade sufriu os recortes, con consecuencias que se foron agravando co tempo: masificación de consultas, cupos desbordados, redución de profesionais por non cobertura de xubilacións, non substitución de permisos e baixas, precariedade e temporalidade nas contratacións de persoal, listas de agarda de 15 días para médica/o de familia, ausencia de pediatras, PACs ao límite... Non resulta esaxerado dicir que como consecuencia dos recortes, da privatización e da mala xestión, a Atención Primaria está ao borde do colapso, con profesionais extenuados despois de máis de 500 días de pandemia.

Con esta situación de partida, a chegada da pandemia COVID-19 foi a coartada perfecta para que a Consellaría de Sanidade levara a cabo medidas organizativas





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

provisionais nos centros de atención primaria que teñen visos de acabar en medidas definitivas. Entre esas medidas estivo a implantación da atención médica telefónica non como un servizo complementario senón como un sistema principal e prioritario que ten como obxectivo disuadir as persoas enfermas de acudir aos centros de saúde e retrasar os tempos de atención a pacientes.

As limitacións ao acceso da Atención Primaria favorecen a privatización, a fuxida das persoas con maior capacidade económica aos seguros privados e a discriminación dos grupos con menor capacidade económica. Aparte da dificultade da xente maior de acceder ás novas tecnoloxías e a non dispoñibilidade de Internet.

2. Este grave deterioro da sanidade pública, nomeadamente da atención primaria e da pediatría, afecta a toda a área sanitaria de Vigo e especialmente á comarca do Condado e ao centro de saúde de Ponteareas. Unha situación que se viu agravada nos últimos tempos e que deu lugar a denuncias públicas de organizacións sindicais, colexios médicos, profesionais sanitarias e da veciñanza. Tamén deu lugar a acordos da corporación municipal e escritos dirixidos polo concello de Ponteareas á consellaría, sen que se tomasen medidas para corrixila.

Nestes momentos existe un clamor social en Ponteareas, como en moitas comarcas do país, pola falta de persoal e polo deterioro da atención sanitaria. Por se non fose abondo, nos meses de agosto e setembro o SERGAS suprimiu as consultas de tarde no centro de saúde, de modo que se derivan ao PAC as pacientes de urxencia ou que xustifiquen que non poden acudir pola mañá.

Polo anteriormente exposto, o Grupo Parlamentar do BNG presenta a seguinte proposición non de lei para o debate na Comisión 5ª:

“O Parlamento insta ao goberno galego a:





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

1. Incrementar a dotación de persoal sanitario do centro de saúde de Ponteareas, coa finalidade de prestar uns servizos sanitarios acordes coa poboación do concello.
2. Garantir a cobertura de permisos e baixas e unhas condicións laborais dignas para o persoal sanitario.
3. Recuperar o horario de tarde no centro de saúde de Ponteareas
4. Recuperar progresivamente a atención presencial e considerar a atención telefónica como un servizo complementario da atención presencial e non como o servizo principal e prioritario.”

Santiago de Compostela, 7 de setembro de 2021

Asdo.: **Montserrat Prado Cores**

Iria Carreira Pazos

Deputadas do G.P. do BNG

Luis Bará Torres

Portavoz s. do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Iria Carreira Pazos na data 07/09/2021 12:39:38

María Montserrat Prado Cores na data 07/09/2021 12:39:41





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Xosé Luis Bará Torres na data 07/09/2021 12:39:49



Á Mesa do Parlamento

O Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, por iniciativa das súas deputadas e dos seus deputados **Carmen Rodríguez Dacosta, Martín Seco García, Luís Manuel Álvarez Martínez e Patricia Otero Rodríguez**, a través do seu portavoz e ao abeiro do disposto no artigo 160 do Regulamento da Cámara, presenta ante esa Mesa a seguinte **proposición non de lei en Comisión 7.^a, Agricultura, Alimentación, Gandaría e Montes**.

Exposición de motivos

Un incendio forestal se iniciaba o pasado 6 de setembro, na parroquia de Nogueira, no municipio de Ribas de Sil, na Ribeira Sacra sobre as 21:42 horas, segundo informaba a propia Consellería do Medio Rural.

O lume acercouse perigosamente a un grupo de casas nas que se encontraban 10 veciños e veciñas, e se chegou a achegar a uns 20 metros das vivendas e os veciños tiveron que permanecer toda a noite en alerta para evitar que o lume alcanzase as vivendas refrescando a zona coas súas propias mangueriras.

A Xunta de Galicia informaba do incendio por primeira vez pasadas as 06:00 h; nesta primeira comunicación estimábanse en 20 as hectáreas queimadas. Na actualización das 08:30, xa a situaba en 100 hectáreas a superficie calcinada. No que foron mobilizados dous técnicos, nove axentes, 14 brigadas e 15 motobombas.

O concelleiro de Medio Ambiente do municipio de Ribas de Sil cualificou nese momento aos medios como insuficientes ante a gravidade da situación na que se encontraban, alertando da carencia de brigadas de terra, aínda que si había motobombas.

O incendio na Ribeira Sacra prodúcese o mesmo día que foron declarados os da parroquia de Manín, no Concello de Lobios, dentro do propio Parque de Xurés e outro en Chandrexa de Queixa, concretamente na parroquia de Requeixo.

O lume avanzou sen control en Ribas de Sil e a última previsión o martes 8 as 900 hectáreas, segundo o último parte da Consellería de Medio Rural e obrigaba a activar a situación 2 pola proximidade aos núcleos de poboación coma Rairos.



Por outra banda o lume estendeuse ata o municipio de Quiroga, sendo necesario cortar temporalmente as estradas LU-P_5301 e LU-P_933.

O conselleiro de Medio Rural, desprazado a Ribas de Sil, afirmaba que a orixe era claramente intencionado e que a loita contra o lume se vira con moita dificultade polas condicións atmosféricas, altas temperaturas e fortes ventos.

Sempre que se produce a situación climatolóxica de 30-30-30 a Consellería utiliza o mesmo mantra o que nunca fai e unha autocrítica sobre a falla de medidas preventivas e de planificación, ademais de que o Pladiga de 2021 é un corta e pega do anos anteriores, con lixeiras modificacións.

A situación está a ser moi penosa para os veciños e veciñas de Vilariño, entre outros, no que se valoraba a posibilidade de ser evacuados.

O acontecido é de tal envergadura que o fume chegaba á cidade de Lugo, debido aos incendios existentes na comarca de Quiroga.

Dada a situación producida incorporáronse 63 militares da UME para apoiar os labores de extinción.

Resaltando en primeiro lugar é con carácter previo a nosa preocupación polos veciños e veciñas afectadas e polos traballadores e traballadoras das distintas administracións que se encontran loitando contra os lumes, cunha excepcional profesionalidade e en moitos casos poñendo en risco as súas propias vidas o Grupo Parlamentario Socialista non pode deixar de sinalar que o problema dos lumes en Galicia, inda que somos conscientes de que é preciso manter esforzos para a persecución do delito, cando así fora, é o abandono absoluto no que está o territorio, cun rural desmantelado de servizos e con medio millar de hectáreas abandonadas aptas para aproveitar de forma sostible e multifuncional.

O problema real é a falla de relevo xeracional e eses miles de galegos que abandonan, ano tras ano.

Tanto Ourense coma Lugo teñen estes problemas máis acusados se cabe, cun plan forestal que os abandona, e os núcleos de poboación en moitos lugares están envellecidos e rodeados de monte, estes por riba literalmente das vivendas e o traballo que debía facer a Consellería de Medio Rural en relación a esa imprescindible protección están sen facer.



Por todo o exposto, o Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia presenta a seguinte proposición non de lei para o seu debate en Comisión:

O Parlamento galego insta a Xunta de Galicia a que, de forma urxente, empregue os medios materiais e humanos necesarios para proceder a limpeza das faixas de xestión de biomásas de tódolos concellos cun alto risco de incendios, que se repiten ano tras ano e ca poboación envellecida, co fin de salvagardar a vida das veciñas e veciños e dos seus bens, e paulatinamente a incrementar de forma urxente as inversións en prevención para non ter que ser empregado o orzamento case exclusivamente en extinción.

Pazo do Parlamento, 7 de setembro do 2021

Asdo.: Carmen Rodríguez Dacosta
Martín Seco García
Luís Manuel Álvarez Martínez
Patricia Otero Rodríguez
Deputadas e deputados do G.P. dos Socialistas de Galicia

Asdo.: Gonzalo Caballero Miguez
Portavoz do G.P. dos Socialistas de Galicia

Asinado dixitalmente por:

María del Carmen Rodríguez Dacosta na data 07/09/2021 14:03:25

Martín Seco García na data 07/09/2021 14:03:37

Luis Manuel Álvarez Martínez na data 07/09/2021 14:03:46





Patricia Otero Rodríguez na data 07/09/2021 14:03:55

Gonzalo Caballero Míguez na data 07/09/2021 14:04:05



Á Mesa do Parlamento

O Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, por iniciativa da súa deputada e do seu deputado, Matilde Begoña Rodríguez Rumbo e Luís Manuel Álvarez Martínez, a través do portavoz e ao abeiro do disposto no artigo 160 do Regulamento da Cámara, presenta ante esa mesa a seguinte proposición non de lei para o seu debate na Comisión 4ª.

A sangría demográfica que está a padecer o noso país supuxo que en 10 anos perderamos 95.834 habitantes (IGE 2010-2020), situación que aínda se agrava moito máis no noso rural. Aínda que as causas son varias, a perda de servizos públicos, así como a precarización dos que quedan leva aos máis novos a buscar unha alternativa para desenvolver o seu proxecto vital ben nas vilas máis poboadas, nas cidades ou fóra da nosa comunidade.

O concello de Frades é un concellos rural do interior da provincia da Coruña, cunha poboación de 2.302 habitantes, 346 persoas menos que hai 10 anos, o que supón unha perda de máis do 13 % da súa poboación, que conta co CPI Ponte Carreira no que a Consellería de Educación pretende agrupar dous cursos de infantil, 4º e 5º, coa redución dun profesor, pasando a unha unidade con 9 nenos e nenas de 3 anos e 9 de 4 anos, é dicir, unha unidade con 18 alumnos e alumnas, sen ter en conta os prexuízos pedagóxicos dun número tan alto de alumnado nesas idades, a inconveniencia desa agrupación nunha situación de pandemia que aínda estamos a vivir, así como, tal e como ven sucedendo nos últimos anos, unha vez que comeza o curso adóitanse recibir novas solicitudes de matrícula, en especial nos cursos de infantil, de menores inicialmente matriculados noutros colexios públicos de concellos limítrofes onde hai unha maior saturación por aula e con niveis de ratio en máximos, polo que a dita unidade pode acadar máis alumnado.

Esta pretensión da Consellería de Educación foi rexeitada polo ANPA do colexio, polos representantes das nais e dos pais no consello escolar, pola dirección do centro e por todos os grupos políticos con representación na corporación municipal. Por iso, o Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, presenta a seguinte proposición non de lei:

O Parlamento de Galicia insta a Xunta de Galicia a tomar as medidas precisas para evitar o agrupamento destas dúas unidades no CPI Ponte Carreira de Frades.

Pazo do Parlamento, 7 de setembro de 2021





Asinado dixitalmente por:

Matilde Begoña Rodríguez Rumbo na data 07/09/2021 16:48:25

Luis Manuel Álvarez Martínez na data 07/09/2021 16:48:44

Gonzalo Caballero Míguez na data 07/09/2021 16:48:58



Á Mesa do Parlamento

O Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, por iniciativa das súas deputadas e do seu deputado, Matilde Begoña Rodríguez Rumbo, Leticia Gallego Sanromán e Juan Carlos Francisco Rivera, a través do portavoz e ao abeiro do disposto no artigo 160 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa mesa a seguinte proposición non de lei para o seu debate na Comisión 3ª.

O Consello de Contas foi creado pola Lei 6/1985, do 24 de xuño, do Consello de Contas, como órgano de control externo da Comunidade Autónoma galega. Esta lei foi reformada pola Lei 8/2015, coa finalidade de reforzar as súas competencias, a súa independencia e a súa propia eficiencia e capacidade de cooperación con outras institucións.

Na propia exposición de motivos da Lei 8/2015, do 7 de agosto, de reforma da Lei 6/1985, e do texto refundido da Lei de réxime financeiro e orzamentario de Galicia, aprobado polo Decreto legislativo 1/1999, do 7 de outubro, para a prevención da corrupción, establecece que *“O Consello de Contas de Galicia, o órgano de control e fiscalización externo das contas do sector público autonómico galego, ocupa unha posición especialmente relevante no tecido institucional da Comunidade Autónoma. Creado no propio Estatuto de autonomía de Galicia, no seu artigo 53.2, desenvolvido por unha das primeiras leis da Comunidade Autónoma (a Lei 6/1985, do 24 de xuño, do Consello de Contas, reformada pola Lei 4/1986), desde que o Consello de Contas se puxo en marcha no ano 1991 ten gañado o merecido recoñecemento da sociedade galega pola súa continuada contribución, a través dos sucesivos informes presentados ao Parlamento, á mellora da xestión dos recursos públicos administrados polo sector público autonómico”*.

E no artigo primeiro, modifícase o punto 1 do artigo 1 da Lei 6/1985, do 24 de xuño, do Consello de Contas, que queda redactado como segue: *“O Consello de Contas, como órgano de fiscalización externa das contas e da xestión económico-financieira e contable, exercerá a súa función en relación coa execución dos programas de ingresos e gastos do sector público da Comunidade Autónoma e asesorará o Parlamento de Galicia en materia económico-financieira”*, de xeito que o Consello de Contas, de acordo co artigo 53 do Estatuto de autonomía de Galicia, debe ofrecer ao Parlamento unha opinión sobre os estados financeiros da Comunidade que lle permita pronunciarse sobre a súa aprobación emitindo unha opinión sobre a integridade e fiabilidade das contas presentadas e sobre a situación económica da Administración autonómica,



cumprindo con tres obxectivos: verificar se a información rendida é completa e permite trasladar ao Parlamento unha opinión fiable; determinar se as contas reflicten razoablemente a imaxe fiel do patrimonio, dos resultados e da liquidación do orzamento e ofrecer a información necesaria para interpretar correctamente a situación financeira da Administración.

O 30 de xullo deste ano tiveron entrada neste Parlamento a Memoria anual de actividades do Consello de Contas de Galicia correspondentes ao exercicio 2020 e oito informes de fiscalización entre os que se inclúe o informe de fiscalización da Conta Xeral da Comunidade Autónoma correspondente a 2019.

No dito Informe de Fiscalización correspondente á Conta Xeral da Comunidade Autónoma para 2019 o Consello de Contas volve a poñer de manifesto unha serie de irregularidades na presentación das contas e na información facilitada que limitan o alcance do informe e presentan un número importante de incorreccións que se reiteran, na súa maioría, ano tras ano, polo que a maioría das recomendacións formuladas son idénticas ás feitas en exercicio anteriores e que seguen a estar pendentes de aplicación.

O feito de non aplicar as recomendacións feitas polo órgano fiscalizador supón un incumprimento grave co compromiso de transparencia, limitando a responsabilidade encomendada ao Consello de ofrecer ao Parlamento de Galicia unha opinión sobre os estados financeiros da Comunidade que lle permita pronunciarse sobre a súa aprobación.

Por iso, o Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, presenta a seguinte proposición non de lei:

O Parlamento de Galicia insta o Goberno galego a aplicar as recomendacións feitas polo Consello de Contas no seu Informe de fiscalización correspondente á Conta Xeral da Comunidade para o exercicio 2019, co fin de non limitar a responsabilidade encomendada ao Consello de ofrecer ao Parlamento de Galicia unha opinión sobre os estados financeiros da Comunidade que lle permita pronunciarse sobre a súa aprobación na conta correspondente ao exercicio 2020.

Pazo do Parlamento, 7 de setembro de 2021

Asinado dixitalmente por:





Matilde Begoña Rodríguez Rumbo na data 07/09/2021 17:27:34

María Leticia Gallego Sanromán na data 07/09/2021 17:27:51

Juan Carlos Francisco Rivera na data 07/09/2021 17:28:04

Gonzalo Caballero Míguez na data 07/09/2021 17:28:20



Á Mesa do Parlamento

O Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, por iniciativa das súas deputadas e do seu deputado, Matilde Begoña Rodríguez Rumbo, Leticia Gallego Sanromán e Juan Carlos Francisco Rivera, a través do portavoz e ao abeiro do disposto no artigo 160 do Regulamento da Cámara, presenta ante esa mesa a seguinte proposición non de lei para o seu debate na Comisión 3ª.

O Consello de Contas foi creado pola Lei 6/1985, do 24 de xuño, do Consello de Contas, como órgano de control externo da Comunidade Autónoma galega. Esta lei foi reformada pola Lei 8/2015, coa finalidade de reforzar as súas competencias, a súa independencia e a súa propia eficiencia e capacidade de cooperación con outras institucións.

Na propia exposición de motivos da Lei 8/2015, do 7 de agosto, de reforma da Lei 6/1985, e do texto refundido da Lei de réxime financeiro e orzamentario de Galicia, aprobado polo Decreto legislativo 1/1999, do 7 de outubro, para a prevención da corrupción, establececese que *“O Consello de Contas de Galicia, o órgano de control e fiscalización externo das contas do sector público autonómico galego, ocupa unha posición especialmente relevante no tecido institucional da Comunidade Autónoma. Creado no propio Estatuto de autonomía de Galicia, no seu artigo 53.2, desenvolvido por unha das primeiras leis da Comunidade Autónoma (a Lei 6/1985, do 24 de xuño, do Consello de Contas, reformada pola Lei 4/1986), desde que o Consello de Contas se puxo en marcha no ano 1991 ten gañado o merecido recoñecemento da sociedade galega pola súa continuada contribución, a través dos sucesivos informes presentados ao Parlamento, á mellora da xestión dos recursos públicos administrados polo sector público autonómico”*.

E no artigo primeiro, modifícase o punto 1 do artigo 1 da Lei 6/1985, do 24 de xuño, do Consello de Contas, que queda redactado como segue: *“O Consello de Contas, como órgano de fiscalización externa das contas e da xestión económico-financieira e contable, exercerá a súa función en relación coa execución dos programas de ingresos e gastos do sector público da Comunidade Autónoma e asesorará o Parlamento de Galicia en materia económico-financieira”*, de xeito que o Consello de Contas, de acordo co artigo 53 do Estatuto de Autonomía de Galicia, debe ofrecer ao Parlamento unha opinión sobre os estados financeiros da Comunidade que lle permita pronunciarse sobre a súa aprobación emitindo unha opinión sobre a integridade e fiabilidade das contas presentadas e sobre a situación económica da administración autonómica,



cumprindo con tres obxectivos: verificar se a información rendida é completa e permite trasladar ao Parlamento unha opinión fiable; determinar se as contas reflicten razoablemente a imaxe fiel do patrimonio, dos resultados e da liquidación do orzamento e ofrecer a información necesaria para interpretar correctamente a situación financeira da Administración.

O 30 de xullo deste ano tiveron entrada neste Parlamento a Memoria anual de actividades do Consello de Contas de Galicia correspondes ao exercicio 2020 e oito informes de fiscalización entre os que se inclúe o Informe de fiscalización da Conta Xeral da Comunidade Autónoma correspondente a 2019.

No dito informe de Fiscalización correspondente á Conta Xeral da Comunidade Autónoma para 2019 o Consello de Contas volve a poñer de manifesto unha serie de irregularidades na presentación das contas e na información facilitada que limitan o alcance do informe e presentan un número importante de incorreccións que se reiteran, na súa maioría, ano tras ano, polo que a maioría das recomendacións formuladas son idénticas ás feitas en exercicios anteriores e que seguen a estar pendentes de aplicación.

Entre as incorreccións que pon de manifesto o órgano fiscalizador, manifesta no apartado B):

“2.5. No orzamento da Administración xeral rexistráronse con cargo ao exercicio 2019 gastos de exercicio anteriores por importe de 57,41 millóns de euros, mentres que deixaron sen rexistrarse gastos correspondentes ao devandito exercicio por importe de 64,89 millóns de euros, polo que o resultado orzamentario está sobrevalorado en 7,48 millóns de euros.

2.6. O remanente de tesourería da Administración xeral está sobrevalorado en 64,89 millóns de euros polas obrigas non imputadas ao orzamento no que se realizaron os gastos e que se rexistran parcialmente na conta 409. O remanente non distingue entre o afectado e o non afectado.

2.7. No ámbito do Sergas, no exercicio 2019 rexístranse gastos de exercicios anteriores por importe de 23,39 millón de euros, mentres que deixan de rexistrarse gastos correspondentes ao devandito exercicio por importe de 61,98 millóns de euros, polo que o resultado orzamentario está sobrevalorado en 38,59 millóns de euros”.

Este desprazamento de gasto distorsiona a transparencia requirida nos contas da Administración autonómica, así como a realidade sobre o cumprimento das



regras de gasto de obrigado cumprimento.

Por iso o Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, presenta a seguinte proposición non de lei:

O Parlamento de Galicia insta ao goberno galego a aplicar as recomendacións feitas polo Consello de Contas no seu informe de fiscalización corresponde á Conta Xeral da Comunidade para o exercicio 2019, co fin de non limitar a responsabilidade encomendada ao Consello de ofrecer ao Parlamento de Galicia unha opinión sobre os estados financeiros da Comunidade que lle permita pronunciarse sobre a súa aprobación na conta correspondente ao exercicio 2020.

Pazo do Parlamento, 7 de setembro de 2021

Asinado dixitalmente por:

Matilde Begoña Rodríguez Rumbo na data 07/09/2021 18:35:02

María Leticia Gallego Sanromán na data 07/09/2021 18:35:17

Juan Carlos Francisco Rivera na data 07/09/2021 18:35:28

Gonzalo Caballero Míguez na data 07/09/2021 18:35:42





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, a iniciativa do deputado **Xosé Luis Rivas Cruz** e das deputadas **Maria González Albert** e **Carmen Aira Díaz**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei para debate na Comisión 7ª**.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

A gandaría de montaña, esa que produce carnes variadas e exquisitas na calidade e no sabor non foi tema que lle preocupase ó PP máis alá de manter uns lazos populistas e caciquís que lle permitisen o control dos votos dos gandeiros e gandeiras.

Nunca optou por fortalecela e por darlle alternativas que fixeran dela nas súas diferentes variedades (vacún, cabalar, ovino e cabrún) unha actividade que asente poboación, xestione territorio e que sirva de prevención dos lumes pola súas rozas na matogueira dos nosos montes.

Estas afirmacións non son gratuítas. Nos anos 2013-14-15 e 18 a Consellería de Medio Ambiente non sacou ningunha liña de axudas para incentivar e desenvolver prácticas de manexo preventivo do gando coma mellor maneira de reducir e evitar os danos da fauna salvaxe nin á reparación destes. E as liñas de axudas aprobadas para prevención teñen resultado o suficientemente escasas coma para demostrar o pouco ou nulo interese da Xunta en abordar esta cuestión con responsabilidade e rigor.

O esforzo dunha administración en desenvolver este tipo de medidas de manexo preventivo das gandarías pode ser empregado coma o mellor indicador da importancia





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

que se lle ten prestado ao longo dos anos á problemática do lobo. E os datos apuntan a que a Consellería máis ben lle ten importado bastante pouco ou só o mínimo para aparentar cara a galería ante as críticas e malestar dos afectados.

E agora, de súpeto, o lobo pasa a ser asunto político central da axenda da Conselleira, cunha Xunta seica indignada polo posible cambio de protección legal da especie, coma paso para dar solucións ós danos que causan e garanti-la súa conservación. Resulta que agora para a Xunta a especie multiplicouse e comezou a ataca-lo gando coma nunca. Seica tanto ten aumentado nos últimos anos que estamos ante unha superpoboación. Orquestrouse unha especie de campaña para convencer á cidadanía que hai lobos por todas partes, danos por tódolos lados. Máis, á hora da verdade, a Xunta, se é e era coñecedora desta circunstancia, cabería preguntarse por que en tantos anos non se ten implicado máis e despregado medidas no grado e alcance proporcionado a esta suposta sobrepoboación.

Neste sentido, agardamos con ansia o resultado do censo exprés encargado pola Xunta para o 2021, para actualizar os datos da poboación referidos ó último censo realizado entre o 2013 e 2015. Censo que semella ideouse co propósito de demostrar que hai unha superpoboación lobuna e para o que non resultaría preciso protexer máis. Mudará de opinión a Xunta de resultar que o censo, no lugar de demostrar unha superpoboación, pode ofrecer unha diminución considerable das mandas con respecto ao anterior? Pois todo apunta, que os primeiros datos avanzados a nivel global das catro provincias van nesa liña.

Exerce de abandeirada doutras rexións e tenta acaparar apoios de tódalas forzas políticas nunha cruzada contra o lobo. Ante tanta insistencia e despregue político neste asunto, non hai quen o crea. A estratexia é clara, no fondo aquí o que menos lle importa á Xunta, unha vez máis, é o lobo e os gandeiros e os danos. Aquí o que importa é a





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

acción política de desgaste, o PP ten claro que hai que poñer patas arriba tódalas accións do goberno. E nisto o lobo pois tamén é utilizado.

As axudas, cando se sacaban, eran ridículas e as condicións eran e son de difícil cumprimento.

Poñamos por caso unha grea de gando cabalar en liberdade nun monte perimetrado de 400has. Para ter dereito a indemnización polos danos do lobo ten que se da-lo aviso nas 72 horas seguintes ó ataque e teñen que aparecer restos. Por conseguinte é necesario percorrer metro a metro as 400has cada 3 días, tódolos días do ano.

Vaia que están feitas a mantenta para non pagalas. Os cabalos deben ser chipeados. Un chip custa entre 40 e 50 euros. O valor no mercado dun poldro é arredor de 40 ou 60 euros. A realidade é demoledora.

Desde o bng non negámo-los ataques do lobo ó gando, pero defendémo-la súa existencia na necesaria diversidade. Unha sociedade moderna debe optar, ou se erradica, coas consecuencias que isto ten para a biodiversidade e como controlador natural e propiciador de beneficios para o ecosistema, ou se admite como necesaria a súa conservación en liberdade e cunha diversidade xenética axeitada para a súa existencia. Pero esta coexistencia non pode ser a costa dos gandeiros e gandeiras e para iso a sociedade debe procurar facilitar ós gandeiros:

- a) Medios preventivos que disuadan os ataques
- b) Medios que compensen os danos.

Os medios preventivos que ofrece o goberno son escasos e teñen unhas condicións ás veces de difícil cumprimento polos prazos, documentación farragosa ... O asesoramento en prevención non existe.





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Os medios compensatorios son tamén escasos e con condicións que deixan fóra a maior parte da casuística. No tocante a gando cabalar en liberdade queda case todo fóra porque aínda que os ataques son moitos e fan que os poldros non aparezan no tempo dos curros, ó non haber despoxos nin notificacións en tempo a Consellería lava as mans.

Mante-los espazos privilexiados dos nosos montes, as turbeiras de coberteira do Xistral e do Cadramón, as greas da Capelada, Sabucedo, Monte Faro de Vimianzo, Castrove, da Groba... supón mante-la actividade dos besteiros de xeito digno e non en precario como están agora e un dos medios disuasorios dos ataques do lobo é constituír greas ben formadas.

Favorece-la ganaría extensiva nos nosos montes e mante-la existencia do lobo pasa por recuperar, formar e facer rendible o oficio de pastor. O equilibrio medioambiental, a xestión do territorio e a loita en contra do lume ben merecen ese esforzo.

Claro que toda esta protesta que manipula o PP e que utiliza como airado argumento a inclusión do lobo no Listado de Especies Silvestres en Régimen de Protección Especial y del Catálogo Español de Especies Amenazadas (LESRPRE) só persegue desgasta-lo goberno central e camufla-la responsabilidade do goberno galego na xestión do lobo e no deterioro galopante da ganaría extensiva.

Conta a Xunta xa con algún primeiro dato avanzado da situación no número de mandas de lobo do censo que está realizando? De demostrarse que non hai superpoboación e que, pola contra, a poboación tería diminuído, vai cesar na súa reivindicación contra a inclusión do lobo no LESRPRE





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Non é así como se xestiona e respecta a actividade dos gandeiros e gandeiras en extensivo. Claro que deste xeito tamén se canaliza politicamente o cabreo xustificado polo abandono e pola incompetencia do goberno da Xunta do PP.

E no referente á reparación dos danos é necesario unha valoración destes o máis real posible contemplando tamén o lucro cesante e ampliando as axudas á gandería de autoconsumo.

Por todo o exposto anteriormente, o Grupo Parlamentar presenta a seguinte proposición non de lei para debate na Comisión 7ª:

“O Parlamento insta a Xunta de Galiza a:

- Establecer nas futuras ordes de axudas un criterio de conteo de poldros e bestas vítimas dos ataques de lobo que respondendo á realidade non precise da presenza e identificación de restos.

- Ampliar razoablemente o prazo de xustificación das axudas dende que se comunica a aprobación da axuda ata que se presenta a conta xustificativa co gasto.

- Estudar xunto cos propietarios de greas ou cos seus lexítimos representantes, estratexias para unha comercialización da carne de poldro que ofrezca prezos razoables e economicamente rendibles.

- Establecer nas futuras ordes de axudas un criterio semellante para o conteo de cuxos e vacas en extensivo, vítimas dos ataques de lobo que respondendo á realidade non precise da presenza e identificación de restos.





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

- Incluir na ordes de axudas por danos o lucro cesante cunha valoración axeitada á realidade.

- Elaborar medidas de apoio e estratexias de mercado a respecto da comercialización da carne de vacún en extensivo.

- Establecer unha liña específica de axudas dentro do eco esquema de pastoreo extensivo do plan estratéxico galego para o novo PDR 2021-2027 que estableza un pago compensatorio polos servizos ambientais que prestan e outro pago polo servizo de mantemento e coexistencia cos grandes carnívoros (oso e lobo).”

Santiago de Compostela, 8 de setembro de 2020

Asdo.: **Xosé Luis Rivas Cruz**

Maria González Albert

Carmen Aira Díaz

Deputado e deputadas do G.P. do BNG

Ana Pontón Mondelo

Portavoz do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Xosé Luis Rivas Cruz na data 08/09/2021 12:13:15





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

María González Albert na data 08/09/2021 12:13:19

María del Carmen Aira Díaz na data 08/09/2021 12:13:28

Ana Pontón Mondelo na data 08/09/2021 12:13:36



Á Mesa do Parlamento

O Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, por iniciativa do seu deputado e da súa deputada, Luís Manuel Álvarez Martínez e Noa Díaz Varela, a través do portavoz e ao abeiro do disposto no artigo 160 do Regulamento da Cámara, presenta ante esa mesa a seguinte proposición non de lei para o seu debate na Comisión 4^a.

Durante o curso escolar 2020/2021, o primeiro tras a grave paralización da actividade lectiva presencial como consecuencia da situación sanitaria provocada pola covid-19, a Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria incrementou con respecto ao curso anterior 43 unidades en educación infantil, 113 en educación primaria, 425 en educación secundaria obrigatoria e 127 en bacharelato, así como 240 mestres e 1058 profesores de educación secundaria.

O anterior, cunha achega de fondos extraordinarios por parte do Goberno do Estado, supuxo, en certa medida, corrixir o déficit de profesorado no sistema educativo galego, situación que é estrutural dende o primeiro Goberno do presidente Núñez Feijóo, situando as cifras en niveis similares ao ano 2010.

Non obstante, e pese á existencia de fondos para manter o profesorado (828.381,840 € que lle corresponden a esta comunidade autónoma segundo o *Real decreto 684/2021, do 3 de agosto, polo que se establecen a distribución e os aspectos necesarios para poder efectuar o libramento da dotación adicional de recursos para as comunidades autónomas e cidades de Ceuta e Melilla prevista no artigo 117 da Lei 11/2020, do 30 de decembro, de Orzamentos Xerais do Estado para o ano 2021*), a Consellería de Cultura, Educación e Universidade parece ter apostado por volver á situación anterior o que xa de por si é grave, ou mesmo reducir aínda máis o número de docentes con respecto ao curso 2019/2020 o que é inexplicable.

Como é de sobra sabido a grave crise demográfica que sofre Galicia e que afecta fundamentalmente ao mundo rural, supón necesariamente a perda de alumnos e a conseguinte redución de unidades nos centros educativos, incluso o peche dalgún deles, o que da lugar a situacións graves que deberían ser corrixidas á maior brevidade, posto que se trata dun asunto de País.

A redución de oferta educativa nos concellos afonda, aínda máis, no progresivo desmantelamento de servizos públicos, como xa ten denunciado en repetidas ocasións este grupo parlamentario.



O anterior é aplicable á situación que se está a dar no IES Lama das Quendas de Chantada no que a veciñanza ten iniciado unha mobilización ante o feito de que este centro reduza sete docentes con respecto ao curso anterior e tres con respecto ao curso 2019/2020, o que provoca de xeito obvio unha mingua da oferta educativa xa que suporá a perda da Educación Secundaria para Adultos (ESA), oferta que só se dá neste centro na localidade de Chantada e que tamén atende a persoas dos concellos de Taboada e Carballedo (entre outros), así como do programa CUALE do que resulta innecesario resaltar a súa importancia e no que este centro está autorizado este curso para as modalidades A1, A2, B1 e B2 de inglés.

Por iso, o Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, presenta a seguinte proposición non de lei.

O Parlamento de Galicia, insta a Xunta de Galicia a dotar o IES Lama das Quendas de Chantada do profesorado suficiente para garantir a oferta educativa que viña tendo ata o curso 2019/2020, así como a posibilidade de que o alumnado deste centro teña as posibilidades previstas na normativa en canto á optatividade.

Pazo do Parlamento, 8 de setembro de 2021

Asinado dixitalmente por:

Luis Manuel Álvarez Martínez na data 08/09/2021 12:11:43

Noa Susana Díaz Varela na data 08/09/2021 12:11:50

Gonzalo Caballero Míguez na data 08/09/2021 12:12:07





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

O Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG), a iniciativa das deputadas **Montserrat Prado Cores** e **Noa Presas Bergantiños** e dos deputados **Ramón Fernández Alfonzo** e **Daniel Pérez López**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei para debate na Comisión 3ª**, relativa as medidas a tomar diante do peche das oficinas de ABANCA en Cambados.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O Bloque Nacionalista Galego ten denunciado reiteradamente as consecuencias negativas para @s usuari@s do avance da concentración e oligopolización bancaria. A existencia de cada vez menos entidades bancarias e, polo tanto, menos oferta no mercado deriva de forma directa no empeoramento dos servizos e condicións que establecen as diferentes entidades.

O proceso de concentración e centralización bancaria significou a perda progresiva de entidades e tivo efectos moi negativos para Galiza en forma de destrución de emprego, exclusión de amplos sectores da poboación do acceso a servizos financeiros básicos e acentuación das dificultades de acceso ao crédito para o financiamento da nosa economía.

Segundo datos do propio Banco de España, Galiza está na cola do Estado español na rateo entre os aforros depositados nos bancos e o crédito concedido. É dicir, unha parte importante do aforro dos galegos e galegas, en vez de ser reinvestido no noso país, drénase fóra para contribuír ao financiamento da economía doutros territorios.





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Durante os últimos anos puidemos ver como se reducía o número de oficinas bancarias, como se reducían os servizos prestados e como aumentaban as comisións por servizos.

Galiza ten hoxe uns índices de concentración superiores á media estatal e europea e as entidades aproveitan isto para pactar condicións e reducir progresivamente a rede de oficinas ao tempo que empeoran as condicións, buscando o máximo beneficio económico a costa das persoas consumidoras e das e dos traballadores, que sofren constantes ERE e precarizacións. Esta situación afecta especialmente aos colectivos máis vulnerábeis da sociedade,

Neste contexto, vimos de coñecer a decisión de ABANCA de pechar a oficina que ten na parroquia de Corvillón, no concello de Cambados, o peche desta sucursal ven sumarse a outros na comarca do Salnés como Vilaxoán, Carril, Bamio ou a da praza de Galiza no concello de Vilagarcía, Pontearnelas e Baión en Vilanova.

Esta decisión de efectivizarse vai provocar un grave prexuízo as veciñas e veciños da parroquia de Corvillón cunha poboación de máis de dúas mil trescentas persoas, que van ter que desprazarse ou se verán na obriga de facerse dependentes de outras persoas para facelo de xeito dixital, se dispoñen dese recurso. Así mesmo, contradicindo as normas de competencia, impoñen horarios de caixa obrigando ás e aos usuarios a ir nas primeiras horas da mañá, converténdose en normal ver diante das sucursais colas de xente. A pandemia está a ser tamén unha coartada para obrigar á clientela a empregar a banca virtual, abusando especialmente das persoas maiores ao convertelas en vulnerábeis financeiramente.

Esta grave situación fan necesarias actuacións tanto do goberno central, de quen depende a regulación bancaria, como do goberno da Xunta, que ten competencias exclusivas en materia de consumo que non emprega.





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

O BNG súmase á preocupación d@s traballadores e traballadoras e da veciñanza polo peche continuado de oficinas. É preciso e evitar a exclusión financeira na que están quedando miles de galeg@s en Galiza co peche de oficinas, e defender a mellora das condicións laborais e o mantemento dos postos de traballo.

Por estas razóns, o Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego presenta a seguinte proposición non de lei para debate na Comisión 3ª:

“O Parlamento de Galiza insta ao Goberno galego a:

1.- Realizar todas as accións precisas diante da dirección de ABANCA para evitar o peche da oficina de Corvillón Cambados, e a reposición das pechadas na comarca do Salnés, polo que supón de exclusión financeira e perda de servizos á poboación e de postos de traballo.

2.- Exercer as súas competencias exclusivas en materia de consumo para garantir que as entidades bancarias presten os servizos bancarios de calidade, co persoal, instalacións e horario preciso e que non supoñan a vulneración dos dereitos da poboación, en especial da máis vulnerábel.

3. Instar ao Goberno Central a impulsar unha regulación do sector bancario que evite a concentración e centralización, atenda as necesidades de financiamento da economía produtiva e asegure o acceso da cidadanía a servizos financeiros básicos próximos.”

Santiago de Compostela, 8 de setembro de 2021

Asdo.: **Montserrat Prado Cores**





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Noa Presas Bergantiños
Ramón Fernández Alfonso
Daniel Pérez López
Deputada e deputados do G.P. do BNG
Ana Pontón Mondelo
Portavoz do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

María Montserrat Prado Cores na data 08/09/2021 12:48:42

Noa Presas Bergantiños na data 08/09/2021 12:50:03

Daniel Pérez López na data 08/09/2021 12:50:16

Ramón Fernández Alfonso na data 08/09/2021 12:50:28

Ana Pontón Mondelo na data 08/09/2021 12:50:37





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, a iniciativa da deputada **Iria Carreira Pazos** e do deputado **Manuel Lourenzo Sobral**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei para debate na Comisión 4ª**, sobre a redución de aulas na escola infantil de Sabaxáns, en Brión.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS.

Nos últimos anos vimos asistindo a unha serie de políticas promovidas polo goberno galego nas cales se decide o desmantelamento do ensino público. Neste senso, os centros de ensino do rural non deixan de ser un dos máis importantes obxectivos, coa diminución de aulas, agrupamentos entre cursos e incluso chegando ao peche de escolas. Esta eliminación das escolas máis pequenas e de proximidade produce o traslado do alumnado a outros centros máis grandes e afastados, factor que ademais remata por entorpecer e dificultar enormemente a conciliación familiar.

Un destes casos dáse no concello de Brión, onde despois de que no pasado curso se pechase a escola da Luaña, este ano comeza con novos recortes nas escolas unitarias. A escola de Sabaxáns, situada na parroquia de Bastavales, foi unha das que absorbeu parte dese alumnado da Luaña que o curso pasado se viu obrigado a atopar unha nova localización. A comunidade educativa tivo coñecemento en pleno período estival da decisión da Xunta de reducir as dúas aulas existentes a unha soa, na que se acumularía todo o alumnado. Ademais da consecuencia clara que ten de sobrecarga laboral para o profesorado, ao contar con 18 crianzas na mesma aula, tamén se atopan coa situación na que o espazo pode chegar a facerse insuficiente.





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Esta decisión chega ademais cando aínda estamos inmersas na pandemia da COVID-19 e que obriga a continuar mantendo medidas hixiénicas para evitar a súa propagación. Cando neste centro se funcionou con dous grupos burbulla, agora vaise producir o agrupamento de todo o alumnado, duplicando os contactos de cadaquén.

Por todo o exposto anteriormente, o Grupo Parlamentar do BNG formula a seguinte proposición non de lei para o seu debate na Comisión 4ª:

“O Parlamento insta a Xunta de Galiza a reconsiderar a súa decisión de pechar unha das aulas da EEI de Sabaxáns, mantendo os dous grupos como viñan funcionando ata o de agora en aras de preservar unha mellor calidade educativa.”

Santiago de Compostela, 8 de setembro de 2021

Asdo.: **Iria Carreira Pazos**

Deputada do G.P. do BNG

Manuel Lourenzo Sobral

Portavoz s. do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Manuel Antonio Lourenzo Sobral na data 08/09/2021 13:02:50

Iria Carreira Pazos na data 08/09/2021 13:02:53



Á Mesa do Parlamento

O Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, por iniciativa da súa deputada e deputado, **Marina Ortega Otero e Julio Torrado Quintela**, a través do seu portavoz, e ao abeiro do disposto no artigo 160 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **Proposición non de lei para o seu debate en Comisión 5.^a, Sanidade, Política Social e Emprego.**

Exposición de motivos

As administracións locais fixeron un gran esforzo económico para paliar as consecuencias da pandemia provocada pola Covid-19. Un dos maiores gastos locais para moitos dos concellos é o custe que supón o SAF pola ausencia da actualización da cota que a Xunta tiña que aportar ao servizo. Finalmente o Goberno galego accedeu, a proposta do Grupo Socialista, dedicar ao incremento da cota que asume do SAF dunha parte do fondo de consenso destinado a paliar os efectos da Covid. Dende o grupo que sustenta o Goberno da Xunta de Galicia fíxose o compromiso de aumentar de 9,70 euros a hora do SAF, a 11,50 euros por hora.

Polo tanto nun momento de crise sanitaria, cando as administracións locais están a organizar os seguintes presupostos é preciso saber se o Goberno da Xunta de Galicia asumirá o incremento do copago no SAF ordinario en Galicia, e cando se fará efectivo.

Tratándose dun servizo fundamental dentro do novo modelo de coidados que Galicia precisa, unha das comunidades autónomas con maior taxa de envellecemento, é urxente un traballo transversal entre as administracións que ofrezca a previsión de recursos a modo de organizar a mellora do propio servizo.

A repercusión dunha boa organización e previsión dos recursos, repercutirá sobre o benestar das persoas usuarias do Servizo de Axuda no Fogar.

Polo exposto, o Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia presenta a seguinte Proposición non de lei:



“O Parlamento de Galicia insta á Xunta de Galicia a que informe sobre cando será efectivo o incremento da aportación da Administración autonómica no SAF.”

Pazo do Parlamento, 08 de setembro de 2021

Asdo.: Marina Ortega Otero
Julio Torrado Quintela Marina Ortega Otero
Deputada e deputado do G.P. dos Socialistas de Galicia
Asdo.: Gonzalo Caballero Miguez
Portavoz do G.P. dos Socialistas de Galicia

Asinado dixitalmente por:

Marina Ortega Otero na data 08/09/2021 17:13:53

Julio Torrado Quintela na data 08/09/2021 17:14:04

Gonzalo Caballero Míguez na data 08/09/2021 17:14:14





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, a iniciativa das deputadas **María González Albert** e **Carmen Aira Díaz** e do deputado **Xosé Luis Rivas Cruz**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei para debate na Comisión 7ª**, sobre a incidencia que o baleirado dos encoros por parte das eléctricas tivo na extinción dos lumes da xornada do 7 de setembro e das medidas a tomar por parte da Xunta de Galiza.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

A xornada do 7 de setembro déronse unhas condicións climatolóxicas que situaron a boa parte do territorio galego en situación de risco extremo en relación coa posíbel declaración de incendios forestais.

As previsións non erraron e nesa xornada (e xa na anterior do 6 de setembro) declaráronse no conxunto do país distintos lumes de distinta categoría que afectaron en maior ou menor grao a diferentes concellos de todo o país sendo o máis grave o declarado en Ribas de Sil (Lugo). Este último derivou no primeiro “grande incendio forestal” do ano no país e, partindo de dous focos diferentes, afectou nese concello e no veciño Pobra de Brollón a aproximadamente 1.450 hectáreas de masa arborada e monte baixo segundo os datos oficiais, sendo declarada situación 2 ante o grave perigo de afectación aos núcleos habitados de Rairos, Beirán (Salcedo) ou as Laceiras.

Ao tempo nesa xornada de lumes declaráronse, entre outros moitos incendios, dous focos no concello de Chandrexa de Queixa (Ourense) que remataron por queimar





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

122 hectáreas de monte raso e que se achegaron a 100 metros do parque natural do Invernadoiro.

Paralelamente estamos a asistir en Galiza a unha situación inédita na que as grandes empresas eléctricas teñen levado a cabo un baleirado agresivo dalgúns dos maiores encoros dos nosos ríos para especular cos prezos da luz a custa dun ben básico e aumentar así o seu negocio.

Este baleirado coñecido con anterioridade pola Xunta de Galiza e que representa un grave atentado ecolóxico e unha intervención abusiva no mercado eléctrico, ten ademais unha grave derivada vinculada á actuación dos medios aéreos en lumes tan complicados de abordar como os que mencionamos con anterioridade.

Así, semella confirmado que, cando menos nos dous lumes de Chandrexa de Queixa, non se puido contar coa intervención dos FOCA porque a situación de baleirado do Cenza (ao 12,5% da súa capacidade) e as Portas (14,74% de capacidade), os encoros máis próximos impedía realizar os traballos de carga. Queremos ter presente o agravante de que toda a superficie ardida neses lumes foi dentro do Macizo Central ourensán e polo tanto dentro da Rede Natura.

No grande lume de Ribas de Sil, por outra banda, vimos como eses mesmos FOCA tiñan que alongar o tempo de desprazamento para poder cargar en Belesar (a uns 40 km) cando o Cenza estaba só a 28 km de distancia.

Por todo o exposto, o Grupo Parlamentar do BNG presenta a seguinte proposición non de lei para debate na Comisión 7ª:

“O Parlamento de Galiza insta a Xunta de Galiza a:





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

1. Avaliar os danos materiais, a superficie afectada, a afectación ambiental e os custes de extinción e recuperación derivados da incidencia do baleirado dos encoros nas labores de extinción dos incendios forestais de Chandrexa de Queixa e Ribas de Sil do pasado 7 de setembro
2. Establecer á empresa a sanción correspondente derivada da avaliación anterior.
3. Tomar as medidas precisas para que os encoros hoxe baleirados de xeito irregular recuperen canto antes os seus niveis medios de anos anteriores para evitar que se repita a situación en caso de producirse novos incendios forestais.”

Santiago de Compostela, 8 de setembro de 2021

Asdo.: **María González Albert**

Carmen Aira Díaz

Xosé Luis Rivas Cruz

Deputadas e deputado do G.P. do BNG

Ana Pontón Mondelo

Portavoz do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

María González Albert na data 08/09/2021 18:36:17





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

María del Carmen Aira Díaz na data 08/09/2021 18:36:27

Xosé Luis Rivas Cruz na data 08/09/2021 18:36:37

Ana Pontón Mondelo na data 08/09/2021 18:36:48





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, a iniciativa das deputadas **María González Albert** e **Carmen Aira Díaz** e do deputado **Xosé Luis Rivas Cruz**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei para debate na Comisión 7ª**, sobre a recuperación das zonas queimadas nos lumes de Ribas de Sil e Quiroga.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

As xornadas do 6 e o 7 de setembro foron Galiza estaba en risco extremo ante a posibilidade de incendios forestais. Así, máis unha vez, no luns 6 de setembro o país comezou a arder de norte a sur e de leste a oeste: Éntoma (O Barco de Valdeorras), Enxilde (Mazaricos), Pantón, Chandrexa de Queixa, Cerceda, Portomarín, Santa Comba, Bastavales (Brión), Guitiriz, Friol, A Peroxa, (San Fiz)A Proba de Trives, Seres (Castroverde), Cualedro, Quiroga, A Pobra de Brollón e Ribas de Sil.

Este último, o de Ribas de Sil, estaba situado dentro do perímetro da Ribeira Sacra e en boa medida dentro do xeparque Montañas do Courel e derivou no primeiro “grande incendio forestal” do ano no país e, partindo de dous focos diferentes, afectou nese concello e no veciño da Pobra de Brollón a aproximadamente 1.450 hectáreas de masa arborada e monte baixo segundo os





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

datos oficiais, sendo declarada situación 2 ante o grave perigo de afectación aos núcleos habitados de Rairos, Beirán (Salcedo) ou as Laceiras.

Por outra banda, os dous lumes declarados en Chandrexa de Queixa afectaron a máis de 120 hectáreas do Macizo Central e da escasa Rede Natura declarada como tal en Galiza.

Unha vez controlados, estabilizados e sufocados os lumes chega a importante labor de recuperación destas zonas ambiental, cultura, social e economicamente relevantes das provincias do interior de Galiza, que teñen no Macizo e na Ribeira Sacra dous dos elementos máis singulares e enriquecedores dos seus territorios.

Por todo o exposto, o Grupo Parlamentar do BNG presenta a seguinte proposición non de lei para debate na Comisión 7ª:

O Parlamento de Galiza insta a Xunta de Galiza a:

1. Tomar as medidas de recuperación urxentes precisas para evitar a erosión do terreo e a contaminación dos cursos fluviais afectados polos lumes de Ribas de Sil e Chandrexa de Queixa dos pasados 6 e 7 de setembro.
2. Establecer as medidas excepcionais que sexan necesarias para minorar a afectación dos incendios forestais en espazos naturais protexidos e en espazos





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

singulares como o Macizo Central, o xeparque Montañas do Courel ou a Ribeira Sacra.

3. Avaliar o grao de execución dos traballos de limpeza de biomasa nas zonas afectadas polos lumes e a súa incidencia no resultado final dos mesmos.”

Santiago de Compostela, 8 de setembro de 2021

Asdo.: **María González Albert**

Carmen Aira Díaz

Xosé Luis Rivas Cruz

Deputadas e deputado do G.P. do BNG

Ana Pontón Mondelo

Portavoz do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Xosé Luis Rivas Cruz na data 08/09/2021 19:20:27

María González Albert na data 08/09/2021 19:20:31





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

María del Carmen Aira Díaz na data 08/09/2021 19:20:44

Ana Pontón Mondelo na data 08/09/2021 19:20:53



Á Mesa do Parlamento

O Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, por iniciativa das súas deputadas e do seu deputado **Leticia Gallego Sanromán, Noelia Otero Lago, Julio Torrado Quintela e Marina Ortega Otero**, a través do seu portavoz e ao abeiro do disposto no artigo 160 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **proposición non de lei en Comisión 5.ª, Sanidade, Política Social e Emprego**.

Exposición de motivos

A quinta vaga da pandemia da COVID-19, con casos máis leves debido ao protagonismo da mocidade e ao progreso da vacinación, presionou principalmente na cidade de Vigo aos servizos de atención primaria e urxencias.

No Hospital Álvaro Cunqueiro viviron o verán con maior actividade da súa historia nas urxencias. Non só polas consultas relacionadas coa COVID ou coa súa vacinación, senón tamén pola sobrecarga dos centros de saúde.

A media diaria de visitas ó servizo de adultos do Hospital Álvaro Cunqueiro nunca baixou dos 300, no pasado mes de xullo alcanzou o récord estival das 400 consultas e en agosto 388.

As consecuencias desta situación é o esgotamento físico e mental dos profesionais que están neste servizo de urxencias na cidade de Vigo.

Por outra banda, a sobrecarga á que está sometida a Atención Primaria, co enorme volume de casos COVID leves ou asintomáticos que tiveron que xestionar na época de vacacións e sen substitucións, tamén derivou nun bo número de asistencias ás urxencias hospitalarias. Uns 80 pacientes ó día chegan ó Hospital Álvaro Cunqueiro alegando que non atopan outra vía para ser atendidos.

Nestas circunstancias desde o servizo de urxencias deste hospital manifestan que non se está facendo o uso máis correcto do servizo de Urxencias, soamente un 60 % dos casos que atenden son realmente urxencias. Este debería ser un recurso que se chegara previo paso polo médico de familia, polo Punto de Atención Continuada ou por unha chamada O 061. Sen embargo, tan só unha cuarta parte chegan derivados.



Hai que destacar a importancia que ten para o servizo de Urgencias o labor que realizan os médicos de Atención Primaria. Entre outras cousas están percibindo como a sobrecarga da pandemia levou a un deterioro no seguimento de pacientes crónicos, chegan en peores condicións e requiren uns ingresos que antes evitábanse. Por iso é tan importante o gran traballo que fan os médicos/as de familia.

Có elevado porcentaxe da poboación inmunizada frete a COVID-19, o 70 % na área da poboación, e o descenso da incidencia da quinta vaga, é un bo momento para retomar a cita presencial nos centros de saúde de toda Galicia. Así reduciríanse o número de consultas, xa que se evitaría a duplicidade dunha primeira chamada telefónica e unha posterior citación presencial ó considerar o médico que debe ver ó paciente. Tamén seguimentos telefónicos durante varios días que se limitarían a unha consulta de acto único cunha valoración presencial realizando unha exploración adecuada do paciente.

No pasado mes de outubro os socialista xa rexistramos unha iniciativa instando á Xunta de Galicia a garantir a correcta e plena asistencia sanitaria nos centros de saúde de Vigo e nos PAC para que os vigueses e viguesas teñan unha mellor atención sanitaria, especialmente en pediatría.

Un ano despois a situación non mellorou, senón que foi a peor, polo que volvemos a esixirlle ó Sergas que solucione a problemática que existe na sanidade galega e concretamente na sanidade viguesa.

Por todo o exposto, o Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia presenta a seguinte proposición non de lei para o seu debate en Comisión:

O Parlamento galego insta a Xunta de Galicia a:

- Retomar a cita presencial inmediatamente nos centro de saúde e que se cubran as prazas vacantes en atención primaria para poder dar servizo sanitario á poboación de Vigo.
- Reforzar con máis persoal ós PAC da cidade e ás Urgencias do Hospital Álvaro Cunqueiro.

Pazo do Parlamento, 9 de setembro do 2021





Asinado dixitalmente por:

María Leticia Gallego Sanromán na data 09/09/2021 10:22:15

Noelia Otero Lago na data 09/09/2021 10:22:24

Julio Torrado Quintela na data 09/09/2021 10:22:38

Marina Ortega Otero na data 09/09/2021 10:22:46

Gonzalo Caballero Míguez na data 09/09/2021 10:22:55





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, a iniciativa das deputadas **Carmen Aira Díaz** e **Mercedes Queixas Zas** e do deputado **Manuel Lourenzo Sobral**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei para debate na Comisión 4ª**.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

No concello de Monforte de Lemos atópase o embarcadoiro de Doade. Doade é unha parroquia intermunicipal que pertence aos concellos de Monforte e de Sober. No concreto, o embarcadoiro está na parroquia de Doade, termo municipal de Monforte de Lemos.

Se tomamos a división municipal como referencia observamos como parte da parroquia de Doade pertence a Monforte, en concreto os núcleos dos Palleiros, O Colado e San Pedro de Baños e (sen habitantes) .

Dende a Presidencia do goberno da Deputación de Lugo cámbiase o nome do lugar onde se encontra o embarcadoiro e de onde saen os catamaráns da deputación de Lugo operados por Tragsa, creando un novo topónimo para un lugar que xa estaba nomeado dende tempos inmemoriais, polo que se considera un topónimo asentado. Para maior complicación o “novo topónimo” coincide con outro xa existente e asentado na propia Ribeira Sacra (marca turística e xeodestino). Ponte do Sil é un lugar do termo municipal de Quiroga (véxase o nomenclátor de Galicia).





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

A normativa en vigor na comunidade galega conduce a determinar que corresponde á Xunta de Galiza fixar os topónimos oficiais dos municipios, non sendo en ningún caso competencia para determinar os topónimos dos concellos ou deputacións correspondentes.

As procuras toponímicas realizadas por internet conducen en moitas ocasións ao concello de Quiroga ocasionando graves problemas ás persoas que se achegan á Ribeira Sacra para desfrutar dun paseo en catamarán por unha paisaxe natural e patrimonial única.

En todo caso, non ten lóxica cambiar un nome a un embarcadoiro, que tradicionalmente se chama como o lugar onde se encontra, por un nome que causa confusión polo número de "Ponte do Sil" que hai entre o Barco de Valdeorras e Os Peares e que está enclavada na coñecida como Ribeira de Doade tanto na parte monfortina como na de Sober, e menos cando traballamos baixo o mesmo xeodestino.

Por todo o exposto, o Grupo Parlamentar do BNG presenta a seguinte proposición non de lei para debate na Comisión 4ª:

“O Parlamento galego insta a Xunta a renomear o embarcadoiro de Doade, prescindindo do nome impostado de Ponte do Sil, como foi chamado tradicionalmente, recuperando este nome facendo valer as competencias da Xunta de Galiza sobre a toponimia, sendo polo tanto suprimida a denominación de Ponte do Sil, lugar situado no concello de Quiroga e que conduce a confusión das persoas que queren visitar o lugar para embarcarse polo río dende o que tradicionalmente se





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

chamou embarcadoiro de Doade, situado na parroquia de Doade e na Ribeira do mesmo nome.”

Santiago de Compostela, 9 de setembro de 2021

Asdo.: **Carmen Aira Díaz**

Mercedes Queixas Zas

Deputadas do G.P. do BNG

Manuel Lourenzo Sobral

Portavoz s. do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Manuel Antonio Lourenzo Sobral na data 09/09/2021 11:02:51

María del Carmen Aira Díaz na data 09/09/2021 11:02:55

Mercedes Queixas Zas na data 09/09/2021 11:03:06



A Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentario Popular de Galicia** a través do seu **Portavoz** e por iniciativa dos deputados e deputadas, **Miguel Tellado Filgueira, Jose Manuel Rey Varela, Diego Calvo Pouso, Marta Nóvoa Iglesias, Borja Vereá Fraiz, José Antonio Armada Pérez, Ovidio Rodeiro Tato, Cristina Sanz Arias e Sandra Vázquez Domínguez**, ao abeiro do disposto no artigo 160 e concordantes do Regulamento da Cámara, presenta ante esa Mesa, a seguinte **proposición non de lei para o seu debate na Comisión 6ª, Industria, Enerxía, Comercio e Turismo**.

Exposición de motivos

O pasado mes de maio a Xunta de Galicia remitiu ao Goberno unha proposta de Pacto de Estado por Ferrol cun centenar de medidas, prazos e orzamentos concretos para traballar, desde a unidade de acción das diferentes Administracións Públicas, na recuperación e transformación industrial das comarcas de Ferrol, afectadas pola entrada en subactividade de Navantia e polo peche precipitado da central térmica das Pontes, entre outros factores.

Esta folla de futa incorpora as achegas de concellos e axentes económicos e sociais que comparten o propósito de reverter canto antes a actual situación e saír máis fortalecidos. Para conseguilo, as medidas artéllanse ao redor de oito obxectivos: recuperación empresarial e laboral; reforzo de empresas tractoras; modernización e mellora competitiva dos sectores tradicionais; diversificación cara a sectores con potencial de futuro; desenvolvemento das cadeas de valor para, por exemplo, impulsar a industria auxiliar; xeración de innovación e coñecemento; mellora da competitividade territorial; e consolidación dos servizos públicos.

Neste contexto, precisamente, considérase necesario reforzar a posición do Porto de Ferrol na Rede Transeuropea de Transportes para que poida actuar como un polo de atracción empresarial, contribuíndo á xeración de novas oportunidades de emprego para estas comarcas. Cómpre traballar na captación de novos tráxicos para asimilar e superar o impacto da desaparición de movementos de carbón, ao que se suman os peches consumados de Siemens-Gamesa nas Somozas.

Un dato: a Autoridade Portuaria de Ferrol-San Cibrao pechou o 2020 cunha caída do 60% nos beneficios, pasando de 3,2 millóns de euros en 2019 a só 1,1 millóns o pasado ano.

Por todo o exposto, o Grupo Parlamentario Popular presenta a seguinte proposición non de lei en Comisión:



“O Parlamento de Galicia insta á Xunta de Galicia a demandar do Goberno de España a promover:

- 1.- A creación dunha Zona Franca no Porto de Ferrol, con especial tributación, como unha iniciativa clave no impulso da competitividade e o desenvolvemento das actividades industriais, comerciais e de servizo nas comarcas de Ferrolterra, Eume e Ortegal.
- 2.- Unha Plataforma Loxística Intermodal no Porto Exterior e a configuración dunha estrutura de colaboración público-privada que facilite as actividades loxísticas a custo competitivo (ZAL)”.

Santiago de Compostela, 9 de setembro de 2021

Parlamento de Galicia. Rúa Hórreo, 63 | 15701 Santiago de Compostela | Tel. 981 551 510

gp-pp@parlamentodegalicia.gal

 @gppgalicia

 @GrupoPopularGal



Asinado dixitalmente por:

Pedro Puy Fraga na data 09/09/2021 11:23:04

Miguel Ángel Tellado Filgueira na data 09/09/2021 11:23:22

José Manuel Rey Varela na data 09/09/2021 11:23:39

Diego Calvo Pouso na data 09/09/2021 11:23:54

Marta Nóvoa Iglesias na data 09/09/2021 11:24:08

Borja Vereza Fraiz na data 09/09/2021 11:24:23

José Antonio Armada Pérez na data 09/09/2021 11:24:41

Ovidio Rodeiro Tato na data 09/09/2021 11:24:57

Cristina Sanz Arias na data 09/09/2021 11:25:11

Sandra Vázquez Domínguez na data 09/09/2021 11:25:39

Parlamento de Galicia. Rúa Hórreo, 63 | 15701 Santiago de Compostela | Tel. 981 551 510

gp-pp@parlamentodegalicia.gal

 [@gppgalicia](https://www.facebook.com/gppgalicia)

 [@GrupoPopularGal](https://twitter.com/GrupoPopularGal)



Á Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentario Popular de Galicia** a través do seu **Portavoz** e por iniciativa dos deputados e deputadas, **Diego Calvo Pouso, Marisol Díaz Mouteira, Marta Nóvoa Iglesias, José Manuel Balseiro Orol, Ramón Carballo Páez, Rubén Lorenzo Gómez, Carmen Pomar Tojo, José Antonio Armada Pérez, José Luis Ferro Iglesias, Noelia Pérez López, Marta Rodríguez-Vispo Rodríguez e Borja Vereá Fraiz**, ao abeiro do disposto no artigo 160 e concordantes do Regulamento da Cámara, presenta ante esta Mesa a seguinte **proposición non de lei para o seu debate na Comisión 2ª, Ordenación Territorial, Obras Públicas, Medio Ambiente e Servicios**.

Exposición de motivos

Galicia padece un agravio comparativo en materia de infraestruturas viarias con respecto a outras comunidades autónomas polas peaxes das autoestradas estatais, que inciden negativamente na economía doméstica e reducen competitividade ás empresas, agravando o efecto da situación xeográfica periférica na que se atopa.

Unha das causas desta situación é a AP-9, que nos últimos anos sufriu subas extraordinarias de tarifas autorizadas polo Goberno de Pedro Sánchez e que, pese ás bonificacións que empezaron a aplicarse o pasado mes de xullo, continúa a ser unha das autoestradas máis caras de España.

A comezos de setembro dúas autoestradas estatais, de Aragón e de Cataluña, quedaban liberadas de peaxe pola fin da concesión, un feito que sitúa a Galicia como a comunidade con máis peaxes nas autoestradas estatais.

Mentres se liberan peaxes, vemos tamén como o Goberno de España pretende impoñer que os cidadáns paguen polo uso das autovías, o que afondaría aínda máis no agravio a Galicia.

Cómpre ter en conta, ademais, que os usuarios da outra autoestrada estatal da Comunidade, a AP-53, que vertebra o interior de Galicia e comunica Santiago de Compostela con Ourense, non se benefician de ningún desconto no tramo estatal que é de peaxe, entre Santiago e Dozón.

Por todo isto, o Grupo Parlamentario Popular, presenta a seguinte proposición non de lei en Comisión:

“O Parlamento de Galicia insta á Xunta de Galicia a demandar ao Goberno de España o establecemento de bonificacións nas peaxes da autoestrada estatal AP-53, que



vertebra o interior de Galicia, comunicando Santiago e Ourense, similares ás que se veñen de aplicar na AP-9, tendo especialmente en conta, aos usuarios recorrentes e aos transportistas e incluíndo ás familias numerosas”.

Santiago de Compostela, 9 de setembro de 2021

Asinado dixitalmente por:

Parlamento de Galicia. Rúa Hórreo, 63 | 15701 Santiago de Compostela | Tel. 981 551 510

gp-pp@parlamentodegalicia.gal

[@gppgalicia](https://www.facebook.com/gppgalicia)

[@GrupoPopularGal](https://twitter.com/GrupoPopularGal)



Pedro Puy Fraga na data 09/09/2021 13:11:02

Diego Calvo Pouso na data 09/09/2021 13:11:20

María Sol Díaz Mouteira na data 09/09/2021 13:11:35

Marta Nóvoa Iglesias na data 09/09/2021 13:11:49

José Manuel Balseiro Orol na data 09/09/2021 13:12:06

Ramón Carballo Páez na data 09/09/2021 13:12:21

Rubén Lorenzo Gómez na data 09/09/2021 13:12:40

Carmen María Pomar Tojo na data 09/09/2021 13:12:57

José Antonio Armada Pérez na data 09/09/2021 13:13:12

José Luis Ferro Iglesias na data 09/09/2021 13:13:32

Noelia Pérez López na data 09/09/2021 13:13:43

Marta Rodríguez Vispo Rodríguez na data 09/09/2021 13:14:00

Borja Vereá Fraiz na data 09/09/2021 13:14:11



A Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentario Popular de Galicia** a través do seu **Portavoz** e por iniciativa das deputadas e deputados, **Teresa Egerique Mosquera, José Manuel Balseiro Orol, Ana Belén García Vidal, Manuel Santos Costa, Alberto Pazos Couñago, Elena Suárez Sarmiento e Daniel Vega Pérez**, ao abeiro do disposto no artigo 160 e concordantes do Regulamento da Cámara, presenta ante esa Mesa, a seguinte **proposición non de lei para o seu debate na Comisión 8ª, Pesca e Marisqueo**.

Exposición de motivos

A finais de 2020, cando a Unión Europea e o Reino Unido anunciaron o seu acordo de pesca tralo Brexit, Noruega aproveitou para anunciar un recorte unilateral de mais de 6.700 toneladas de cota de bacallau en Svalbard, o que supón un 30% do que se viña pescando nos últimos anos.

Os buques que levan bandeira comunitaria terían asignadas 24.645 toneladas de bacallau para capturar en Svalbard, arquipélago no cal, a pesar de estar baixo control noruegués, a explotación dos seus recursos debe compartirse cos asinantes do Tratado de Svalbard, asinado en París hai máis de 100 anos. Non obstante, Noruega aproveitou o Brexit para recortar esta cota unilateralmente, deixando 17.885 toneladas para os armadores comunitarios.

Esa redución afectou á flota bacallaeira galega, que xunto a países como Francia, Alemaña, Portugal e Polonia, reaccionou cunha demanda de corrección contra o país nórdico, e lonxe de reaccionar rectificando, Noruega ameazou con detencións de buques comunitarios.

Foi entón cando a Unión Europea ameazou a Oslo con aranceis e advertiu a Noruega nunha nota verbal que, de persistir esa postura en Svalbard, imporá unha tarifa aos seus produtos.

A flota bacallaeira en Galicia xera máis de dous centos de postos de traballo en Vigo e a súa área. Falamos dunha flota reducida que move un negocio de máis de 20 millóns de euros, e está a sufrir unha grave ameaza, ademais de sufrir un trato discriminatorio e non xustificado.

Por todos estes motivos expostos, o Grupo Parlamentario Popular, presenta a seguinte proposición non de lei en Comisión:

“O Parlamento de Galicia insta á Xunta de Galicia a dirixirse ao Goberno de España para censurar diante da UE o comportamento do Goberno de Noruega sobre a flota



bacallaeira, así como para esixirle que se adopten medidas equivalentes de sanción fronte ao recorte unilateral de disposición de cotas de pesca de bacallau”.

Santiago de Compostela, 9 de setembro de 2021

Parlamento de Galicia. Rúa Hórreo, 63 | 15701 Santiago de Compostela | Tel. 981 551 510

gp-pp@parlamentodegalicia.gal

@gppgalicia

@GrupoPopularGal



Asinado dixitalmente por:

Pedro Puy Fraga na data 09/09/2021 13:18:22

Teresa Egerique Mosquera na data 09/09/2021 13:18:37

José Manuel Balseiro Orol na data 09/09/2021 13:18:48

Ana Belén García Vidal na data 09/09/2021 13:19:01

Manuel Santos Costa na data 09/09/2021 13:19:09

José Alberto Pazos Couñago na data 09/09/2021 13:19:17

María Elena Suárez Sarmiento na data 09/09/2021 13:19:29

Daniel Vega Pérez na data 09/09/2021 13:19:41

Parlamento de Galicia. Rúa Hórreo, 63 | 15701 Santiago de Compostela | Tel. 981 551 510

gp-pp@parlamentodegalicia.gal



A Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentario Popular de Galicia** a través do seu **Portavoz** e por iniciativa das deputadas e deputados, **Teresa Egerique Mosquera, José Manuel Balseiro Orol, Ana Belén García Vidal, Manuel Santos Costa, Alberto Pazos Couñago, Elena Suárez Sarmiento e Daniel Vega Pérez**, ao abeiro do disposto no artigo 160 e concordantes do Regulamento da Cámara, presenta ante esa Mesa, a seguinte **proposición non de lei para o seu debate na Comisión 8ª, Pesca e Marisqueo**.

Exposición de motivos

Noruega autoasignouse 298.299 toneladas de cabala para este ano, o que supón que disporá do 35% do total para as augas do Atlántico Nordeste e que incrementa nun 55% as súas posibilidades de captura.

Este feito foi replicado por Islandia e illas Feroe, que se autoasignaron tamén cota de cabala para a súa pesca polos buques da súas bandeiras, saltando os acordos dos países ribeiregos de NEAFC e as recomendacións de ICES tradicionalmente respectadas.

O feito de que Noruega, Islandia e Feroe se autoasignasen cota de xarda, reflicte un deterioro das relacións pesqueiras coa Unión Europea e supón un ataque á xestión sostible da pesqueira, en todos os seus aspectos (ambiental, social e económico).

A xarda é unha especie compartida por varios Estados do Atlántico nordeste, entre eles Noruega, Islandia, Feroe e os países da Unión Europea, de ahí que estas decisións inflúan aos Estados membros, especialmente a aqueles cunha actividade pesqueira na zona.

Consideramos que a Unión Europea debe actuar de xeito inmediato (como fixo en ocasións precedentes con Feroe e Islandia) con sancións pois esta situación pode servir de precedente en relacións futuras relacionadas con esta e outras especies e iso é sumamente prexudicial.

Por todos estes motivos expostos, o Grupo Parlamentario Popular, presenta a seguinte proposición non de lei en Comisión:

“O Parlamento de Galicia insta á Xunta de Galicia a dirixirse ao Goberno de España para censurar diante da UE o comportamento dos Gobernos de Noruega, Islandia e Illas Feroe na asignación de cota de cabala, así como para esixirle que se adopten



medidas equivalentes de sanción fronte a Noruega, Islandia e Illas Feroe ante esta decisión unilateral”.

Santiago de Compostela, 9 de setembro de 2021

Asinado dixitalmente por:

Pedro Puy Fraga na data 09/09/2021 13:23:00

Teresa Egerique Mosquera na data 09/09/2021 13:23:16

Parlamento de Galicia. Rúa Hórreo, 63 | 15701 Santiago de Compostela | Tel. 981 551 510

gp-pp@parlamentodegalicia.gal



José Manuel Balseiro Orol na data 09/09/2021 13:23:26

Ana Belén García Vidal na data 09/09/2021 13:23:39

Manuel Santos Costa na data 09/09/2021 13:23:48

José Alberto Pazos Couñago na data 09/09/2021 13:23:55

María Elena Suárez Sarmiento na data 09/09/2021 13:24:05

Daniel Vega Pérez na data 09/09/2021 13:24:22



A Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentario Popular de Galicia** a través do seu **Portavoz** e por iniciativa das deputadas e deputados, **Teresa Egerique Mosquera, José Manuel Balseiro Orol, Ana Belén García Vidal, Manuel Santos Costa, Alberto Pazos Couñago, Elena Suárez Sarmiento e Daniel Vega Pérez**, ao abeiro do disposto no artigo 160 e concordantes do Regulamento da Cámara, presenta ante esa Mesa, a seguinte **proposición non de lei para o seu debate na Comisión 8ª, Pesca e Marisqueo**.

Exposición de motivos

Dende Galicia veuse traballando, desde a colaboración entre sector marítimo-pesqueiro e a Consellería do Mar, nunha modificación da normativa que permitise flexibilizar tanto a regularización das embarcacións cuxos datos non coincidían cos do seu rexistro como de obter maior adecuación nas súas disposicións de potencia ou arqueo de cara a efectuar as súas tarefas marisqueiras ou pesqueiras.

É certo que se produciron certas sancións a varias embarcacións alegando exceso de cabalaxe nos seus motores, e tamén é certo que a Consellería do Mar mediou ante a Secretaría General de Pesca e coa Dirección General de Marina Mercante para intentar habilitar unha lista específica que contemplase as embarcacións que faenan a marisqueo e/ou a recursos específicos, co obxectivo de buscar unha posible solución para estes barcos que contan cunha estrita limitación de potencia.

Somos coñecedores de que os titulares de embarcacións destinadas á extracción de recursos específicos e marisqueo solicitan un aumento da potencia dos seus motores por unha cuestión de seguridade no traballo, pois resulta máis doado escapar das ondas en caso de mal tempo cando o motor posúe maior potencia.

Por outra banda, o exercicio de marisqueo a flota esixe de faenar en zonas de escaso calado, o que impide que moitas veces poidan acceder cos barcos, facendo recomendable o uso de outras embarcacións de menor porte. Podemos concluír que estamos ante unha reivindicación xusta que busca garantir o traballo destes mariscadores nunhas condicións de maior certeza, fiabilidade e operatividade.

Pola súa banda, e tras as peticións formuladas polo sector pesqueiro galego e pola Consellería do Mar, a Secretaría General de Pesca accedeu a analizar o tema, propoñendo unha modificación do Real Decreto de Ordenación Pesqueira en orde a efectuar a consideración como auxiliares de lista 4ª dos buques que se utilizan para capturas de percebe, algas, ourizos, a similitude dos buques auxiliares de coral, empregados de facto para acercar aos mariscadores alí onde se atopa o recurso.



Por todo o exposto, o Grupo Parlamentario Popular presenta a seguinte proposición non de lei en Comisión:

“O Parlamento de Galicia insta á Xunta de Galicia a demandar ao Goberno de España a aprobar de modo urxente a modificación do Real Decreto de Ordenación Pesqueira de cara a regular de xeito rápido a creación dunha lista específica de embarcacións có obxectivo de dar solución ao procedemento de adecuación das disposicións normativas sobre a potencia e/ou arqueo das embarcacións que faenan a marisqueo e/ou recursos específicos”.

Santiago de Compostela, 9 de setembro de 2021

Parlamento de Galicia. Rúa Hórreo, 63 | 15701 Santiago de Compostela | Tel. 981 551 510

gp-pp@parlamentodegalicia.gal

 [@gppgalicia](https://www.facebook.com/gppgalicia)

 [@GrupoPopularGal](https://twitter.com/GrupoPopularGal)



Asinado dixitalmente por:

Pedro Puy Fraga na data 09/09/2021 14:14:20

Teresa Egerique Mosquera na data 09/09/2021 14:14:35

José Manuel Balseiro Orol na data 09/09/2021 14:14:43

Ana Belén García Vidal na data 09/09/2021 14:14:55

Manuel Santos Costa na data 09/09/2021 14:15:03

José Alberto Pazos Couñago na data 09/09/2021 14:15:10

María Elena Suárez Sarmiento na data 09/09/2021 14:15:21

Daniel Vega Pérez na data 09/09/2021 14:15:35

Parlamento de Galicia. Rúa Hórreo, 63 | 15701 Santiago de Compostela | Tel. 981 551 510

gp-pp@parlamentodegalicia.gal

 [@gppgalicia](https://www.facebook.com/gppgalicia)

 [@GrupoPopularGal](https://twitter.com/GrupoPopularGal)





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

As deputadas e deputados abaixo asinantes, pertencentes ao **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no artigo 52.1 do Regulamento da Cámara, solicitan a creación dunha **Comisión de investigación** para analizar as causas, consecuencias e responsabilidades do abrupto baleirado de encoros no ano 2021, así como as medidas a impulsar para a súa compensación e non repetición.

Exposición de motivos

Durante o ano 2021, singularmente no período estival, diversos encoros galegos foron baleirados de forma abrupta e premeditada por decisión das diferentes compañías hidroeléctricas que os explotan. Este foi o caso, entre outros, do encoro da Cenza, de Portas ou do Bao no Macizo Central ourensán, de Belesar en Portomarín ou de Salas no Xurés.

Este abrupto baleirado, que continúa no momento de rexistrar esta solicitude, non foi inocuo senón que precipita importantes e graves consecuencias en diferentes ámbitos. É de salientar a súa afectación no desenvolvemento da vida das poboacións dos territorios nos que están instalados, onde ademais este modelo de explotación dos recursos sen retorno ao territorio agravou a crise demográfica. Desta forma, o baleirado repercutiu negativamente nas súas actividades sociais e económicas, desde o turismo ou a pesca á práctica do deporte e do lecer. Por outra banda, un ámbito fundamental onde as repercusións negativas son evidentes é o relacionado co medio ambiente e o mantemento dos ecosistemas, pola súa afectación ás masas de auga, á fauna e á flora. Esta afectación é máis grave aínda se temos en conta que a instalación





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

desta gran hidráulica afectou espazos altamente valiosos do punto de vista medioambiental que agora sofren un novo impacto. Finalmente, é de salientar tamén os efectos negativos noutras esferas como a dotación de medios para a extinción de lumes forestais.

Esta situación reviste unha importante gravidade non só do punto de vista da ausencia de responsabilidade das empresas privadas que acaparan o mercado eléctrico e a súa explotación, senón tamén do punto de vista do abandono da xestión e intervención pública por parte do goberno galego e central, en evidente convivencia co oligopolio. Así as cousas, o goberno da Xunta de Galiza e o goberno do Estado (singularmente a Confederación Hidrográfica do Miño-Sil) eran coñecedores de que se ía dar esta situación e non tomaron medidas preventivas. Máis aínda, a situación agravouse ao longo dos meses de agosto e setembro sen que se tomasen en tempo e forma medidas que forzasen unha rectificación por parte das empresas nin unha intervención pública real. A Xunta debe explicar porque tardou máis de 15 días en impulsar ningunha actuación aínda sabendo de antemán os riscos existentes e os datos previsíbeis.

Así mesmo, é necesario incardinar estes feitos nun contexto de escalada do prezo da enerxía onde se fai evidente -e así o sinalan diversos organismos como a propia Comisión Nacional dos Mercados e dos Valores- o emprego do estado das centrais hidroeléctricas como un factor de especulación dos prezos nu mes de agosto de 2021 que xa é dos máis caros da historia e que aínda así non impediu que nos primeiros días de setembro se sucederan novos récords tarifarios.

Galiza ten 45 centrais de gran hidráulica, e as poboacións e ecosistemas afectados non poden ficar ao libre albedrío de empresas privadas e dos seus intereses. Con estes acontecementos, Galiza atravesa novas consecuencias dun modelo





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

enerxético espoliador e depredador no que sitúa o recurso pero o beneficio é netamente privado e cun impacto ambiental, social e económico negativo, véndose penalizada por este rol.

Polo tanto, é necesario depurar as responsabilidades e avaliar non só as consecuencias e medidas no inmediato, senón tamén que pasos é necesario dar a nivel estrutural no marco dun cambio de modelo enerxético que debe mudar a xestión respecto da enerxía hidráulica e dos recursos hídricos e atender as necesidades da crise climática e dun cambio socioeconómico onde a enerxía deixe de ser un ben de especulación.

Por todo isto, as deputadas e os deputados abaixo asinantes solicitan a creación dunha constitución dunha **Comisión de investigación** para analizar as causas, consecuencias e responsabilidades do abrupto baleirado de encoros no ano 2021, así como as medidas a impulsar para a súa compensación e non repetición.

Santiago de Compostela, 8 de setembro de 2021

Asdo.: **Ana Pontón Mondelo**

Olalla Rodil Fernández

Manuel Lourenzo Sobral

Carmen Aira Díaz

Luis Bará Torres

Iria Carreira Pazos

Daniel Castro García





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Ramón Fernández Alfonso
Alexandra Fernández Gómez
María González Albert
Carme González Iglesias
Rosana Pérez Fernández
Daniel Pérez López
Montserrat Prado Cores
Noa Presas Bergantiños
Mercedes Queixas Zas
Paulo Ríos Santomé
Xosé Luis Rivas Cruz
Iago Tabarés Pérez-Piñeiro

Asinado dixitalmente por:

Ana Pontón Mondelo na data 08/09/2021 10:46:30

Noa Presas Bergantiños na data 08/09/2021 10:47:54

María González Albert na data 08/09/2021 10:51:36

Iago Tabarés Pérez-Piñeiro na data 08/09/2021 10:51:45

Paulo Ríos Santomé na data 08/09/2021 10:51:56





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

María do Carme González Iglesias na data 08/09/2021 10:52:40

Manuel Antonio Lourenzo Sobral na data 08/09/2021 10:52:49

Alexandra Fernández Gómez na data 08/09/2021 10:52:56

María Montserrat Prado Cores na data 08/09/2021 10:53:05

Xosé Luis Bará Torres na data 08/09/2021 10:53:15

María del Carmen Aira Díaz na data 08/09/2021 10:53:23

Daniel Castro García na data 08/09/2021 10:53:33

Olalla Rodil Fernández na data 08/09/2021 10:53:44

Xosé Luis Rivas Cruz na data 08/09/2021 10:53:54

Iria Carreira Pazos na data 08/09/2021 10:54:05


Daniel Pérez López na data 08/09/2021 10:54:15

Ramón Fernández Alfonzo na data 08/09/2021 10:54:26

Rosana Pérez Fernández na data 08/09/2021 10:54:35

Mercedes Queixas Zas na data 08/09/2021 10:54:46





PARLAMENTO
DE GALICIA

BOLETÍN OFICIAL DO
PARLAMENTO DE GALICIA

Edición e subscricións:

Servizo de Publicacións do Parlamento de Galicia. Hórreo, 63. 15702. Santiago de Compostela.

Telf. 981 55 13 00. Fax. 981 55 14 25

Dep. Leg. C-155-1982. ISSN 1133-2727

